

FERVENZAS 28
Revista galega
de Traballo
Social

DECEMBRO 2025



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia



XUNTA DE GOBERNO

Presidencia: Miriam Rodríguez Sierra

Secretaría: María Rosario Capelo Casas

Vicepresidencia: Ana María Vilar Varela

Tesouraría: Antonio Doval Canabal

Vogal: María González Borrajo

Vogal: Cristina Díaz Mira

Vogal: Elena Gómez Fernández

Vogal: María Isabel Fernández Lema

Vogal: Beatriz Vázquez Vázquez

MESA DE REDACCIÓN

Responsable da edición

Miriam Rodríguez Sierra

Coordinadora da edición

María Olivares Lemos

María Elena Puñal Romarís

María Xosé Vázquez Vázquez

Francisco Xabier Aguiar Fernández

Ana María Rodríguez González

Diana Morela Escobar Arias

EDITA

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Rúa Dublín, 6, baixo, 15707 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 56 81 00

E-mail: fervenzas@traballosocial.gal

DATA DE PUBLICACIÓN

Decembro 2025

Deseña: Colexio oficial de Traballo Social de Galicia

ISSN: 1698 – 5087 **ISSN electrónico:** 2254 - 7657

Dep. Legal: C-1.8884/97

Fervenzas non se responsabiliza das opinión expresadas das/dos autoras/es, nin se identifica necesariamente cos contidos dos textos publicados.



SUMARIO

NÚMERO 28

LIMIAR..... 4

ARTIGOS

Traballo Social Grupal e Comunitario con Persoas Inmigrantes e solicitantes de
Protección internacional na cidade de Ourense

Ainhoa Vieites Vidal 7

Tecendo a resistencia: Mulleres saharauís e o seu rol na comunidade dende a
perspectiva do Traballo Social

Ana Ponte Suárez 33

Visión e coñecemento do alumnado de Traballo Social sobre a Mutilación
Xenital Feminina (MXF)

Elisa Gómez Albarte..... 61

O maltrato animal como unha forma de violencia de xénero

Zayra Gil Delgado 81

Violencia de xénero en mulleres maiores de 65 anos: Unha revisión sistemática
dende o Traballo Social

Lucía Conde Ledo

Yolanda García Vázquez..... 104

O valor engadido do Traballo Social nas Unidades de Coidados Paliativos. Unha
mirada dende o Equipo Interdisciplinar da UCP da Área Sanitaria de Ferrol

Emma Lamas Maceiras

Susana Carreiras Rivas..... 124

A autodeterminación das persoas adultas en situación de dependencia: Unha
perspectiva dende o Traballo Social

Sara López Fernández 154

PREMIOS DÍA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL 2025

Modalidade TFG/TFM



Abordaxe social nas conductas suicidas en persoas trans. Unha revisión bibliográfica narrativa

Alba Muñiz Sebares 187

Modalidade Boas Prácticas

Colexio do Benquerer. Proxecto de educación afectivo sexual para 5º e 6º de primaria

Diana Rodríguez Losada 221

EN REDE

Plataforma Ulloa Viva 240

Asociación Arrainas 242

RECENSIONES DE PUBLICACIONES

O Consentimento de Vanesa *Springora*

Jennifer Santín Vivero 245

FICHAS DE INVESTIGACIÓN

Valores, dereitos humanos e práctica política en profesionais do Traballo Social en España

Evelia Murcia Álvarez 248

O Traballo Social como posibilitador da vida independente. Asistencia persoal en España cunha mirada aos dereitos da infancia

Breogán Riobóo Lois 233

ESPAZO ABERTO

Aquí nunca pasa nada da Compañía Teatro sin Papeles

Jennifer Santín Vivero 261

Prezadas compañeiras/os:

Chega ás vosas mans o número vinte oito da Revista Galega de Traballo Social, Fervenzas, un número no que se recompilan artigos de diversas áreas de intervención en plena actualidade no ámbito de Traballo Social.

Comprácenos abrir este número da revista da man de Ainhoa Vieites Vidal, co seu artigo *Traballo Social Grupal e Comunitario con Persoas Inmigrantes e Solicitantes de Protección internacional na cidade de Ourense*, un traballo que pretende revelar a importancia das redes de apoio nos grupos sociais.

Continúa a revista co artigo *Tecendo a resistencia: Mulleres saharauís e o seu rol na comunidade dende a perspectiva do Traballo Social* coa autoría de Ana Ponte Suárez no cal aborda as experiencias de vida de 3 mulleres saharauís sobre a loita diaria nun contexto de conflito bélico e exilio.

Neste número ides atoparvos con tres artigos que abordan a violencia de xénero contra as mulleres dende diversas miradas. En primeiro lugar Elisa Gómez Alberte achéganos un artigo no que recolle a *Visión e coñecemento do alumnado de Traballo Social sobre a Mutilación Xenital Feminina*. Zayra Gil Delgado realiza unha revisión teórica que analiza *a interconexión entre o maltrato animal e a violencia de xénero*. E por último Lucía Conde Ledo e Yolanda García Vázquez realizan unha revisión sistemática dende o *Traballo Social sobre a bibliografía actual existente en materia de violencia de xénero exercida en mulleres maiores*.

Emma Lamas Maceira e Susana Carreira Rivas achegan un artigo para visibilizar a figura do *Traballo Social Sanitario como parte das Unidades de Coidados Paliativos* e concretamente achegan unha mirada dende o Equipo Interdisciplinar da UCP da Área Sanitaria de Ferrol

Continua a revista co artigo *A autodeterminación das persoas adultas en situación de dependencia: Unha perspectiva dende o Traballo Social* no que Sara López Fernández, danos a coñecer a situación da preservación da autodeterminación das persoas adultas en situación de dependencia dende o marco legal, familiar e do Traballo Social.

Presentamos como ven sendo habitual, os traballos premiados no Día Mundial do Traballo social do ano 2025. Nesta convocatoria na modalidade de TFG/TFM o traballo premiado foi o de Alba Muñiz Sebares: *Abordaxe social das conductas suicidas*

en persoas trans . Na modalidade de Boas Prácticas a proposta premiada foi *Colexio do Benquerer. Proxecto de educación afectivo sexual para 5º E 6º de primaria* de Diana Rodríguez Losada.

Seguidamente na sección en Rede danse a coñecer a *Plataforma Ulloa Viva*, unha plataforma veciñal que ten como obxectivo a defensa do territorio e dos seus valores ambientais, patrimoniais , culturais e sociais e *Arraianas*, unha asociación que traballa pola xustiza social e os dereitos humanos, especialmente con persoas mígrante e mulleres.

Seguidamente, na sección de Recensións de publicacións Jennifer Santín Vivero, presenta unha recensión do libro *O Consentimento* onde a súa autora Vanesa Springora relata coma aos trece anos quedou baixo o dominio psíquico e sexual do encumbrado escritor Gabriel Matzneff, un notorio pedófilo tres décadas mayor. Un libro que supuxo un seísmo no ámbito intelectual francés e rompe con décadas de silencio sobre os abusos sexuais sufridos por rapazas menores de idade coa convivencia de persoeiros importantes da literatura dese país.

Pechamos este número con dúas fichas das teses de doutoramento. En primeiro lugar Evelia Murcia Santiago coa súa tese *Valores, dereitos humanos e práctica política en profesionais do Traballo Social en España*. E en segundo lugar a tese de Breogán Riobóo Lois *O Traballo Social como posibilitador da vida independente. Asistencia persoal en España cunha mirada aos dereitos da infancia*.

En Espazo aberto achegamos un comentario de Jennifer Santín Vivero sobre a obra de teatro *Aquí nunca pasa nada da Compañía Teatro sin Papeles*.

De novo, agardamos que este novo número da Revista sexa do voso interese, e damos as grazas a todas as persoas que colaboraron na súa realización. Finalmente, alentámosvos a facernos chegar para os próximos números de Fervenzas os vosos traballos de cara a continuar a compartir e visibilizar as vosas investigacións, reflexións a vosa valiosa labor profesional.

A MESA DE REDACCIÓN



ARTIGOS

TRABALLO SOCIAL GRUPAL E COMUNITARIO CON PERSOAS INMIGRANTES E SOLICITANTES DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL NA CIDADE DE OURENSE

**TRABAJO SOCIAL GRUPAL Y COMUNIRATIO CON PERSONAS INMIGRANTES Y
SOLICITANTES DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL EN LA CIUDAD DE OURENSE**

**GROUP AND COMMUNITY SOCIAL WORK WITH IMMIGRANTS AND APPLICANTS
FOR INTERNATIONAL PROTECTION IN THE CITY OF OURENSE**

Ainhoa Vieites Vidal - Traballadora social

ainhoa.vieites.vida@hotmail.com

RESUMO

A presente investigación derivada dun TFG, pretende revelar a importancia das redes de apoio dentro dos grupos sociais, e de fomentar vínculos grupais e comunitarios coas persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional. O obxectivo principal do estudo é o de analizar as prácticas existentes do traballo social comunitario e grupal nas entidades do Terceiro Sector que traballan con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional na cidade de Ourense, así coma coñecer cal é o papel que adoptan as profesionais. Realizouse un estudo cualitativo empírico a través de entrevistas semiestruturadas a oito profesionais de diversas entidades do Terceiro Sector da cidade de Ourense. Os resultados mostran que as entidades levan a cabo actividades grupais formativas, lúdicas e de apoio mutuo, facilitando o sentido de comunidade e de pertenza entre as persoas participantes. Ademais, obsérvase coma as actuacións de sensibilización e comunitarias interculturais fomentan o respecto mutuo, a creación de vínculos coa sociedade de acollida, e deconstruír discursos de odio e prexuizos.

PALABRAS CHAVE

Persoas inmigrantes, protección internacional, grupos, comunidade, entidades do terceiro sector.

RESUMEN

Esta investigación derivada de un TFG pretende revelar la importancia de las redes de apoyo dentro de los grupos sociales, y de fomentar vínculos grupales y comunitarios con las personas inmigrantes y solicitantes de protección internacional. El objetivo principal del estudio es el de analizar las prácticas existentes del trabajo social comunitario y grupal en las entidades del tercer sector que trabajan con población inmigrante y solicitante de protección internacional en la ciudad de Ourense, así como conocer cuál es el papel que adoptan las profesionales. Se realizó un estudio empírico a través de entrevistas semi-estructuradas a 8 profesionales de diversas entidades del tercer sector de la ciudad de Ourense que habían trabajado con la población objetivo. Los resultados muestran que las entidades llevan a cabo actividades grupales formativas, lúdicas y de apoyo mutuo, facilitando el sentido de comunidad y de pertenencia entre las personas participantes. Además, se observa como las actuaciones de sensibilización y comunitarias interculturales fomentan el respeto mutuo, la creación de vínculos con la sociedad de acogida, deconstruyen discursos de odio y perjuicios.

PALABRAS CLAVE

Personas inmigrantes, protección internacional, grupos, comunidad, entidades del tercer sector.

ABSTRACT

This research derived from a TFG aims to reveal the importance of support networks within social groups, and of fostering group and community ties with immigrants and applicants for international protection. The main objective is to analyze the existing practices of community and group social work in third sector entities working with immigrant population and applicants for international protection in the city of Ourense, as well as knowing the role of professionals. An empirical study was conducted through semi-structured interviews with 8 professionals from various entities in the third sector of the city of Ourense who had worked with the target population. The results show that the entities carry out group activities of formation, play and mutual support, facilitating the sense of community and belonging among the participants. In addition, awareness-

raising and intercultural community activities promote mutual respect, the creation of links with the host society and deconstruct hate speech and prejudice.

KEYWORDS

Immigrants, international protection, community, third sector entities.

INTRODUCCIÓN

A cidadanía estase redefinindo no marco da globalización nun contexto de fluxos migratorios crecentes, a intensificación dos vínculos transnacionais e pola tensión entre as formas de xestión neoliberal e aquelas baseadas na defensa da xustiza social (Peláez e Sanz, 2018, pp. 49-55). Actualmente, existe a necesidade de recoñecer os procesos migratorios e contextos culturais das persoas migrante, para que as profesionais adopten competencias interculturais na súa práctica (Lacomba, 2020, p. 308), xa que, a finalidade do traballo social, sería a loita contra as situacións de exclusión social, promovendo a xustiza social, o fortalecemento das redes de apoio e vínculos comunitarios (Rodríguez, 2016, p. 66).

Este estudo está composto en dúas partes, por unha banda abordarase unha revisión teórica para profundar na realidade actual da poboación inmigrante e solicitante de protección internacional, así coma, unha revisión do traballo social grupal e comunitario con esta poboación. Por outra banda, existe unha parte de investigación cualitativa, cunha metodoloxía de carácter descritivo-exploratoria a través das 8 entrevistas semiestruturadas realizadas ás profesionais de entidades do terceiro sector da cidade de Ourense. Tamén realizarase un apartado adicado aos resultados acadados, a discusión dos datos recollidos no proceso de revisión teórica e metodolóxica, e, por último, procuraróñse resolver os obxectivos de investigación a través dun apartado de conclusións finais.

Con todo este traballo, preténdese facer visible as múltiples realidades que vive esta poboación e, a necesidade de xerar novas prácticas de tipo comunitario e grupal dentro da disciplina do Traballo Social e nas entidades do terceiro sector, co fin último de

abordar os novos contextos comunitarios que actualmente imperan dentro da Galiza e, sobre todo, en Ourense.

1. OBXECTIVOS DE INVESTIGACIÓN

Obxectivo xeral:

- Analizar as prácticas existentes do traballo social grupal e comunitario con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional na cidade de Ourense e o papel que adoptan as profesionais do traballo social.

Obxectivos específicos:

- Coñecer as demandas e necesidades da poboación inmigrante e solicitante de protección internacional na cidade de Ourense.
- Identificar as prácticas comunitarias e grupais existentes nas diversas entidades sociais da cidade de Ourense con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional.
- Describir o papel e as boas prácticas dende o Traballo Social.

2. MARCO TEÓRICO

2.1. Poboación Inmigrante e Solicitante de Protección Internacional: Significados e Realidades.

A Organización Internacional para as Migracións (OIM), define o termo migrante como “toda persoa que se cambia do seu lugar de residencia habitual, xa sexa dentro do seu país ou a través dunha fronteira internacional, de maneira temporal ou permanente, e por diversas razóns” (OIM, 2023). Autores coma Peláez e Sanz (2018), indican que “a migración é sen dúbida un dos fenómenos ambivalentes que máis ten modificado a sociedade española” (p. 47).

Lacomba (2020), comenta o feito de que existen múltiples diversidades dentro da poboación inmigrante, dende inmigración económica ata menores non acompañados, refuxiados e determinados grupos de poboación con vulnerabilidades diversas (p.309).

Actualmente, existen múltiples tipos de desprazamentos, orixinados por diversas causas. A diferenza fundamental entre unha persoa denominada coma inmigrante e unha persoa refuxiada enténdese no feito en que esta segunda sae do seu país debido a temores fundados de ser perseguida. Por todo isto, as necesidades e os procesos migratorios poder ser diferenciados (Sánchez, 2018, p.112).

Como sinala Montes (2022), a migración non só comprende un cambio de contexto, senón que involucra unha transformación central na vida da persoa, alterando a súa vida, a concepción de si mesma, e a forma na que se interrelaciona con outras persoas. Deste xeito, o proceso migratorio converxe un conxunto de perdas e ganancias para a propia persoa (pp. 24-26). As identidades e construcións culturais da persoa vense fragmentadas ao intentar relacionarse coa sociedade receptora, emerxendo unha dicotomía entre as dúas realidades da persoa. Estes cambios aos que a persoa vese na obriga de afrontar dan lugar ao denominado dó migratorio; comprendido coma unha “situación de estrés e frustración que somete á persoa que migra a cambios múltiples e permanentes ao mesmo tempo”. Entre os factores influíntes que ocasionan o nacemento desta situación, cómpre salientar a situación administrativa da persoa na sociedade de acollida, a existencia ou inexistencia de redes sociais de apoio, o nivel de comunicación e habilidades sociais que ten a persoa, o seu desenvolvemento profesional etc. (Montes, 2022, p. 28).

É salientable o feito de que as persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional afrontan dificultades no proceso de adaptación á sociedade de acollida. Esta dificultade é debido a diversos factores como: “o descoñecemento do idioma de acollida, a falta de regularización administrativa, as dificultades para acceder a un emprego digno e o debilitamento coa rede de apoio có país de orixe” (Maya *et al.*, 2013, p. 87). Con todo, a dificultade de adaptación aos ritmos e formas de facer da sociedade de acollida acaba xerando situacións de exclusión social. Estas situacións de exclusión funcionan como “fenda para a integración comunitaria, reducindo os estímulos para a identificación coas comunidades de referencia” (Maya *et al.*, 2013, p. 77).

Ao falar da poboación inmigrante e solicitante de protección internacional, cómpre destacar o feito de que a fronteira da nacionalidade existe e emprégase en

determinadas ocasións como vara de medir dentro dos procesos de inclusión e exclusión da vida social e económica da sociedade, onde a característica de nacionalidade usase co obxectivo de negar dereitos (Peláez e Sanz, 2018, p. 48). Trátase da existencia dun acceso diferencial a recursos segundo cada grupo e perfil migratorio. Igualmente, a cidadanía estase redefinindo no marco da globalización nun contexto de fluxos migratorios crecentes, a intensificación dos vínculos transnacionais e pola tensión entre as formas de xestión neoliberal e aquelas baseadas na defensa da xustiza social (Peláez e Sanz, 2018, p. 49). Moitas veces, as políticas públicas migratorias reproducen o etnocentrismo e androcentrismo occidental, illando as persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional. Dende esta visión, Peláez e Sanz (2018), afirman que “o emprego e o traballo convértense no principal criterio que xustifica a inclusión e os dereitos cidadáns” (p. 55).

Tendo en conta afirmacións coma que “os ordenamentos xurídicos son un dos principais moldeadores e organizadores das traxectorias sociais e das oportunidades vitais das persoas inmigrantes” (Peláez e Sanz, 2018, p. 52), é importante, mencionar a regulación xurídica estatal en materia de inmigración. Nesta, existe a Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, sobre os dereitos e as liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, o artigo 14.2 afirma que “os estranxeiros residentes teñen dereito aos servizos e ás prestacións sociais, tanto ás xerais e básicas como ás específicas, nas mesmas condicións que os españois” (Lei orgánica 2/2009, Boletín Oficial do Estado, 2009). Así mesmo, a lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e a protección subsidiaria, recolle a definición da condición de refuxiado como “toda persoa que, debido a fundados temores de ser perseguida por motivos de raza, relixión, nacionalidade, opinións políticas, pertenza a un determinado grupo social, xénero, orientación sexual e/ou identidade sexual, encóntrase fóra do país da súa nacionalidade e non pode ou, a causa de ditos temores, non quere acollerse á protección do seu país de orixe ” (Lei 12/2009, Boletín Oficial do Estado, 2009).

Tras facer esta breve revisión normativa española, cómpre observar a visión que a sociedade ten sobre este fenómeno migratorio. A sociedade concibe a mobilidade dende unha visión prexudicial, coma unha crise migratoria (Lacomba, 2020, p. 319). O imaxinario colectivo dos países de acollida de persoas inmigrantes é concibido dende un

valor produtivo (utilitarista), que acaba desbotando as riquezas culturais e sociais que xorden ao interrelacionarse. Deste xeito, acabase impondo obrigas a un sector da cidadanía que acaba botando por terra o dereito a escoller o seu propio destino (Gascón, 2006, p. 99). Por outra banda, existe a visión dos movementos migratorios coma unha contribución cara unha nova orde social, xerando unha sociedade máis intercultural, diversa e flexible (Gascón, 2006, p. 99).

2.2. Sinerxías coas Comunidades: O papel do Traballo Social

No contexto social actual, os denominados horizontes colectivos e os intereses xerais desaparecen, polo que as persoas acaban procurando solucións de carácter individual (Marchioni *et al.*, 2013, p. 62). Deste xeito, é imprescindible loitar contra o debilitamento dos vínculos sociais e o aumento de situacións de desigualdade, empregando a Intervención Comunitaria coma ferramenta de “mellora das condicións de vida da poboación interesada” (Marchioni *et al.*, 2013, p. 59). Igualmente, debe existir unha reflexión sobre o papel que xoga o Traballo Social dentro deste proceso de intervención en comunidades multiculturais, debido a que, “lonxe de ser neutro, ten unha dimensión política, que produce subxectividades e é, en si mesmo, un mecanismo importante no goberno do social” (Peláez e Sanz, 2018, p. 52).

Segundo a autora Rodríguez (2016), “o traballo social contempla, un conxunto de principios e fundamentos dos dereitos humanos e unha ética do compromiso coa cidadanía, co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos cidadáns” (p. 66). Así, a finalidade do traballo social sería a loita contra as situacións de exclusión social, promovendo a xustiza social, o fortalecemento das redes de apoio e vínculos comunitarios (p. 66). Noutras palabras, existe unha necesidade de recoñecer os procesos migratorios e contextos culturais, para que as profesionais adopten competencias interculturais na súa práctica (Lacomba, 2020, p. 308). Por outra banda, descríbese coma abordar unha metodoloxía propia dende o Traballo Social para o acompañamento social con poboación migrante é indispensable, debido a que permite comprender o dó migratorio coma un tránsito da persoa, e non coma un compoñente negativo de saúde mental (Montes, 2022, pp. 25-33).

Considérase que a intervención individual e familiar debe ser conectada coa comunitaria, propiciando que as persoas, familias e grupos sexan partícipes nas dinámicas de acción social comunitaria (Gascón, 2006, p. 104). Autores coma Maya *et al.* (2013), afirman que: as persoas que desenvolven unha identificación positiva coa contorna comunitaria adoitan dispoñer de maior percepción de control e mellores estratexias de afrontamento ante o estrés. Inclusive, o sentido de comunidade relaciónase cunha mellor situación do barrio en termos de participación, organización comunitaria e necesidades sociais. Polo que, os barrios máis cohesivos e organizados están máis capacitados para absorber nova poboación (pp. 77-78).

O Traballo Social é concibido como unha disciplina orientada cara á transformación social das relacións de desigualdade e dominación, na que a participación da poboación nos seus propios procesos resulta imprescindible. Por ese motivo, as intervencións deben orientarse cara unha “inclusión en equidade” (Peláez e Sanz, 2018, p. 56). Entre as propostas dende o traballo social con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional nos últimos anos, “recupéranse elementos relacionados co traballo comunitario, coma a creación de redes ou de grupos de axuda mutua e auto-axuda, mentres que outras incorporan enfoques de empoderamento, capacidades, dereitos ou xénero”. Ao mesmo tempo, a participación da poboación na acción comunitaria toma en conta o recoñecemento das potencialidades das persoas coma suxeitos activos de dereito (Lacomba, 2020, pp. 308-309).

Coma afirma a autora Rossel (1998), a participación nos grupos promóvese con persoas en situacións vitais, problemas e intereses comúns, para que poidan mellorar a súa situación persoal. Este traballo social grupal pretende promover a axuda mutua, capacitando aos seus membros na mellora da súa participación e presenza social (pp. 103-104). Esta mesma autora identifica catro tipoloxías metodolóxicas dentro do traballo social grupal: os grupos socioterapéuticos dirixidos cara mellorar “as vivencias e a participación social da persoa, desenvolvendo as capacidades persoais”, así coma, os grupos socioeducativos, que promoven a adquisición de “hábitos e habilidades que os membros do grupo non posúen”. Por outro lado, os grupos de acción social, nos que acadar obxectivos sociais acaba sendo a finalidade principal. Por último, os grupos de axuda mutua. Estes son autoxestionados co obxectivo de ofrecer axuda mutua entre iguais

(Rossell, 1998, pp. 112-113). Así pois, para afrontar os mecanismos estruturais de dominación existentes nos espazos multiculturais, os autores Buraschi e Aguilar (2017), propoñen coma elementos chave para transformar a sociedade dende o antirracismo “a reflexividade, a horizontalidade, a corresponsabilidade, e o recoñecemento das identidades e das competencias de todas as persoas involucradas. Deste xeito, estes autores afirman que só mudando as identidades, as relacións interpersoais e intergrupais e a estrutura social, acadarase cunha verdadeira transformación cultural (p. 189).

Ao mesmo tempo, en múltiples ocasións os modelos de integración social incorren en categorizar as persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional coma suxeitos débiles, carenciais e vulnerables, condicionando a intervención cara revitimizacións. Non obstante, as intervencións comunitarias deben estar afastadas de prácticas paternalistas e salvacionistas, propiciando que os membros do grupo estigmatizado teñan un papel activo nestas (Buraschi e Aguilar, 2017, pp. 185-187).

Neste proceso de acollida das persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional, a profesional debe acompañar, escoitando o seu proceso migratorio, co fin de comprender as súas demandas e necesidades, tendo en conta as particularidades de cada persoa. Só así, poderanse resolver frustracións e traballar dende as capacidades para lograr un proxecto vital na súa nova realidade, fomentando a diversidade, a cohesión social, o fortalecemento e a liberación das persoas (Montes, 2022, pp. 32-33). Reclámase unha abordaxe colectiva e comprometida coas múltiples realidades existentes (Rodríguez, 2016, p. 66), xa que cada persoa e situación son únicas e inigualables. Deste xeito, a práctica do traballo social vai máis aló de prover recursos, comprometéndose colectivamente coas comunidades (Sánchez, 2018, p. 116).

3. METODOLOXÍA

3.1. Deseño

O presente estudo é unha investigación de carácter descritivo-exploratoria, xa que a finalidade última encóntrase na análise das prácticas existentes do traballo social grupal e comunitario con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional na cidade de Ourense, e o papel que adoptan as profesionais do traballo social. Esta

metodoloxía cualitativa foi constituída empiricamente a través de entrevistas semiestruturadas respecto as liñas temáticas e aos obxectivos de investigación.

3.2. Participantes

As persoas participantes no estudo foron oito profesionais de catro entidades do terceiro sector da cidade de Ourense. Estas foron elixidas de maneira directa e intencionada, tendo coma criterios de selección que foran profesionais de entidades do terceiro sector da cidade de Ourense, e que traballaran actualmente con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional. As profesionais entrevistadas encóntranse dentro dun intervalo de idade de entre 30 e 49 anos, e contan coa nacionalidade española. Ademais, dentro das oito persoas entrevistadas, cinco foron mulleres e tres homes. Ao preguntar sobre os estudos formativos, atopamos que tres persoas desempeñan a profesión da Educación social dentro da súa entidade, que cinco das persoas entrevistadas son da disciplina do Traballo Social, e que existe unha persoa que posúe tanto o grao de Traballo coma de Educación Social. Tamén, existe unha persoa cunha bagaxe profesional de Traballo, Educación e Integración Social.

Así mesmo, respecto a área de intervención e/ou desempeño profesional dentro da entidade, tres das persoas entrevistadas, pertencen á área da orientación socio-laboral, dous pertencen tanto á área de coordinación coma á social, e que dúas das persoas entrevistadas desempeñan as súas funcións na área social. Por último, unha destas persoas, pertence a área de vivenda da súa entidade.

En canto ao perfil das persoas usuarias/participantes nos programas de cada entidade, pódese afirmar que ou son Programas nos que as persoas inmigrantes e solicitante de protección internacional son a poboación obxectivo das actividades, ou son Programas nos que a poboación inmigrante conforma máis do 50 % das persoas atendidas.

3.3. Instrumentos

O obxecto de estudo abordouse dende un enfoque metodolóxico cualitativo no que as principais técnicas de recollida de información foron a consulta de fontes documentais primarias e secundarias, coma a realización de entrevistas semiestruturadas en profundidade, e a observación. Estas entrevistas procuraron ser o máis flexibles coas

persoas entrevistadas, garantindo a súa máxima confidencialidade e seguindo garantías de protección dos seus datos persoais.

3.4. Análise de Datos

Para a análise e interpretación dos datos cualitativos escolléronse diferentes categorías e subcategorías atendendo as liñas temáticas do guión das entrevistas e aos obxectivos do estudo. En cada categoría discrimináronse unha serie de subcategorías respondendo a indicadores achegados polos distintos informantes, vinculados directamente coas temáticas principais seleccionadas de antemán, tal e como detállase na posterior Táboa 2. Neste momento, comparáronse as respostas cualitativas das oito profesionais entrevistadas facendo uso dun Excel propio. Deste xeito, descartouse a utilización de programas informáticos, realizando a análise e síntese de resultados a través dun Excel.

Táboa 2: Táboa de Categorías e Subcategorías dos bloques temáticos das entrevistas.

Categorías	Subcategorías
Identificación das demandas e necesidades da poboación inmigrante e solicitante de protección internacional	Demandas expresadas polas persoas
	Necesidades detectadas polas profesionais
	Ámbitos da exclusión social
Prácticas colectivas e grupais con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional	Vantaxes e Desvantaxes nas prácticas grupais
	Vantaxes e Desvantaxes nas prácticas colectivas/comunitarias
Papel e Boas Prácticas dende o Traballo Social	Papel/rol das traballadoras sociais
	Propostas de boas prácticas dende o Traballo Social

Nota: Elaboración propia a partir dos obxectivos de investigación.

4. RESULTADOS

A continuación, describiranse os resultados acadados segundo os obxectivos da presente investigación, tendo coma base as categorías e subcategorías da anterior Táboa 2.

4.1. Demandas e Necesidades da poboación

En primeiro lugar, respecto a Categoría de **Identificación de demandas e necesidades da poboación inmigrante e solicitante de protección internacional**, as profesionais detectan múltiples necesidades dentro de esta poboación. Cómpre salientar que as necesidades son moi diversas, xa que dependen tanto do grupo de inmigración que chegue, coma da súa situación en múltiples áreas da súa vida (...) *“as necesidades dependen do grupo de inmigración que chegue, do seu orixe, das súas condicións persoais, da situación administrativa etc.”* [...] *Ao final pode ser poboación inmigrante que a parte de ter as súas dificultades de idioma, procedencia, cultura, relixión [...] vaia ter tamén problemas de saúde, de discapacidade, problemas legais etc.”E6*

Inicialmente, a demanda principal consiste na cobertura das súas necesidades básicas, respecto a recursos materiais suficientes para vivir dignamente e sentirse cos seus dereitos sociais respectados. Tamén obsérvase a necesidade común respecto a ter unha vivenda digna, unha rede social de apoio e un asesoramento administrativo. A maioría das persoas entrevistadas, expresan a necesidade que as persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional teñen respecto a conseguir un traballo digno, o permiso de traballo e un acompañamento e asesoramento na procura de este mesmo. (...) *“aquí ven xente moi preparada con carreiras universitarias moi interesantes [...] é xente moi válida a que estamos desprazando laboralmente [...] estamos catalogando as persoas un pouco no sector servizos, e non vemos un pouco máis alá do que poden achegar e dar; e eles mesmos veñen xa como esa lección un pouco aprendida”E1*

Dende outra perspectiva, contéplase que existen unhas **necesidades** que non son demandadas directamente por estas persoas. As profesionais observan coma as persoas inmigrantes teñen a necesidade de ser asesoradas respecto ao contexto socioeconómico e cultural da sociedade de acollida (...) *“relacionadas coa expectativa”* [...] *“hai que educar en como funcionan aquí as cousas”* [...] *“o contexto da sociedade de acollida”* [...] *“a burocracia e a administración”E4.*

Respecto a todas as **barreiras** que vense na obriga de superar, as profesionais observan que existen moitos factores que promoven a exclusión social desta poboación, dende o racismo e a violencia dende a poboación da acollida, coma a marxinalización... *“moitas veces a sociedade de acollida marxina e non sintonía”E5*

(...)“vivimos nunha sociedade altamente racista que está creando moita violencia cara estas persoas.”E7 [...] “no que en condicións normais tiña que ser máis sinxelo e doado, está sendo un proceso moi longo. E iso tamén lles desgasta e esgota, e tiran a toalla”E6.

As profesionais describen coma a existencia de códigos culturais, costumes e formas de conduta e de facer diferentes xeran escenarios de choque cultural (...)“mentres que van coñecendo e adaptándose poden haber choques, xa que o temas dos horarios e dos tempos en certos países é diferente ao noso. Entón son concepcións que traen do seu país de orixe que pode excluílos aínda máis”E3 [...] as veces fórmanse guetos sen que nin eles nin nós démonos de conta”E2.

As profesionais tamén observan dificultades relacionadas coas trabas administrativas e os longos procesos de regularización (...)“a cuestión administrativa é un hándicap porque as leis migratorias que hai en España xeran moitas contradicións”E8 (...)“existe unha violencia institucional puramente, dende os servizos sanitarios, servizos sociais, administración de xustiza, e logo, existe o extremo da violencia institucional que é a lei de estranxeiría que temos que non pode haber máis violencia”E7

Paralelamente, exprésase que dentro do imaxinario colectivo da sociedade de acollida existen connotacións negativas sobre estas persoas. Moitas veces promovidos pola desinformación e os medios de comunicación que fomentan imaxinarios errados sobre esta poboación. (...)“hai moitas connotacións negativas que poden xurdir pola desinformación que moitas veces fan os medios de comunicación” E6 (...)“é moi raro que unha persoa mígrante participe na vida social da comunidade, que se sinta interpelada polos nosos espazos” (...) “os ven como lugares incomfortables, entón, algo estamos facendo mal”E7

4.2. Prácticas Grupais e Comunitarias con Poboación Inmigrante e Solicitante de Protección Internacional nas entidades do terceiro sector da cidade de Ourense

Cómpre destacar que todas as entidades das profesionais entrevistadas realizan algún tipo de actividade grupal e/ou comunitaria, e que recoñecen o feito de que a rede social é a que sostén as persoas, sobre todo, para as persoas inmigrantes que non teñen ningunha rede de apoio no lugar de acollida. As tipoloxías principais de prácticas grupais

identificadas nas entidades de terceiro sector corresponden a: actividades grupais formativas, actividades lúdicas, grupos de axuda mutua e asembleas. Daquela, existen entidades que avogan pola abordaxe integral, xa que os acompañamentos individuais encóntranse vinculados nas actividades grupais e comunitarias.

Ao considerar que “os grupos teñen vida propia”, pódese comprender como dentro das entidades que realizan actividades grupais con esta poboación hai actividades que nacen coa finalidade de levalas a cabo, e outras actividades grupais nas que existe unha cuestión compartida e común. (...) *“hai actividades que nacen xa cun obxectivo e con persoas que teñen nun principio esa única cuestión en común de participar nesa actividade (actividade lúdica) e outras que nacen dende unha necesidade común, consciente e compartida”*E7

Tendo en conta este feito, as actividades que nacen cunha única cuestión común por parte das participantes serían as denominadas neste estudo coma lúdicas e formativas (obradoiros), xa que, os grupos de axuda mutua e as asembleas son acompañamentos grupais nas que as persoas participantes comparten unhas experiencias e necesidades compartidas.

As **actividades grupais** formativas que as profesionais describen, seguen protocolos de interese, nas que se realizan formacións, charlas ou obradoiros, resolvendo dúbidas comúns e fomentando a educación en comunidade. Polo que, permiten relacionarse, favorecendo un vínculo de apoio entre as persoas participantes. A dificultade as que deben afrontarse serían as necesidades diversas e ao equilibrio da programación da entidade, tendo en conta a gran carga administrativa dos profesionais. As técnicas empregadas nestes grupos, inclúen actividades de alfabetización dixital, roleplay (simulacións usando o modelo socioafectivo), técnicas básicas na procura de emprego etc.

Nas actividades **grupais lúdicas**, as profesionais concordan en que as necesidades das participantes débense de ter en conta, (...) *“detectando o momento do ano onde pode ser preciso desenvolver cada unha delas (...) tendo unha mirada grupal e interdisciplinaria a hora de abordalas”* (...) E5. Ademais, as profesionais sinalan que os acompañamentos grupais encóntranse conformados por persoas derivadas de citas

individuais (...) “nos que o obxectivo é crear unha rede (...) A idea é que unha vez que as actividades se acaben pois o grupo poida continuar no tempo” E3

Nas asembleas coas persoas solicitantes de protección internacional abórdanse conflitos que parecen individuais, pero que son comúns entre as persoas participantes. Polo que, un beneficio das asembleas serían que despersonalizan dalgún xeito, converténdose nunha problemática común. Paralelamente, nestas entidades, os obradoiros posúen funcións contextualizadoras, abordando as demandas propostas polas persoas participantes e as necesidades detectadas polas profesionais: (...) *“os obradoiros posúen tres patas: a contextualización dos recursos da cidade, os resultantes das propostas das persoas participantes respecto unha necesidade, e cuestións que detectamos as profesionais que estarían ben traballar a nivel grupal” E8*

É salientable o feito de que nos acompañamentos grupais débese de traballar previamente con cada membro do grupo, así coma, continuamente, para coñecer os efectos do grupo sobre a persoa e viceversa: (...) *“antes de que formen parte dun grupo, (as profesionais) teñen un contacto con cada persoa para coñecer o punto no que se encontra e para que verbalice que é o que quere (...) moitas veces, chegan demandando ter unha rede, outras en cambio, hai que facer un traballo individual con elas, para despois, formar parte de eses grupos” E7.*

Nos grupos de axuda mutua créanse espazos nos que aínda que haxa grupos de persoas con características diferentes, emerxe un sentimento de comprensión común, porque “comparten o mesmo sentir”. Deste xeito, unhas das **vantaxes** destes acompañamentos grupais sería que teñen un efecto de empoderamento, que vai máis alá do que se poida ter a nivel individual (...) *“porque cada unha aporta o que trae e recolle o das outras (...) ese efecto de empoderamento multiplica fortalezas, e as vulnerabilidades se recollen entre todas e esa carga non é tan pesada” (...) “dunha experiencia traumática pódese sacar algo positivo, axudar as outras, proporcionando información, facer sentirte segura etc. , é iso “é moi empoderante” E7*

As **limitacións** que se poden atopar nestes grupos de axuda mutua estarían vinculadas con que non todas as persoas están nun momento vital como para participar nos grupos: *“hai que traballar paralelamente, acompañando individualmente (...) xa que*

no grupo van escoitar situacións moi dramáticas e nun momento inicial poden cargar con todas esas historias”E7

A concepción dun gran número das persoas entrevistadas respecto as **actuacións comunitarias** corresponden a realizar actividades de sensibilización: (...) *“falamos dende as ONG, da importancia de facer actividades de sensibilización porque está estendido no ideario colectivo, o modelo asimilacionista de que se teñen que adaptar os costumes da sociedade de acollida”E5*

Dentro destas prácticas comunitarias, obsérvase coma algunhas entidades realizan actuacións de desenvolvemento comunitario con asociacións veciñais, de sensibilización entre as persoas que residen no municipio e as persoas participantes no programa etc. Así mesmo, existen actuacións que teñen que ver coa facilitación de información para realizar actuacións lúdicas, formativas. Non obstante, nunha das entidades do terceiro sector afirmase que os seus orixes marcan os seus xeitos de facer, xa que: *“nace dos movementos activistas, da rúa”E7*. Desta forma, esta entidade *“convida as persoas e ao seu contexto a participar na vida activista, e noutros lugares onde participa comunitariamente, co fin de crear redes tamén fóra da propia entidade”E7*.

No desenvolvemento das **prácticas comunitarias**, avógase por facer actividades interculturais, nas que exista un intercambio. Así mesmo, dende a meirande parte das entrevistadas, o comunitario permite innovar dende o Traballo social: (...) *“fuxindo da burocracia, tendo unha relación máis horizontal e próxima coas persoas que estás querendo acompañar”E5* (...) *“intentamos que a persoa teña unha apertura cara a sociedade e reciprocamente”E1* (...)

Algunhas das profesionais entrevistadas conciben coma necesario que nas **actuacións comunitarias** se teña en consideración as posicións de superioridade que existen na intervención. Ademais, cómpre que as persoas facilitadoras deses espazos conciban a importancia da comunicación horizontal e personalizada, para abordar as posibles barreiras culturais e idiomáticas durante o proceso da actividade comunitaria. Segundo as profesionais das diversas entidades ourensás, as actuacións comunitarias están cheas de **vantaxes**, xa que se abordan as barreiras culturais conxuntamente, existe

unha unión e intercambio, facendo uso dos espazos e recursos públicos da cidade. Outro motivos polos que apostar por estas, é que se conseguen máis cousas cando hai unha abordaxe comunitaria: os vínculos entre as persoas melloran, existe un maior coñecemento e enriquecemento mutuo, e xéranse espazos e redes de apoio nas que sosterse: (...) *“as redes e vínculos que se crear fan máis doado que se vexa revertido no día a día das intervencións individuais”* E5 [...] *“noutros ambientes máis distendidos é cando realmente coñeces as necesidades que ten a persoa e comprendes mellor porque decide tomar certas decisións (...) é algo máis, crean rede co propio grupo, entre eles e coa sociedade da acollida”*E3.

Ademais, as profesionais describen ese efecto de enriquecemento mutuo que se xera ao participar nos colectivos sociais, culturais, e nas asociacións veciñais, fai que os prexuízos desaparezan ao coñecerse realmente, de ti a ti. (...) *“é algo moi potente, porque enriquece eses lugares onde elas van e enriquecen por suposto os seus vivires, as vida de estas persoas, se lles abre un mundo moi interesante”*E7.

Coma **desvantaxes** principais a hora de realizar as actuación comunitarias, serían que os programas dependen de subvencións, polo que os cronogramas de actividades das entidades do terceiro sector dependen de terceiras persoas que aposten por ese tipo de actuacións. (...) *“antes facíamos moitas actividades de rúa, sobre todo cando tiñamos subvencións do concello (...) agora estamos máis limitados porque as subvencións que temos non contemplan este tipo de actividades”*E1 [...] *“a programación anual depende dos recursos e da financiación”* E4

Outras das **limitacións** detectadas sería que tampouco as actividades actuais permiten participar de forma global. Descríbese a perda da participación cidadá canto máis grande é o núcleo poboacional.

4.3. Papel e Boas Prácticas dende o Traballo Social

Algunhas profesionais describen que o **papel das traballadoras sociais** corresponde a un papel de mediación e asesoramento, sendo mediadoras entre unha cultura e outra, e nexos entre todos os axentes sociais. Outras profesionais destacan un rol de facilitadoras de procesos individuais, grupais e comunitarios, promovendo o cambio social das persoas. Ademais, vincúlase o traballo social coa facilitación de dereitos sociais e

humanos. En relación as habilidades que debe ter a profesional do traballo social, salientase a habilidade da empatía e a tranquilidade. Tamén, o feito de ser organizadas, co fin de conducir da mellor maneira as persoas polos seus procesos vitais.

Coma **boas prácticas** salientase que a idea é poder atender o maior número de persoas e darlle unha intervención de calidade, dotándoas das ferramentas necesarias e de información sen prexuízos, entendendo o contexto socio-económico e político específico. (...) *“de aí a importancia do traballo en rede e da sensibilización (...) dotamos as persoas das ferramentas necesarias e de información para que, unha vez teñan todo claro, tomen as súas opcións libremente”*E3

Outra **boa práctica** concordaría con traballar coordinadamente co equipo multidisciplinar. Inclusive, fálase da importancia de crear espazos de encontro igualitarios, para poder construír e deconstruír, e para traballar coa sociedade de acollida nos prexuízos existentes cara esta poboación. (...) *“facen este hilo condutor dende o individual pero tamén ao comunitario, e dicirlle a sociedade que é corresponsable disto (...) e se non está preparada, hai que preparala”*E8

Consecuentemente, **proponse unha mudanza** do imaxinario colectivo da sociedade de acollida desta poboación. Mudando a visión da necesidade e superprotección cara unha visión positiva conforme cubrir postos de traballo, a recuperación xeracional, o mantemento do sistema de pensións e cotizacións etc. Así mesmo, exprésase unha **mudanza** respecto a terminoloxía e metodoloxía empregada dentro da profesión, promovendo acompañamentos que liberen as persoas e alternativas interculturais. (...) *“o concepto intervención social debe ser modificado (...) intervir en vidas e procesos de xeito no que nos consideramos/impoñamos é prexudicial para o proceso de empoderamento de esa persoa, e do seu proceso de transformación persoal e comunitario”*E7 (...) *“As políticas asimilacionistas son erradas, hai que ir cara outros formas alternativas interculturais e dende o modelo construtivista”*E5

Outras profesionais expoñen **propostas de mellora** dentro dos programas con poboación inmigrante e solicitante de Protección Internacional. Refléxase a necesidade de abordar as necesidades específicas das persoas e de traballar dende o empoderamento, para que, aínda que o programa ou a entidade non exista, poidan seguir cara adiante. (...)

“os programas e os tipos de intervencións débense adaptar as necesidades das persoas (...) cunhas actuacións diferenciadas segundo as súas características”E5 [...] “temos que traballar o enfoque de que si como programa mañá non existimos que pasos vamos dando para que as persoas dean o paso comunitario, e aí están os recursos comunitarios (...) temos que poñer en valor os recursos que hai”E4 (...)

5. DISCUSIÓN

Moitas veces as políticas públicas migratorias reproducen o etnocentrismo e androcentrismo occidental, illando as persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional. A cidadanía estase redefinindo no marco da globalización, nun contexto de fluxos migratorios crecentes, a intensificación dos vínculos transnacionais e pola tensión entre as formas de xestión neoliberal e aquelas baseadas na defensa da xustiza social (Peláez e Sanz, 2018, p. 49-55). A cidadanía constitúese coma unha forma de exclusión, empregada coma base de lexitimación da limitación de dereitos. No contexto social actual, os denominados horizontes colectivos e os intereses xerais desaparecen, facendo que as persoas procuren solucións individualistas (Marchioni *et al.*, 2013, p. 62).

Tendo en conta que dentro da normativa española existen ordenamentos xurídicos que describen os dereitos básicos que as persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional deberían ter garantidos, é salientable a incongruencia de que a cidadanía non está gozando efectivamente destes dereitos “recollidos normativamente”. Cómpre observar coma a revisión documental e os resultados de investigación confirman que as necesidades e os procesos migratorios poden ser diferenciados, dependendo tanto do grupo de inmigración que chegue, coma da súa situación en múltiples áreas da súa vida. O proceso no que se encontra a persoa é resultado de múltiples factores durante o proceso migratorio e da adaptación á sociedade de acollida. Este proceso converxe un conxunto de perdas e ganancias, nas que as identidades e construcións culturais da persoa vense fragmentadas (Montes, 2022, p. 24-28). Deste xeito, ao considerar dende a teoría, que o proceso migratorio comprende unha transformación na vida da persoa, na concepción de si mesma, e na forma na que se relaciona con outras persoas, é comprensible que as profesionais das entidades identifiquen necesidades vinculadas con

ter unha rede social de apoio e de tecer vínculos coa sociedade de acollida. Paralelamente, o dó migratorio é percibido dende a praxe profesional das persoas participantes no estudo. Este dó migratorio é consecuencia dos múltiples cambios na persoa: dende a súa situación administrativa no país de acollida, a existencia ou inexistencia de redes sociais e de apoio, o nivel de comunicación e habilidades sociais que ten a persoa, así coma, o seu desenvolvemento profesional na sociedade de acollida (Montes, 2022, p. 28).

Segundo os resultados acadados, existe unha necesidade común respecto a cobertura das necesidades básicas en canto a ter os recursos suficientes para vivir dignamente, coma sentirse persoas cos seus dereitos humanos respectados. Outras das necesidades principais están vinculadas con ter unha vivenda digna, asesoramento administrativo, e asesoramento laboral (permiso de traballo). Así mesmo, tanto a consulta documental coma os resultados da investigación denotan a existencia de trabas administrativas e longos procesos administrativos, que dificultan a regularización da situación administrativa da persoa. Ao mesmo tempo, estas barreiras administrativas poden causar dificultades no proceso de adaptación ao contexto da sociedade receptora debido “o descoñecemento do idioma, as dificultades para acceder a un emprego digno e o debilitamento da rede de apoio do país de orixe” (Maya *et al.*, 2013, p. 87-88).

Igualmente, dentro do imaxinario colectivo da sociedade de acollida cara estas persoas hai un compoñente que ten que ver co racismo. A visión que a sociedade ten sobre este fenómeno migratorio móstrase coma prexudicial, ao concibir a mobilidade coma unha crise migratoria (Lacomba, 2020, p. 319), considerándoa soamente dende un punto de vista utilitarista que desbota todas as riquezas culturais e sociais que xorden ao interrelacionarse. Non obstante, tamén co-existe unha percepción dos movementos migratorios coma unha contribución cara unha nova orde social, xerando unha sociedade máis intercultural, diversa e flexible (Gascón, 2006, p. 99).

No contexto social actual, concíbese unha dimensión da exclusión respecto a participación dentro da comunidade. As profesionais das entidades sociais da cidade de Ourense observan coma as persoas mígrante conciben os espazos comunitarios coma lugares incomfortables, provocando que, non participen na vida social da comunidade de acollida. Atendendo aos resultados teóricos e empíricos do estudo, as situacións de

exclusión social poden provocar fendas para a integración comunitaria e o diálogo cultural. Polo que, é imprescindible a conexión entre a intervención individual e familiar coa comunitaria (Gascón, 2006, p. 104).

Tendo en conta o anterior, as boas prácticas do Traballo Social conformarían o deber de loitar contra o debilitamento dos vínculos sociais e o aumento das situacións de desigualdade, avogando pola Intervención Comunitaria coma ferramenta de “mellora das condicións de vida da poboación interesada”, así coma para afrontar os fluxos migratorios. Ao mesmo tempo, a participación da poboación na acción comunitaria ten en conta o recoñecemento das potencialidades das persoas coma suxeitos activos de dereito (Lacomba, 2020, p. 308). Esta necesidade común en relación a xerar espazos de encontro é percibida pola meirande parte das profesionais entrevistadas. Entre as propostas dende o traballo social coa poboación inmigrante e solicitante de protección internacional, a teoría mostra coma “recupéranse elementos relacionados co traballo comunitario, coma a creación de redes ou de grupos de axuda mutua, mentres que outras incorporan enfoques de empoderamento, capacidades, dereitos ou xénero” (Lacomba, 2020, p.309). Este feito relacionase coa existencia de actividades grupais de tipo formativo, lúdicas, grupos de axuda mutua e asambleas, dentro das entidades do terceiro sector da cidade de Ourense. En canto as actuacións comunitarias, as profesionais remarkan a importancia das actividades de sensibilización, xa que a idea é poder atender ó maior número de persoas, dándolles unha intervención de calidade, facilitando información e as ferramentas necesarias para que a persoa tome as súas decisións libremente. Na mesma liña, descríbese ese efecto de enriquecemento mutuo, unión e intercambio que se xera ao participar nos colectivos sociais, culturais, e nas asociacións veciñais. Especialmente, as profesionais entrevistadas comprenden o comunitario coma un aspecto que permite innovar dende a profesión do Traballo social, facendo posible un vínculo máis horizontal e próximo entre profesionais e as persoas participantes, xerando espazos e redes de apoio.

Considérase relevante que as profesionais adopten competencias interculturais na súa práctica (Lacomba, 2020, p. 308), xa que o Traballo Social contempla “unha ética do compromiso coa cidadanía, que promove o benestar social e a protección social” (Rodríguez, 2016, p. 66). Deste xeito, concíbese a metodoloxía intercultural coma a máis

adecuada, debido a que vai un paso máis aló, salientando a importancia das interrelacións, a tolerancia bidireccional e a cohesión social (Verdía, 2022, p.44-45) Ademais, débense ter en conta uns eixos vertebradores na práctica social, que permitan afrontar os mecanismos estruturais de dominación nos espazos multiculturais. Finalmente, as persoas entrevistadas aseguran que o papel da traballadora social sería o de promover cambios sociais, facilitando espazos de encontro e de diálogo intercultural, sendo nexo de unión entre culturas, coma entre o individual e comunitario; adquirindo un rol de facilitadoras de procesos persoais, individuais e comunitarios e de dereitos.

6. CONCLUSIÓN

Esta investigación revelou a importancia das redes sociais dentro dos grupos sociais, ademais da necesidade existente de que dende a profesión do social, promóvanse vínculos de apoio comunitario e grupal coas persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional.

O proceso no que se encontra a persoa é resultado de múltiples factores durante o proceso migratorio e da adaptación á sociedade de acollida. Consecuentemente, detéctanse múltiples necesidades e demandas dentro de estes colectivos. Cómpre salientar que as necesidades son diferenciadas segundo o grupo de poboación, e segundo a situación persoal nas diversas áreas da súa vida. A demanda principal de esta poboación é cobertura das súas necesidades básicas, respecto a recursos materiais suficientes para vivir dignamente e sentirse cos seus dereitos sociais respectados. Tamén, observouse a necesidade de asesoramento administrativo e de ter unha rede social de apoio. Outra necesidade é vencellada coa adquisición dun traballo digno e o permiso de traballo. A realidade é que para este sector da poboación, existen barreiras que vense na obriga de superar, en relación as súas características persoais (discapacidade, idioma, relixión, situación administrativa, saúde, habilidades sociais) e demais factores (racismo, desinformación, prexuízos, marxinalización, violencia, choques culturais, trabas administrativas, dó migratorio). Debido ao sistema social actual, esta poboación acaba sufrindo múltiples situacións de exclusión social, provocando que non participen nos espazos comunitarios da sociedade de acollida.

Ao detectar estas necesidades, a obriga da traballadora social é a de procurar cubrir ditas necesidades básicas, dende a intervención máis asistencial ata o acompañamento da persoa no seu proceso vital e na busca dun espazo comunitario no que pertencer. Así, as actuacións grupais e comunitarias que desempeñan as diversas entidades do terceiro sector da cidade de Ourense con poboación inmigrante e solicitante de protección internacional, pretenden sustentar e fortalecer as redes de apoio de esta poboación, levando a cabo actividades grupais de tipo formativas, lúdicas e de apoio mutuo, facilitando os vínculos sociais e de pertenza entre as persoas participantes. As actividades grupais formativas que as profesionais describiron, seguen protocolos de interese, nas que se realizan formacións, charlas e obradoiros, resolvendo dúbidas comúns e fomentado a educación en conxunto. As actividades lúdicas, comprenderon actividades de contextualización das festas culturais da sociedade de acollida, compartindo costumes e acudindo e/ou realizando actividades de ocio coa entidade. Nos grupos de axuda mutua créanse espazos nos que aínda que haxa grupos de persoas con características diferentes, se entenden a perfección. Estes, teñen un efecto empoderante, que van máis alá do que se poida ter a nivel individual. Por outra banda, nas asembleas, abórdanse conflitos que parecen individuais, pero que son comúns entre as persoas participantes.

Por tanto, salientase coma as actuacións de sensibilización e comunitarias interculturais fomentan o respecto mutuo, a creación de conexións coa sociedade de acollida, e deconstrúense discursos de odio e prexuízos. No desenvolvemento das prácticas comunitarias, hai un predominio conforme realizar actividades interculturais, nas que existan un intercambio entre as persoas participantes. Daquela, existen entidades que avogan pola abordaxe integral, xa que os acompañamentos individuais encóntranse vinculados coas actividades grupais e comunitarias. Para abordar as posibles barreiras culturais e idiomáticas durante o proceso das actividades grupais e comunitarias, tense en conta as necesidades das persoas participantes, a través dunha comunicación horizontal e personalizada. Todas estas actuacións fan posible que os vínculos relacionais melloren, existindo un maior coñecemento e enriquecemento mutuo, así coma xerando espazos e redes de apoio coas persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional.

Deste xeito, considérase relevante que as profesionais adopten competencias interculturais na súa práctica. O papel da traballadora social ten unha dobre función:

sendo axente de cambio que sensibilice e medie coa sociedade de acollida, así coma, promovendo a inclusión das persoas nos espazos comunitarios, co fin último de facilitar os seus procesos vitais e dereitos sociais. En relación as boas prácticas, describiuse que, a idea é poder atender o maior número de persoas e darlle unha intervención de calidade, dotándoas das ferramentas necesarias e de información sen prexuízos por parte do equipo multidisciplinar. Inclusive, fálase da importancia de facilitar espazos de encontro igualitarios e de diálogo intercultural, para poder construír e deconstruír. Así mesmo, a facilitación de espazos contribúen a mudar a relación entre profesional e persoa usuaria dun recurso e/ou participante nun programa, xa que ten o poder de establecer vínculos que noutro tipo de acompañamentos/intervencións non serían. Estes espazos servirían coma ponte de intercambio cultural e coma un instrumento de empoderamento e de ocupación de espazos na sociedade de acollida.

En resumo, a sociedade de acollida ten a obriga de redefinirse á realidade actual. A disciplina do traballo social, será o nexo condutor entre as múltiples realidades existentes, acompañando as persoas inmigrantes e solicitantes de protección internacional no seu proceso de chegada á sociedade de acollida. As ferramentas principais serán as actuacións comunitarias e grupais, facendo posible xerar espazos de encontro, así coma, compartir experiencias, saberes e sentires. Para facer fronte ao individualismo e aos imaxinarios e discursos de odio existentes, nas entidades do terceiro sector traballarase dende o coñecemento mutuo, construíndo ideas novas e deconstruíndo antigos preconceitos. En definitiva, reclámase unha abordaxe colectiva e comprometida coas múltiples realidades existentes, tomando en conta estes eixos vertebradores, e comprendendo que a práctica do Traballo Social vai máis aló de prover recursos e da mera intervención asistencial, comprometéndose colectivamente coas comunidades.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Buraschi, D., e Aguilar-Idáñez, M. J. (2017). Ferramentas conceptuais para un antirracismo crítico-transformador. *Tabula Rasa*, nº 26, 171-191. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6244708>
- Gascón Navarro, N. (2006). Procesos de intervención e aspectos psicosociales na inmigración. *Trabajo Social Hoy* (nº extra 2. Monográfico: Traballo Social e

- Inmigración). Colexio Oficial de diplomados en Traballo Social e AA.SS. Madrid. 5-214.
- Giménez Romero, C. (2013). Promovendo a convivencia cidadán intercultural nos barrios de alta diversidade. Ideas e experiencias para unha praxis comunitaria. En Giménez Romero C. e Buades Fuster J. (coord.). *Fagamos do noso barrio un lugar habitable: manual de intervención comunitaria en barrios*, (Capítulo primeiro) 36-57. Editorial Tirant lo Blanch.
- Lacomba, J. (2020). Unha revisión do Traballo Social con migrantes e refuxiados. Construindo novas bases teóricas e metodolóxicas. *Ehquidad: La Revista Internacional de Políticas de Bienestar y Trabajo Social*, nº 14, 293-332. <https://www.redalyc.org/pdf/6721/672174479011.pdf>
- Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria, Boletín Oficial do Estado, 263, do 31 de outubro de 2009. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2009-17242>
- Lei 2/2009, do 11 de decembro, de reforma da lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, Boletín Oficial do Estado, 299, do 12 de decembro de 2009. <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2009-19949>
- Marchioni, M., Morin, L. M., e Álamo, J. (2013). Metodoloxía da intervención comunitaria. Os procesos comunitarios. En Giménez Romero C. e Buades Fuster J. (coord.), *Fagamos do noso barrio un lugar habitable: manual de intervención comunitaria en barrios*, (Capítulo segundo), 58-72. Editorial Tirant lo Blanch.
- Maya-Jariego, I., Ramos, D. H., Ramos, I., & Soriano, F. J. S. (2013). Dinámicas que permiten o tránsito entre distintas formas de relación: participación, sentido de pertenza e identidade compartida. En Giménez Romero C. e Buades Fuster J. (coord.), *Fagamos do noso barrio un lugar habitable: manual de intervención comunitaria en barrios*, (Capítulo terceiro), 74-101. Editorial Tirant lo Blanch.
- Montes Arena, D. (2022). Achegamento do Traballo Social ao proceso do dó migratorio. *Trabajo Social Hoy*, nº 96, 23-36. doi:10.12960/TSH 2022.0008
- Organización Internacional para as Migracións (2023). Definición da OIM do termo “Migrante”. <https://www.iom.int/es/definicion-de-la-oim-del-termino-migrante>
- Peláez-Paz, C., e Sanz-Abad, J. (2018). Migración e cidadanía. A lóxica da asignación de dereitos na acción social. *Cuadernos de trabajo social*, nº1 (31), 47-57.

- Rodríguez Álvarez, M. D. (2016). A intervención do traballador social desde as redes sociais en traballo social comunitario: fundamentos, dimensións e competencias. Zerbitzuan: Gizarte zerbitzuetarako aldizkaria=Revista de servizos sociais, nº61, 65-78. doi: 10.5569/1134-7147
- Rossell, T. (1998). Traballo social de grupo: grupos socioterapéuticos e socioeducativos. Cadernos de traballo social, nº11, 103-122. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=119503>
- Sánchez Nimo, S. M. (2018). “Refugees Welcome”; Unha aproximación ao Traballo Social con refuxiados aplicando o modelo de intervención en crise. Cuadernos de Trabajo Social, nº1 (31), 109-120. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6664066>
- Verdía Varela, V. (2022). Comunidades de orixe inmigrada en Galicia: procesos de integración e estratexias de mantemento lingüístico e cultural. [Tese de doutoramento, Universidade Da Coruña]. Repositorio da Universidade da Coruña. Dispoñible en: <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/31190>

TECENDO A RESISTENCIA: MULLERES SAHARAUIS E O SEU ROL NA COMUNIDADE DENDE A PERSPECTIVA DO TRABALLO SOCIAL

TEJIENDO LA RESISTENCIA: MUJERES SAHARAUIS Y SU ROL EN LA COMUNIDAD DENDE LA PERSPECTIVA DEL TRABAJO SOCIAL

BUILDING RESISTANCE: SAHRAWI WOMEN AND THEIR ROLE IN THE COMMUNITY FROM A SOCIAL WORK PERSPECTIVE

Ana Ponte Suárez - Traballadora Social

ana14ponte@gmail.com

RESUMO

Esta investigación explora as experiencias de vida de Fatma, Ladiba e Fatimatu. Tres mulleres saharauís que comparten os seus relatos sobre a loita diaria nun contexto marcado polo conflito bélico e o exilio. A través das súas historias analízase o papel transformador destas mulleres na súa comunidade e como desenvolveron estratexias de resistencia e resiliencia para afrontar as adversidades que o conflito impón. Ademais, o estudo incorpora a perspectiva do Traballo Social para comprender mellor os mecanismos de apoio comunitario e a importancia da intervención social en escenarios de guerra. A investigación destaca a relevancia da participación comunitaria e o liderado das mulleres na reconstrución social e na defensa da súa identidade e dereitos, salientando o valor do enfoque de xénero.

PALABRAS CHAVE

Sáhara Occidental, muller, xénero, historias de vida e Traballo Social

RESUMEN

Esta investigación explora las experiencias de vida de Fatma, Ladiba y Fatimatu. Tres mujeres saharauis que comparten sus relatos sobre la lucha diaria en un contexto marcado por el conflicto bélico y el exilio. A través de sus historias se analiza el papel

transformador de estas mujeres en su comunidad y cómo han desarrollado estrategias de resistencia y resiliencia para afrontar las adversidades que el conflicto impone. Además, el estudio incorpora la perspectiva del Trabajo Social para comprender mejor los mecanismos de apoyo comunitario y la importancia de la intervención social en escenarios de guerra. La investigación destaca la relevancia de la participación comunitaria y el liderazgo de las mujeres en la reconstrucción social y en la defensa de su identidad y derechos, enfatizando el valor del enfoque de género.

PALABRAS CLAVE

Sáhara Occidental, mujer, género, historias de vida y Trabajo Social

ABSTRACT

This research explores the life experiences of Fatma, Ladiba, and Fatimatu, three Sahrawi women who share their accounts of daily struggles in a context marked by conflict and exile. Through their stories, the transformative role of these women within their community is analyzed, along with the strategies of resistance and resilience they have developed to confront the adversities imposed by the conflict. Additionally, the study incorporates the perspective of Social Work to gain a deeper understanding of community support mechanisms and the importance of social intervention in war settings. The research highlights the relevance of community participation and women's leadership in social reconstruction and in defending their identity and rights, emphasizing the value of a gender-focused approach.

KEY WORDS

Western Sahara, woman, gender, life histories and Social Work

INTRODUCCIÓN

O Sáhara Occidental, situado ao norte de Marrocos e ao oeste do Océano Atlántico, é un territorio en disputa entre o pobo saharauí, que busca a súa autodeterminación, e Marrocos, que ocupa gran parte dende 1975. Esta situación forzou á poboación saharauí

a vivir en diferentes contextos: en territorios ocupados, campamentos de refuxiados en Alxeria e na diáspora.

Os estudos migratorios dan lugar a teorías migratorias incorrectas xa que deixan atrás ás mulleres. Isto tradúcese nunha invisibilización das mulleres, atribuíndose factores pobres de argumentación e creándose estereotipos. É dicir, os estudos convértenas en persoas dependentes que non inflúen na decisión. É por isto que resulta tan importante incorporar a perspectiva de xénero nas investigacións. Un dos factores que explican o descoñecemento do papel activista das mulleres é que en numerosas ocasións realizase na sombra, é dicir, no espazo que se considera “o doméstico”, afastado de valoracións e recoñecementos de carácter “heroico” que se aplica moitas veces a estas accións. Con todo, o activismo masculino si que posúe maior recoñecemento social (Azkue e Orellana, 2016).

A motivación para a elaboración da presente investigación xorde da necesidade de visibilizar as experiencias, dores, perdas e abrigo, así como a resistencia das mulleres saharauís despois de décadas de loita ininterrompida pola autodeterminación do seu grupo etnonacional, unha parte da cal foi silenciada e fragmentada. Ademais, resulta fundamental incorporar o Traballo Social nestes contextos, pois facilita a recuperación e construción da memoria vivida. O traballo social contribúe a dar voz a comunidades marxinadas e a promover cambios sociais que teñan en conta as súas necesidades e realidades específicas.

Para iso, comezase por conceptualizar o conflito do Sáhara Occidental, explorando as súas repercusións tanto nos diferentes contextos previamente sinalados como no desenvolvemento do feminismo descolonial saharauí. Centrándose especialmente en tres historias de vida de mulleres saharauís que ilustran a súa resistencia e contribución á loita pola autodeterminación e a igualdade.

1. METODOLOXÍA

O obxectivo xeral da presente investigación é o de coñecer a loita das mulleres no conflito saharauí dende un enfoque de xénero, presentándoas como protagonistas, dándolles voz e explorando as contribucións do Traballo Social en contextos de conflito armado.

A presente investigación fundaméntase nunha investigación bibliográfica narrativa. Entendida como unha análise minuciosa e crítica polo cal se estuda e reflexiona sobre o publicado acerca de determinado tema. (Zillmer e Díaz-Medina, 2018).

A técnica utilizada é a historia de vida, técnica cualitativa pertencente á categoría de investigación participativa na cal se procede á análise e transcripción dos relatos extraídos nas historias de vida (Rodríguez, Gil e García, 1996).

O motivo polo cal foi elixida esta técnica é, principalmente, para xerar coñecemento sobre a realidade e a loita das mulleres saharauís e tamén para dar un altofalante. As historias de vida permiten visualizar, entender e interpretar voces que sempre existiron pero os discursos dominantes da sociedade non permitiron ver. No caso do tema abordado na presente investigación isto é debido ao sistema patriarcal e colonialista no que vivimos (Cortes, 2011).

As historias de vida realizadas céntranse en dous contextos distintos: nos campos de refuxiados de Tinduf e na poboación de mulleres saharauís desprazada en España.

Participantes

Tivo lugar un proceso de reflexión e análise para determinar o perfil das mulleres participantes xa que era moi importante coñecer a historia da muller saharauí dende distintas perspectivas. Tentouse abarcar perfís distintos, dende mulleres que naceron sen o conflito, que o viron crecer e sufriron nas súas carnes o desprazamento forzado ao deserto de Alxeria, como a situación de mulleres que naceron cando o conflito xa estaba formado.

É por iso que as participantes na investigación son de varios perfís segundo a súa idade e procedencia. Son tres as mulleres saharauís seleccionadas para a presente investigación.

En primeiro lugar atopámonos con Ladiba unha muller nova, de 30 anos, que vive no norte de España dende os seus primeiros meses de vida. Doutra banda, cabe destacar o relato de Fatma unha muller de 61 anos que vive en España, naceu cando o conflito aínda non existía de forma que foi vivindo todos os cambios. Tamén foi posible

contactar con Fatimatu, que naceu nos campamentos de Tinduf e segue alí traballando aos seus 29 anos. É necesario agradecer ás tres a súa participación e entrega á investigación.

Instrumentos e procedemento

Realizáronse tres entrevistas, todas excepto unha leváronse a cabo mediante a plataforma Google Meet. A outra realizouse por videochamada dende a aplicación WhatsApp debido á imposibilidade da protagonista de realizala por outra vía. Ocasionalmente, mantívose un contacto informal sen un guión establecido que serviron como axuda para clarificar algunhas dúbidas xurdidas no momento de transcripción da entrevista.

É necesario destacar a achega da revisión bibliográfica narrativa. Grazas á cal pódese poñer en relación conceptos e ideas da historia narrada. É por iso, á vez que se mostran fragmentos do relato biográfico, póñense en evidencia os temas clave, aclarando momentos históricos ou persoais.

2. MARCO TEÓRICO

2.1. Perspectiva de xénero nos conflitos bélicos

A perspectiva de xénero supón posicionarse politicamente en contra da opresión de xénero e destapar a deterioración que con leva, mentres que se crean movementos para romper a devandita opresión (Chacón-Gironza, 2019). A incorporación da devandita perspectiva ao contexto dos conflitos armados e aos procesos de paz é fundamental, tanto na teoría como na práctica.

O xénero enténdese como unha construción social e cultural, que lexitimou as desigualdades entre homes e mulleres ao longo da historia e en distintas disciplinas, por exemplo, os estudos dos conflitos e a construción de paz (Gascón e Ruiz, 2016).

Malia que a vulnerabilidade das mulleres aumenta considerablemente cando acontecen conflitos bélicos, reducilas unicamente a vítimas invisibiliza o seu papel activo tanto nos procesos de paz como nos conflitos. En moitas ocasións os conflitos bélicos teñen como resultado desprazamentos forzados que dan lugar a unha desintegración familiar e a un cambio nos roles de xénero. As mulleres asumen a responsabilidade familiar e comunitaria (Gascón e Ruiz, 2016).

As mulleres son unha peza clave á hora da construción da paz. Debemos deixar de enfocarnos soamente no seu papel como vítimas, sen ignoralo, de tal forma que se recoñeza o seu papel á hora de garantir unha paz sostible (Frieyro e Robles, 2012).

2.2. Contextualización do conflito do Sáhara Occidental

O conflito no Sáhara Occidental aproxímase ao seu 49º aniversario sen perspectivas de solución a curto ou longo prazo, alimentado por intereses xeográficos e políticos. España ocupou a rexión en 1934, e aínda que a ONU impulsou a descolonización tras a II Guerra Mundial, o réxime franquista negouse a descolonizar o Sáhara en 1960, transformándoo nunha provincia española e outorgando nacionalidade á poboación saharauí (Tebas, 2015).

O descontento levou á formación da Fronte Polisario en 1973, que loitou pola autodeterminación. Aínda que a ONU propuxo un referendo en 1970, España só accedeu a celebralo no 1975. No contexto da crise do petróleo, o Sáhara adquiriu importancia estratéxica, o que provocou a oposición de Marrocos ao referendo (Lemus y Cordero, 2019).

En 1975, coa crise de saúde de Franco, Marrocos levou a cabo a Marcha Verde, invadindo o territorio tras a decisión de Juan Carlos I de abandonar o Sáhara, o que resultou na súa ocupación e nunha guerra sanguenta (Tebas, 2015).

Dende o século XXI, o conflito intensificouse por intereses económicos e a Primavera Árabe, con negociacións erradas sobre o referendo e varios intentos de mediación da ONU. A situación agravouse en 2020 coa invasión do Guerguerat por Marrocos, o que levou á fronte Polisario a declarar un estado de guerra, xerando esperanzas entre os saharauís frustrados pola inacción. Con todo, a represión marroquí aumentou e a comunidade internacional foi criticada pola súa falta de intervención, mentres que España foi cuestionada polo seu apoio a Marrocos. A pesar do desexo dun alto ao lume, a situación segue sen resolverse (Lemus y Cordero)

2.3. Activismo das mulleres no territorio ocupado

A motivación das mulleres saharauís de participar activamente na resistencia á ocupación marroquí é unha decisión política conducida polo desexo dun Sáhara Occidental libre.

Tralo inicio da guerra en 1975 debido á ocupación marroquí, o Sáhara Occidental vive unha forte militarización. As autoras Azkue e Orellana (2016) sosteñen que en todos os lugares do mundo onde se produce un conflito armado vai unido a unha separación maior dos roles de xénero e do aumento da violencia cara ao colectivo de mulleres. Un exemplo claro desta división de roles é a incorporación de homes saharauís á loita militar mentres que a maioría delas fixéronse cargo do coidado e do sustento económico e emocional da familia.

Os coidados foron sempre asignados ás mulleres. Nun contexto de conflito bélico esta necesidade aumenta considerablemente e tende a considerarse como “o normal” sen maior reflexión. É por iso, que é necesario destacar que os coidados levados a cabo polas mulleres fan posible a vida e teñen un custo extremadamente grande para elas, xa que imposibilitan a súa emancipación e o seu crecemento persoal noutros ámbitos como son o académico, o laboral ou o político e social (Guardiola, 2020).

Así mesmo, é necesario destacar que moitas delas combateron no Fronte Polisario ou levaron a cabo unha loita clandestina, o cal custoulles a vida en moitas ocasións. Esta loita consistía nun traballo de concienciación e formación política, xa que a mobilización nas rúas era impensable (Azkue e Orellana, 2016).

Unha porcentaxe pequena de mulleres quedaron no territorio ocupado e moitas delas uníronse ao Fronte Polisario. Paralelamente, fóronse facendo cargo dos fillos e as fillas das mulleres que ían desaparecendo, sendo capturadas ou falecendo. Así creouse unha rede de sororidade e de cooperación entre mulleres (Guardiola, 2020).

A represión levada a cabo polo réxime marroquí aumentou considerablemente a cifra de mulleres desaparecidas e mortas así como daquelas que sufriron continuas vulneracións dos Dereitos Humanos. A pesar de que a moitas mulleres quitóuselles a posibilidade de contar as súas experiencias, moitas outras que sobreviviron á guerra contribúen á loita visibilizando estas vulneracións (Guardiola, 2020). É necesario destacar como a existencia de referentes femininos na loita motiva a outras mulleres para tomar parte da reivindicación.

En definitiva, o papel das mulleres no territorio ocupado destaca por levar a cabo un activismo amplo e interxeracional e que ten un trasfondo de resistencia pacífica.

2.4. Papel da muller nos campamentos de refuxiados

Debido á ocupación marroquí gran parte da poboación, na súa maioría mulleres, desprazouse a Tinduf, un deserto situado ao suroeste de Alxeria, na rexión do Hammada, e foron creados hai máis de 30 anos por poboación refuxiada que fuxían da opresión marroquí. Actualmente, aloxan a aproximadamente 150.000 persoas, representan a terceira xeración de exiliados saharauís. A zona é un deserto con clima seco e extremo: no verán, as temperaturas alcanzan os 50-60°C, e pola noite poden descender a baixo cero. (Guardiola, 2020)

Os campamentos divídense en cinco wilayas, nomeadas segundo cidades saharauís: Smara, Bojador, Dahla, O Aiún e Awserd. As casas están feitas de ladrillos de area e auga secados ao sol. Organismos internacionais como a ACNUR e Cruz Vermella ofrecen axuda básica, pero o 75% da poboación vive en situación de vulnerabilidade. A pesar das difíciles condicións, a poboación saharauí traballa por un futuro mellor.

Neste novo contexto os homes exerceron de soldados da Fronte Polisario e as mulleres convertéronse nas organizadoras dos campamentos. As mulleres saharauís transformaron un contexto hostil no que hoxe en día coñécese como os campamentos de Tinduf. É necesario destacar a dureza da zona xeográfica onde se asentaron, xa que era pleno deserto, a falta de recursos básicos, o baixo nivel académico e sobre todo, a carga tanto familiar como doméstica á que se enfrontaban as mulleres (Guardiola, 2020).

Debido ao crecemento que experimentaron os campamentos viuse a necesidade de centrarse en dous piares básicos: a sanidade e a educación. Como indica Rocío Martín (2016) foron as mulleres quen realizaron as obras para construír os hospitais e as escolas. Para as mulleres saharauís combater o analfabetismo era un aspecto clave debido a que a maior parte dos habitantes dos campamentos eran mulleres e nenos e nenas.

Cabe mencionar o contexto de ausencia de recursos no que organizáronse os campamentos debido á inexistente axuda internacional, excepto a ofrecida dende Alxeria. Polo que, foron as mulleres quen xestionaron tanto social como politicamente unha

República Árabe Saharauí Democrática fronte ao ideario da muller pobre, árabe e musulmá dependente da relixión que invisibilizan as súas loitas sociais (Martín, 2016).

Poderíase dicir que os labores de xestión e organización dos campamentos foron un instrumento de empoderamento das mulleres saharauís. Son numerosas as mulleres saharauís que se formaron nas universidades de Cuba ou Libia, o que deu lugar a grandes cambios identitarios persoais e sociais cando volveron aos campamentos (Córdoba e Aladana, 2019).

En 1979 créase a primeira Escola Saharauí, á que seguiron outras que daban unha formación xeral e específica á muller co obxectivo de empoderar ás mulleres e lograr a súa emancipación. Con todo, non se pode esquecer que estamos fronte a un campamento de refuxiados e refuxiadas e que non debe ser visto como unha forma de vida definitiva e onde ter un futuro pleno, é necesario buscar unha solución (Córdoba e Aladana, 2019).

A organización dos campamentos levase a cabo a través das wilayas, cada unha ten un Consello que se reúne con representantes da poboación para organizar como se realiza o traballo, a produción e os obxectivos establecidos. Reúnense de forma periódica e explican o realizado. Case todos os comités están presididos por mulleres. De feito son mulleres o 85% do persoal administrativo, o 75% do persoal da educación e o 65% do persoal sanitario (Coconi, 2008).

En resumo, grazas ao labor das mulleres saharauís e ao seu liderado conseguiron redefinirse ante un contexto hostil, a través da súa autonomía organizativa e política ademais de finalizar con certas tradicións froito dun sistema patriarcal que dificultaban a emancipación e o empoderamento da muller e o exercicio libre dos seus dereitos (Guardiola, 2020).

2.5. As mulleres saharauís como poboación desplazada

A migración saharauí enténdese como unha consecuencia tardía do conflito no Sáhara Occidental. Tralo proceso de paz iniciado en 1991, as expectativas da poboación, especialmente dos mozos, deterioráronse ao verse condenados a vivir como refuxiados. Actualmente, a migración é vista como a única alternativa viable fronte a un conflito sen fin. A Fronte Polisario teme un abandono masivo dos campamentos, xa que estes

representan o seu principal elemento de presión internacional. Por iso, os migrantes realizan unha "tripla promesa": regresar cando sexa necesario, manterse unidos e apoiar a causa dende o exterior. Este compromiso xera unha migración circular, sen asentamento definitivo (Guardiola, 2020).

Existen poucos estudos sobre as migracións realizadas por mulleres en xeral e redúcense considerablemente se falamos de mulleres saharauís. Os datos do Padrón Nacional de España non recollen o número de estranxeiros e estranxeiras procedentes do Sáhara que se atopan no noso país debido a que non reconece a República Árabe Saharaí Democrática. Con todo, estímase que ao redor de dez mil saharauís viven en España dende os últimos 25 anos (Varga, 2011).

Durante anos o papel das mulleres no fenómeno das migracións foi totalmente invisible, estudando soamente o lazo cos seus irmáns ou maridos (Vega et al., 2009). A migración da muller saharauí sen acompañante comeza a ser maior nos anos noventa. Caracterízanse por ser mulleres que migran para acabar os seus estudos e moitas delas veñen de países como Cuba ou Alxeria onde comezaron a súa formación académica. A maioría das mulleres saharauís emigran por iniciativa propia, non están casadas e o seu nivel académico é medio-alto, con bacharel e formación universitaria (Vega et al., 2009).

Por outra banda, as redes que se forman nos países de destino entre as mulleres saharauís son fortes. Un exemplo é a Asociación de Mulleres Saharauís en España. Fundouse en 2004 e entre os seus obxectivos está o de sensibilizar á sociedade española sobre a loita e a situación do pobo saharauí, empoderar ás mulleres saharauís e afianzar lazos de amizade e solidariedade co pobo español. Á súa vez, esta asociación traballa por visibilizar a importancia das mulleres no desenvolvemento económico, social e cultural da sociedade e a necesidade de respectar os dereitos humanos (Varga, 2011).

Así mesmo, é necesario sinalar que a adaptación nun novo lugar non é fácil senón que supón unha experiencia moi dura. Ademais de verse obrigadas a traballar nun posto descompensado coa súa formación académica teñen a presión de axudar economicamente á familia que continúa nos campamentos (Vega et al., 2009).

2.6. Mulleres saharauís como axentes construtoras de paz:

O presente apartado pretende desmarcarse totalmente da imaxe xeneralizada que nos presenta ás mulleres como vítimas e afondar no papel das mulleres como suxeito político. Si, son vítimas de guerra pero tamén axentes construtoras de paz dende hai máis de 40 anos.

O termo xénero e paz están claramente vinculados. É necesario entender a paz dende unha perspectiva de xénero e outorgarlle visibilidade ás mulleres como axentes construtoras de paz. A paz non é simplemente a ausencia de guerra ou violencia senón que está directamente relacionada con dous piares básicos que son a xustiza social e a igualdade. Ambos son obxectivos nos que traballan as mulleres saharauís diariamente, converténdolas en suxeitos activos en prol da paz que preservan que as súas voces e a súa loita sexan oídas.

Unha vez cubertas as necesidades básicas de supervivencia as mulleres reorganizáanse e comezan unha loita propia como mulleres. Un exemplo é a súa participación en congresos destinados á cuestión de xénero, o traballo enfocado na alfabetización das mulleres creando centros de formación, establecendo redes de cooperación con organizacións internacionais de mulleres e a consolidación da Unión Nacional de Mujeres Saharauís, rama feminina da Fronte Polisario, creada co obxectivo de unificar ao pobo saharauí na súa loita pola autodeterminación, destacando e empoderando ás mulleres. A UNMS promove unha sociedade democrática, asignando ás mulleres un papel cruce en ámbitos políticos, sociais, culturais e profesionais (Martin, 2010)

É digno de admiración como as mulleres saharauís crearon redes colectivas traballando dende o local cara ao global, traspasando fronteiras con institucións e organizacións as cales secundaron a necesidade de realizar un referendo de autodeterminación libre (Martínez e Mesa, 2008).

É xusto e necesario recoñecer o papel das mulleres na procura dunha solución pacífica e duradeira do conflito cuxa loita ten como obxectivo a creación dun marco legal que non invisibilice á muller ou a catalogue meramente como unha vítima senón como o suxeito activo que é na liberación do Sáhara (Poyato, 2016). En definitiva, a imaxe relacionada coa muller como unha vítima é unha visión errónea que se nega co

compromiso demostrado ao longo dos anos co proceso de paz e coa construción de espazos de cooperación (Martín, 2016).

2.7. Intervención do Traballo Social en contextos de conflito

O Traballo Social desempeña un rol esencial en contextos de conflito prolongado e en procesos de descolonización, contribuíndo a visibilizar as experiencias de comunidades historicamente oprimidas e promovendo a xustiza social. En escenarios bélicos e na reconstrución de comunidades devastadas pola violencia, a profesión actúa como un motor de cambio, proporcionando apoio psicosocial e comunitario que facilita a recuperación das persoas e fortalece o tecido social. En tempos de crise humanitaria, o Traballo Social non só atende necesidades inmediatas, senón que tamén establece espazos seguros e apoio emocional para que as persoas poidan afrontar a violencia, a perda e a deslocalización. O Traballo Social vai máis alá da asistencia urxente ao promover a dignidade e o empoderamento das persoas afectadas (Jaimes-Márquez, Galvis-Velandia, e Rincón-Mora, 2022).

Tras o cese das hostilidades, o Traballo Social ten a complexa tarefa de facilitar procesos de reconciliación, que inclúen non só a recuperación de infraestruturas básicas, senón tamén a restauración da confianza e seguridade dentro das comunidades. Esta reconstrución non é só material; implica tamén a recuperación da memoria histórica e a identidade colectiva. Apoiando a recuperación do dereito á autodeterminación e á participación activa, garantindo que as persoas afectadas teñan voz nos procesos de decisión (Jaimes-Márquez, Galvis-Velandia, e Rincón-Mora, 2022).

A pesares da relevancia da nosa profesión en contextos de conflito e refuxio, segue a ser infravalorada e con frecuencia pasa desapercibida dentro das políticas de intervención e axuda humanitaria. É imprescindible que se lle outorgue un maior recoñecemento e peso nas estratexias globais de intervención, garantindo que os traballadores sociais teñan os recursos e a formación necesarios para facer fronte aos retos destes contextos. Recoñecer e fortalecer o papel dos traballadores e traballadoras sociais é esencial para lograr intervencións máis humanas e sostibles, que teñan en conta non só a supervivencia, senón tamén a dignidade e os dereitos das persoas afectadas.

En resumo, o Traballo Social en contextos de conflito e construción de paz contribúe ao benestar inmediato e á reconstrución a longo prazo, servindo como unha ferramenta esencial para a xustiza social, a recuperación da memoria e a resiliencia das comunidades afectadas.

3. RESULTADOS

No presente apartado mostrando os resultados das historias de vida realizadas a tres mulleres saharauís en distintos contextos. Trátanse as principais temáticas abordadas anteriormente pero lonxe da óptica da literatura e dos escritos históricos senón dende a perspectiva e vivencias das devanditas mulleres. A continuación realizarase unha breve presentación de cada unha seguida da abordaxe dos temas de interese da investigación, nos que destacan a vida nos campamentos de refuxiados e refuxiadas, o papel da muller saharauí, a loita do pobo saharauí e a súa identidade.

En primeiro lugar, atopámonos con Fatma, 61 anos:

“Eu nacín na Güera, no Sahara Occidental. No sur, fronteira con Mauritania, no ano 1963. Estiven a estudar no Sahara cando era español. A miña nai era funcionaria do Estado español, o meu pai traballa no porto do Aiún. Eu funme a estudar ao Aiún. Fixen educación primaria e secundaria no Aiún. Fomos a un campamento na Serra Madrileña cando o Sáhara era español no verán do 75. Pois resulta que cando volvemos do campamento en novembro da noite para a mañá, ás 4 da madrugada sentimos un bombardeo moi forte. Empezaran a bombardearnos dende Mauritania.”

É necesario lembrar que en 1975, no contexto da retirada de España da súa última colonia africana, asináronse os Acordos Tripartitos de Madrid entre España, Marrocos e Mauritania. Estes acordos permitiron que Marrocos e Mauritania repartísense o territorio do Sáhara Occidental sen o seu consentimento. O acordo, en lugar de respectar o dereito de autodeterminación saharauí, entregou o control da rexión a estes países veciños, deixando aos saharauís sen un papel na decisión sobre o seu propio territorio (Tebas, 2015). Fatma vivía na parte que lle tocou a Mauritania e que empezou a ser bombardeada por mar e terra.

“Despois dese día, non me acordo se foi o 16 ou 17, empezou o bombardeo por parte de artillería de Mauritania. Moita xente puido fuxir pero nós quedámonos atrapados. No 77 puíden fuxir coa familia, atravesamos o deserto dende A Güera ata chegar aos campamentos de refuxiados que están en Tinduf. (...) A España vin no 92, cun premio que outorgou o Instituto Andaluz da Muller á muller saharauí”.

Os premios do Instituto Andaluz para a Muller reciben o nome de Premios Meridiana, a súa finalidade é a de recoñecer publicamente a traxectoria persoas, colectivos e entidades que contribuíron a fortalecer e facer efectiva a presenza e participación das mulleres nos diferentes ámbitos da nosa sociedade reivindicando unha igualdade real e efectiva. É un exemplo de feminismo institucional, o cal é de suma importancia xa que introduce o ideario feminista nas estruturas de poder que sinalan e cuestionan a leste.

Doutra banda, atopámonos a Fatimatu, 29 anos:

“Eu nacín nos campamentos de refuxiados de Tinduf no ano 1995. Crecer nos campamentos non é como en calquera sitio no mundo. A miña familia está dispersa. Eu estou aquí. Os meus avós son refuxiados, por parte de pai estiveron refuxiados en Mauritania e por parte de nai nun territorio do Sáhara Occidental. Son refuxiada con pais refuxiados. Agora mesmo a miña familia non está comigo. Estou cos meus pais e os meus irmáns, pero os meus avós e os meus tíos atópanse en territorio ocupado. Nunca fun ao Sáhara, eu nacín aquí. Terminei os meus estudos, son licenciada en Dirección de Empresas e un Máster en Recursos Humanos. De momento traballo como profesora nos campamentos en Auserd”.

E por último, Ladiba, 30 anos:

“A miña nai enfermouse cando estaba embarazada de min nos campamentos. Ela era profesora alí. Ao ser un parto de urxencia tiveron que levala a Alxeria capital. Alí estiven 3 meses e ao cumprir os 3 meses vin aquí, a Lubiano en Vitoria, País Vasco. A miña nai cando era nova e estudaba veu varias veces a España entón viñemos aquí. É certo que adoitamos baixar aos campamentos pero vivín toda a miña vida aquí, en Vitoria

(...) Estudei auxiliar de enfermería, axente inmobiliaria e agora estou a estudar Economía”.

Seguidamente abórdase como vive cada unha distintas cuestións relacionadas co conflito saharauí como é a vida nos campamentos, a identidade saharauí, o papel da muller na sociedade saharauí e como viven a loita persoalmente.

A vida nos campamentos de refuxiados e refuxiadas

Tralo abandono por parte do Estado Español e o inicio da guerra miles de familias tiveron que fuxir a Alxeria para sobrevivir. Fatma relata esa dura vivencia:

2.2. Instrumento de medida e definición de variables

Como instrumento de medida utilizouse o cuestionario “Ad hoc” (Anexo 1). O seu fin é conseguir, de forma sistemática e ordenada, información suficiente sobre aquelas variables que interveñen na presente investigación. O cuestionario empregado foi elaborado por María Segredo Armas como parte do seu Traballo de Fin de Grao (2021) na Universidade A Lagoa. Este instrumento ten a finalidade de estudar a visión e o coñecemento do alumnado de Traballo Social respecto ao concepto de Mutilación Xenital Feminina relacionado co de violencia de xénero. A súa realización dura uns 10 minutos.

O presente cuestionario está constituído por 21 ítems estruturados en 4 bloques. O primeiro está formado por 5 ítems de índole sociodemográfica e académica: sexo, idade, zona residencial, nacionalidade e curso. O segundo bloque, está formado por 7 ítems referidos ao concepto de Mutilación Xenital Feminina. Por outra banda, o terceiro bloque consta de 6 ítems e alude a MXF como unha maneira de violencia de xénero. Finalmente, o último bloque de 3 ítems está vinculado ao que se pode realizar dende o Traballo Social para a erradicación desta práctica.

Doutra banda, respecto ás variables medidas no cuestionario, estas son as seguintes. As variables sociodemográficas e académicas correspóndense co bloque 1. A variable concepto de MXF, que permite pescudar o coñecemento e visión do concepto que ten o estudantado da MXF, asóciase co bloque 2. En canto á variable violencia de xénero e MXF, que permite coñecer se o estudantado vincula a MXF co concepto de violencia de xénero, esta reflíctese no bloque 3. Finalmente, a variable Traballo Social e MXF, que se corresponde coa percepción do alumnado sobre se é necesario facer un maior traballo dende o traballo social para erradicar dita práctica, atópase no bloque 4.

Os ítems 13, 14, 15, 16, 17, 18 e 19 valóranse cunha escala tipo Likert (1 = Nada; 5 = Totalmente de acordo). Os ítems 9, 11, 21 e 22 correspóndense con preguntas de resposta múltiple. Os ítems número 2 e 4 son preguntas abertas e, finalmente, o resto de ítems, son preguntas de resposta única.

2.3. Procedemento

O cuestionario foi administrado de forma colectiva no horario regular de clases en primeiro, segundo, terceiro e cuarto curso do grao de Traballo Social, na Facultade de Educación de Ciencias da Educación e Traballo Social. Tras ofrecer a información (finalidade, confidencialidade e anonimato da investigación) e instrucións pertinentes sobre o cuestionario, o alumnado procedeu a súa realización de modo voluntario. Resulta oportuno sinalar que non transcorreu ningunha incidencia e, por outra banda, destacar a colaboración do profesorado e alumnado.

2.4. Deseño de investigación e análise de datos

A presente investigación é de corte cuantitativo. O corte cuantitativo refírese á metodoloxía cuantitativa, a cal está baseada no enfoque positivista e empírico da ciencia, é un tipo de estratexia que utiliza fundamentalmente os números e os métodos estatísticos. Este tipo de metodoloxía busca o xeral e o extenso, os resultados obtidos tratan de ser xeneralizables e, ademais, permite ao investigador/a definir cousas previamente. Así mesmo, a investigación, en canto á variable de tempo, esta é de natureza transversal, xa que se trata dun tipo de investigación fundamentado na observación que analiza datos que poden variar no tempo e que foron recollidos nun período de tempo determinado sobre unha mostra que foi definida con anterioridade. O deseño dos obxectivos é descritivo (Segredo, 2021).

En canto á análise de datos, estes foron analizados a través do programa estatístico SPSS versión 24.

3. RESULTADOS

No presente apartado expóñense os resultados obtidos da investigación segundo os obxectivos expostos.

Para poder dar resposta ao primeiro obxectivo específico, pescudar se o alumnado de Traballo Social considera que a MXF é un dos problemas máis importantes da sociedade actual, a mostra respondeu ao ítem 12 pertencente ao segundo bloque onde se mide o coñecemento do concepto da MXF. Os resultados son os que seguen na Táboa 2.

Táboa 2

Porcentaxe do alumnado que considera a MXF como un problema importante

Concepto de MXF	
12. No mundo, a MXF exerceuse en máis de 200 millóns de nenas e mulleres. Sabendo isto, considera que é un dos problemas máis importantes da sociedade actual?	
Si (%)	79,6%
Non (%)	5,4%
Non teño unha opinión sobre iso (%)	15%

No ítem 12, o 79,6% dos/as estudantes considera que a MXF é un dos problemas máis importantes na sociedade actual. Para responder o segundo obxectivo específico, o estudantado de Traballo Social considera que a MXF é unha forma de violencia de xénero, presentáronse os ítems 13, 14, 15, 16, 17, 18 e 19 pertencentes ao terceiro bloque onde se mide a variable violencia de xénero e MXF. Preséntanse seguidamente os resultados na Táboa 3.

Táboa 3

Porcentaxes de se o alumnado considera ou non a MXF como violencia de xénero

Violencia de xénero e MXF	1 (%)	2 (%)	3 (%)	4 (%)	5 (%)
13. A MXF é un tipo de violencia de xénero	0%	1,4%	3,4%	8,8%	86,4 %
14. A MXF existe por a superioridade do home nas culturas onde é practicada	0%	0,7%	4,1%	23,1 %	72,1 %
15. A MXF realízase para lograr o sometemento feminino	1,4%	1,4%	3,4%	20,4 %	73,5 %
16. A MXF, moitas veces, realízase pola presión social á que é sometida a familia e a propia muller na cultura á que pertence	0,7%	0%	10,2 %	25,2 %	63,9 %
17. A MXF é unha práctica cruel e inxusta para mulleres e nenas no mundo	0%	0%	0%	3,4%	96,6 %
18. A MXF é un tipo de violencia que priva á muller dunha parte do seu corpo	0%	0%	0,7%	3,4%	95,9 %
19. A MXF impide que a parte do corpo afectada cumpra unha función determinada	0,7%	0%	2,7%	10,9 %	85,7 %

Nota: 1: Nada de acordo; 5: Totalmente de acordo

En primeiro lugar, respecto ao ítem 13 onde se pregunta se a MXF é un tipo de violencia de xénero, o 86,4% do alumnado está Totalmente de Acordo. Na cuestión número 14, o 72,1% da mostra está Totalmente de Acordo con que a MXF existe pola superioridade do home nas culturas onde é practicada, seguido do 23,1% que marca De Acordo. No ítem 15, o 73,5% posiciónase Totalmente de Acordo respecto a que a MXF realízase para lograr o sometemento da muller, e o 20,4% está De Acordo. En canto ao ítem 16, o 63,9% da poboación analizada está Totalmente de Acordo en que a MXF realízase, en moitas ocasións, pola presión social á que é sometida a familia e a propia muller na cultura á que pertence, seguida do 25,2% que está De Acordo. Respecto ao ítem 17, o 96,6% móstrase Completamente de Acordo en que a MXF é unha práctica cruel e inxusta para mulleres e nenas no mundo. No ítem 18, o 95,9% da poboación afirma que está Totalmente de Acordo con que a MXF é un tipo de violencia que priva á muller dunha parte do seu corpo e, no ítem 19, o 85,7% posicionase Completamente de Acordo e o 10,9% De Acordo respecto a que a MXF impide que esa parte do corpo afectada cumpra unha función determinada.

Respecto ao último obxectivo, coñecer se o estudantado de Traballo Social considera necesario un maior traballo dende esta profesión para erradicar a MXF, presentáronse os ítems 20, 21 e 22 correspondentes ao bloque 4 onde se mide a variable Traballo Social e MXF. Os resultados alcanzados preséntanse a continuación na Táboa 4 e 5.

Táboa 4

Porcentaxe de alumnado que cre que o TS necesita facer un maior traballo para abolir a MXF

Traballo Social e MXF	
20. Como estudante de Traballo Social, considera que dende esta profesión se necesita facer un maior traballo para abolir a MXF?	
Si (%)	98%
Non (%)	0%
Non o teño claro (%)	2,1%

Táboa 5

Responden só quenes afirmaron Si no anterior ítem

Traballo Social e MXF	(%)
21.1 Viola os dereitos humanos	85,7%
21.2 É unha forma de violencia cara as mulleres	83%
21.3 O TS é unha profesión dende a que se debe actuar para asegurar os dereitos e benestar das persoas	90,5%

O 98% considera, como estudantes de Traballo Social, que dende esta profesión necesítase facer un maior traballo para abolir a MXF. E, desta porcentaxe, o 90,5% afirma que é así porque o TS é unha profesión dende a que se debe actuar para asegurar os dereitos e benestar das persoas.

4. CONCLUSIÓN

En relación ao primeiro Obxectivo Específico, pescudar se o alumnado de Traballo Social considera que a MXF é un dos problemas máis importantes da sociedade actual, os/as alumnos/as contemplan a MXF como tal, é dicir, como un problema importante da sociedade que debe terse en consideración.

Respecto ao segundo Obxectivo Específico, coñecer se o alumnado de Traballo Social considera a MXF como unha forma de violencia de xénero, pódese dicir que, efectivamente, o estudantado concibe a MXF como unha práctica de violencia cara ás mulleres, cuxa existencia se pode explicar pola idea da superioridade do home nas culturas onde é practicada, considerándoa como unha práctica inxusta e cruel cara ás nenas e mulleres do mundo.

En canto ao último Obxectivo Específico, coñecer se o estudantado de Traballo Social considera necesario un maior traballo dende esta profesión para erradicar a MXF, o resultado é afirmativo, considerando que dende o Traballo Social é necesario realizar unha maior intervención para poder eliminar dita práctica, alegando principalmente que

é dende esta profesión dende a que se debe actuar para asegurar os dereitos e benestar das persoas, tendo en conta que a MXF viola os dereitos humanos e que é unha forma de violencia cara ás mulleres.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Blanco, J. y Herrán, O. A. (2021). Mutilación genital femenina, entre la cultura y los derechos humanos. *Via Inveniendi Et Iudicandi*, 16(1), 1-28. <https://doi.org/10.15332/19090528.6478>
- Cisneros, F. (2021). Cuando la cultura se torna violencia: El derecho penal ante las mutilaciones genitales femeninas. *Revista Electrónica de Estudios Penales y de la Seguridad: REEPS*, (7), 30. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7750408>
- Convenio del Consejo de Europa sobre prevención y lucha contra la violencia contra las mujeres y la violencia doméstica. Consejo de Europa, 11 de mayo de 2011, no. 210. <https://rm.coe.int/1680462543>
- Fundación Wassu-UAB. (2020). La mutilación genital femenina en España. https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/estudios/investigaciones/2020/pdfs/Estudio_MGF.pdf
- Gallego, M. A. y López, M. I. (2010). Mutilación genital femenina: Revisión y aspectos de interés médico legal. *Cuadernos de medicina forense*, 16(3), 145-151. https://scielo.isciii.es/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1135-76062010000200002
- García, M. P. (2016). Manual de prevención de la mutilación genital femenina: buenas prácticas. Confederación Nacional Mujeres en Igualdad.
- González, E. (2022). Coyuntura actual de la mutilación genital femenina en Colombia y la lucha por erradicarla para 2030. *Forum. Revista Departamento de Ciencia Política*, (21), 33-50. <https://doi.org/10.15446/frdcp.n21.93984>
- Kaplan, A. y Grupo Interdisciplinar para la Prevención y el Estudio de Prácticas Tradicionales Perjudiciales (GIPE/PTP). (2017). Mutilación genital femenina: Manual para profesionales. <https://www.uab.cat/servlet/BlobServer?blobtable=Document&blobcol=urldocument&blobheader=application/pdf&blobkey=id&blobwhere=1345806885787&blobnocache=true>

- Kaplan, A. y López, A. (2017). Mapa de la Mutilación Genital Femenina en España 2016. Servei de Publicacions Universitat Autònoma de Barcelona. <https://www.uab.cat/web/transferencia-de-conocimiento/mutilacion-genital-femeninamgf-1345799901785.html>
- Naciones Unidas. (1995). Declaración y Plataforma de Acción de Beijing / Declaración política y documentos resultados de Beijing+5. https://www.unwomen.org/sites/default/files/Headquarters/Attachments/Sections/CSW/BPA_S_Final_WEB.pdf
- Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. (2014). Protocolo básico de intervención contra el maltrato infantil en el ámbito familiar. https://observatoriodelainfancia.mdsocialesa2030.gob.es/productos/pdf/MaltratoInfantil_accesible.pdf
- Organización Mundial de la Salud. Mutilación genital femenina. <https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/female-genital-mutilation>
- Roa, M. D. P. (2020). Mutilación genital femenina: consecuencias para la salud física y mental; una violación de los derechos humanos de mujeres y niñas. *Vía Inveniendi et Iudicandi*, 15 (2), 59. <https://www.proquest.com/docview/2508130603?fromopenview=true&pq-origsite=gscholar>
- Rodríguez, A. M. (2018). Sistema de protección social en la maternidad y la paternidad: la intervención social del/de la trabajador/a social sanitario/a. *Trabajo social hoy*, (85), 7-26. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6704763>
- Segredo, M. (2021). Visión y conocimiento del estudiantado de trabajo social sobre la Mutilación Genital Femenina. [Trabajo Fin de Grado, Universidad de La Laguna]. <https://riull.ull.es/xmlui/bitstream/handle/915/23915/Vision%20y%20conocimiento%20del%20estudiantado%20de%20trabajo%20social%20sobre%20la%20Mutilacion%20Genital%20Femenina.%20Proyecto%20de%20investigacion.%20.pdf?sequence=1>
- Tejón, L. (2021). La Mutilación Genital Femenina [Trabajo Fin de Grado, Universidad Autònoma de Barcelona]. <https://eugdspace.eug.es/bitstream/handle/20.500.13002/770/La%20mutilacion%20genital%20femenina.pdf?sequence=1&isAllowed=y>
- Torres, A. V., Pérez, M., Antón, C. y Vega, M. C. (2021). Niñas migrantes y mutilación genital femenina: los números cuentan que... Políticas públicas en defensa de la



inclusión, la diversidad y el género III: migraciones y derechos humanos (pp. 213-225). Ediciones Universidad de Salamanca. <https://eusal.es/index.php/eusal/catalog/view/978-84-1311-467-5/5556/6271-1>

UNICEF. ¿Qué es la mutilación genital femenina? Respuesta a 7 preguntas. <https://www.unicef.org/es/historias/lo-que-debes-saber-sobre-la-mutilacion-genital-femenina>

Villasanta, L. (2014). Mutilación Genital Femenina desde el Trabajo Social. [Trabajo Fin de Grado, Universidad de Jaén]. <https://tauja.ujaen.es/handle/10953.1/424>

Anexo 1. Cuestionario sobre a Mutilación Xenital Feminina

O presente cuestionario ten por obxecto estudar o coñecemento e a visión que ten o estudantado de Traballo Social da Universidade de Vigo, acerca da Mutilación Xenital Feminina vinculada á Violencia de Xénero. Esta investigación forma parte do Traballo de Fin de Grao de Elisa Gómez Alberte, estudante de 4º curso de Traballo Social, da Universidade de Vigo.

É totalmente anónimo, os seus resultados serán usados con fins académicos. Solicítase absoluta sinceridade na realización do cuestionario e a execución do mesmo pode ser duns 10 minutos.

Moitas grazas pola vosa colaboración. A vosa participación é fundamental.

RESPONDERANSE TODAS E CADA UNHA DAS CUESTIÓNS, MARCANDO OU COMPLETANDO, SEGUNDO CORRESPONDA

Datos sociodemográficos:

1. Sexo: 1.1. Feminino 1.2. Masculino
2. Idade: (anos)
3. Zona Residencial: 3.1. Rural 3.2. Urbana
4. Nacionalidade:
5. Curso do Grao de Traballo Social (Aquelas persoas que estuden materias de diferentes cursos marcarán aquel curso do que teñan máis materias).
 - 5.1. Primeiro 5.2. Segundo 5.3. Terceiro 5.4. Cuarto

Concepto de Mutilación Xenital Feminina (MXF)

6. A mutilación xenital feminina (MXF) é:
 - 6.1. A extirpación, parcial ou total, ou intervención nos órganos xenitais externos femininos sen xustificación médica e non beneficiosa para a súa saúde.
 - 6.2. A extirpación, total ou parcial, ou intervención nos xenitais externos femininos que benefician a súa saúde, como previr o contaxio de enfermidades de transmisión sexual ou por razóns de fertilidade.
 - 6.3. A extirpación, total ou parcial, ou intervención nos xenitais externos femininos para mitigar o desexo sexual e garantir a fidelidade a súa parella.
7. Cre que é un problema presente no noso país?



7.1. Si 7.2. Non

8. Coñece a alguén que sufrise dita práctica?

8.1. Si 8.2 Non 8.3. Non teño constancia diso

9. Cando ve as siglas MXF (Mutilación Xenital Feminina), cales son as primeiras palabras que lle veñen á cabeza? Pode marcar varias opcións.

- | | |
|------------------------------|----------------------------|
| 9.1. Dor | 9.7. Ilegal |
| 9.2. Cultura | 9.8. Violencia |
| 9.3. Sometemento | 9.9. Superioridade do home |
| 9.4. Inferioridade da muller | 9.10. Machismo |
| 9.5. Tortura | 9.11. Aberración |
| 9.6. Legal | 9.12. Outra..... |

10. Cre que é unha práctica que debería de ser legal?

10.1. Si 10.2. Non 10.3. Non o teño claro

11. Por que cre que se desenvolve dita práctica? Pode marcar varias opcións.

- | | |
|---|--|
| 11.1. Por razóns culturais | 11.4. Por razóns psicosexuais e reprodutivas |
| 11.2. Por razóns relixiosas e mitolóxicas | 11.5. Por todas as anteriores |
| 11.3. Por razóns hixiénicas e estéticas | 11.6. Outras..... |

12. No mundo, a MXF exerceuse en máis de 200 millóns de nenas e mulleres. Sabendo isto, considera que é un dos problemas máis importantes da sociedade actual?

12.1. Si 12.2. Non 12.3. Non teño unha opinión sobre iso

Violencia de Xénero e MXF (Para responder marque o número co que máis se identifique, tendo en conta que 1 é Nada de Acordo e 5 Totalmente de Acordo, todo en base a súa percepción como persoa).

13. A MXF é un tipo de violencia de xénero. 1 2 3 4 5

14. A MXF existe pola superioridade do home nas culturas onde é practicada. 1 2 3
4 5

15. A MXF realízase para lograr o sometemento feminino. 1 2 3 4 5

16. A MXF, moitas veces, realízase pola presión social á que é sometida a familia e a propia muller, na cultura á que pertence. 1 2 3 4 5

17. A MXF é unha práctica cruel e inxusta para mulleres e nenas no mundo. 1
2 3 4 5

18. A MXF é un tipo de violencia que priva á muller dunha parte do seu corpo. 1 2
3 4 5

19. A MXF impide que a parte do corpo afectada cumpra unha función determinada. 1
2 3 4 5

Traballo Social e MXF

20. Como estudante de Traballo Social, considera que dende esta profesión se necesita facer un maior traballo para abolir a MXF?

20.1. Si 20.2. Non 20.3. Non o teño claro

Nas seguintes cuestións, pódense marcar varias opcións de resposta:

21. Se respondeu si, seleccione as razóns polas que se debería de facer un maior traballo dende o Traballo Social para abolir a MXF

21.1. Viola os dereitos humanos

21.2. É unha forma de violencia cara as mulleres

21.3. O TS é unha profesión dende a que se debe actuar para asegurar os dereitos e benestar das persoas

22. Se respondeu non, seleccione as razóns polas que considera que non se debe de facer un maior traballo dende o Traballo Social para abolir a MXF:

22.1. Non se pode facer nada dende o Traballo Social

22.2. É deber doutras ramas tratar este tema

22.3. Non hai posibilidade real de producir un cambio

22.4. A MXF non viola os dereitos humanos

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

O MALTRATO ANIMAL COMO UNHA FORMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

EL MALTRATO ANIMAL COMO UNA FORMA DE VIOLENCIA DE GÉNERO

ANIMAL ABUSE AS A FORM OF GENDER-BASED

Zayra Gil Delgado – Traballadora Social

gilzayra3000@gmail.com

RESUMO

O presente estudo, de tipo teórico e documental, enfócase en levar a cabo unha revisión bibliográfica exhaustiva sobre a problemática do maltrato animal como unha manifestación de violencia de xénero. Esta forma de violencia caracterízase pola perpetración de actos de crueldade cara aos animais, o que constitúe unha forma de violencia física dirixida cara a estes, así como tamén inclúe o compoñente de violencia psicolóxica cara ás mulleres. Primeiramente, abórdase o concepto de violencia de xénero e explóranse as súas diversas manifestacións. Ademais, analízase a importancia do vínculo afectivo que se establece entre as persoas e os seus animais de compañía. A continuación, lévase a cabo unha revisión teórica detallada que explora a interconexión entre o maltrato animal e a violencia de xénero e indáganse nas consecuencias e nas dificultades ás que se enfrontan as vítimas debido á falta de recursos de protección que admiten mascotas. Por último, abórdase a importancia desta cuestión no Traballo Social, analizando as diversas actuacións que se poden realizar dende o Traballo Social para intentar paliar esta violencia. Finalmente, o estudo culmina cunha reflexión crítica e coas conclusións derivadas da revisión bibliográfica.

PALABRAS CHAVE

Violencia de xénero, maltrato animal, instrumentalización das mascotas, importancia da mascota, traballo social.

RESUMEN

El presente estudio, de tipo teórico y documental, se enfoca en llevar a cabo una revisión bibliográfica exhaustiva sobre la problemática del maltrato animal como una manifestación de violencia de género. Esta forma de violencia se caracteriza por la perpetración de actos de crueldad hacia los animales, lo que constituye una forma de violencia física dirigida hacia estos, así como también incluye el componente de violencia psicológica hacia las mujeres. Primeramente, se aborda el concepto de violencia de género y se exploran sus diversas manifestaciones. Además, se analiza la importancia del vínculo afectivo que se establece entre las personas y sus animales de compañía. A continuación, se lleva a cabo una revisión teórica detallada que explora la interconexión entre el maltrato animal y la violencia de género y se indagan las consecuencias y las dificultades a las que se enfrentan las víctimas debido a la falta de recursos de protección que admiten mascotas. Por último, se aborda la importancia de esta cuestión en el Trabajo Social, analizando las diversas actuaciones que se pueden realizar desde el Trabajo Social para intentar paliar esta violencia. Finalmente, el estudio culmina con una reflexión crítica y las conclusiones derivadas de la revisión bibliográfica.

PALABRAS CLAVE

Violencia de género, maltrato animal, instrumentalización de las mascotas, importancia de la mascota, trabajo social.

ABSTRACT

The present study, of a theoretical and documentary nature, focuses on conducting a comprehensive bibliographic review of the problem of animal abuse as a manifestation of gender-based violence. This form of violence is characterized by the perpetration of acts of cruelty towards animals, which constitutes a form of physical violence directed towards them, as well as including the component of psychological violence towards women. Firstly, the concept of gender-based violence is addressed, and its various manifestations are explored. Furthermore, the importance of the emotional bond established between people and their pets is analyzed. Next, a detailed theoretical review is carried out, exploring the interconnection between animal abuse and gender-based

violence, and investigating the consequences and difficulties faced by victims due to the lack of pet-friendly protective resources. Finally, the importance of this issue in Social Work is addressed, analyzing the various actions that can be taken from the field of Social Work to try to mitigate this violence. Ultimately, the study concludes with a critical reflection and the conclusions derived from the bibliographic review.

KEYWORDS

Gender-based violence, animal abuse, instrumentalization of animals, importance of pets, social work.

INTRODUCCIÓN

A violencia de xénero é un tipo de violencia que se exerce contra as mulleres polo feito de selo, sendo así, un reflexo da desigualdade e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres nesta sociedade. A pesar dos avances logrados grazas á concienciación social nos últimos anos, as cifras seguen sendo alarmantes. Segundo os datos estatísticos do Instituto Nacional de Estatística (INE) en 2022, rexistrouse un aumento do 8,3% no número de mulleres vítimas de violencia de xénero, acadando un total de 32.644 casos.

A miúdo, limitamos a nosa percepción da violencia de xénero unicamente aos asasinatos e agresións físicas. Porén, esta problemática maniféstase en diversas formas, como a violencia física, económica, psicolóxica e sexual, todas elas co propósito de causar sufrimento á muller. Unha destas manifestacións, que a miúdo pasa desapercibida, é o maltrato animal. Os maltratadores son conscientes do forte vínculo afectivo que une ás mulleres cos seus animais de compañía, e utilizan esta conexión para inflixir tanto violencia física cara aos animais como violencia psicolóxica cara ás mulleres. Ademais, esta forma de violencia presenta unha serie de dificultades adicionais, como son as consecuencias psicolóxicas nos fillos e fillas destas mulleres, ou a falta de recursos de protección que admitan animais, o que trae consigo que estes teñan que ser abandonados co maltratador, ou pola contra, que a muller decida non acudir ao recurso por medo ao que lle poida acontecer á súa mascota.

Así pois, no presente traballo de fin de grao buscamos dar resposta a unha serie de obxectivos, os cales son nomeados no seguinte apartado. Para logralo, comezamos explicando o concepto de violencia de xénero e as súas diversas manifestacións. Logo, exploramos a importancia do vínculo emocional entre as persoas e os seus animais de compañía para comprender como esta violencia afecta ás vítimas. A continuación, levamos a cabo unha revisión bibliográfica sobre o maltrato animal como forma de violencia de xénero e exploramos os obstáculos que afrontan as mulleres que sofren esta forma de abuso. Por último, centramos a nosa atención na relevancia desta cuestión no ámbito do Traballo Social, analizando as posibles intervencións que se poden levar a cabo dende esta disciplina para abordar esta problemática. O estudo conclúe cunha argumentación crítica e as conclusións derivadas da revisión bibliográfica.

1. CONCEPTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Neste primeiro apartado definiremos o concepto de violencia de xénero a nivel xeral e explicaremos as diferentes formas que existen á hora de exercer este tipo de violencia, para posteriormente centrarnos no maltrato animal como unha delas.

Así pois, a violencia de xénero defínese como o tipo de violencia que se exerce contra as mulleres polo simple feito de selo. É unha exemplificación da relación de poder existente do home sobre a muller e a maior manifestación da desigualdade de xénero presente na sociedade. Se nos focalizamos no estado español, a Lei Orgánica 1/2004 de Protección Integral contra a Violencia de Xénero defínea como:

Todo acto de violencia que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, se exerce sobre estas por parte de quen sexan ou foran os seus cónxuxes ou de quen estean ou estivesen ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia. (...) que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada.

Polo tanto, podemos observar que o obxectivo principal deste tipo de violencia é causar dor na muller. Pero ese dano non é causado única e exclusivamente de maneira física, senón que se presenta de diversas formas. Así, San Segundo (2016, como se citou en Caravaca Llamas e Sáez Olmos, 2022) realiza unha división das formas nas que se expresa a violencia de xénero. Estas formas son:

- A violencia física: Que consiste en empurróns, golpes ou tiróns de pelo, é dicir, calquera acto de violencia física cara á muller.
- A violencia psicolóxica: Referíndose aos insultos e as humillacións que afectan psicolóxicamente á muller.
- A violencia sexual: Trátase de obrigar á muller a realizar prácticas sexuais sen o seu consentimento ou pola forza.
- A violencia económica: É aquela violencia que exerce unha lesión ou un control de carácter económico.
- A violencia ambiental: É o tipo de violencia que atenta contra o entorno material, como pode ser o destrozo de obxectos persoais. Na violencia ambiental inclúese tamén o maltrato animal.

2. O VÍNCULO CO ANIMAL DE COMPAÑÍA

A continuación, realizaremos unha reflexión sobre a importancia que pode chegar a alcanzar para unha persoa o feito de ter un animal de compañía na súa vida, para posteriormente lograr entender como unha mascota pode chegar a ser utilizada como un ataque contra a muller por parte do seu maltratador.

En primeiro lugar, en relación coa clasificación sobre as diversas formas de violencia de xénero plasmada no primeiro apartado deste estudo, existen discrepancias por parte de diversos autores. E é que, segundo esta clasificación, o maltrato animal se considera como un tipo de violencia ambiental, considerando ao animal como unha posesión, do mesmo xeito que os bens materiais e os obxectos persoais poden adquirir un valor sentimental para a persoa. Polo tanto, tal e como afirma Córdoba (2022), podemos observar que non se comprende a importancia e a relevancia que ten o vínculo entre unha persoa e o seu animal de compañía.

Ao longo da historia da humanidade e nas diferentes culturas que xurdiron, a relación humano-animal sempre estivo presente, aínda que en moitas ocasións se baseou no uso dos animais con fins utilitarios e desde una visión antropocéntrica. Porén, Gutiérrez et al. (2007) refiren que nos últimos anos se puido apreciar un incremento importante nos fogares que teñen mascota, e esa visión cara os animais foi evolucionando e transformándose ata chegar a un proceso de domesticación. Así pois, podemos observar que unha gran cantidade de persoas na actualidade non consideran un animal como un simple medio para alcanzar un fin.

É importante que destaquemos que, en numerosas ocasións, as persoas que conviven coa súa mascota crean unha relación afectiva con esta, na cal se produce un vínculo moi forte e íntimo. Un dos principais motivos polos que se produce esta relación coa mascota é porque esta posúe a capacidade de achegar incondicionalidade, proporcionando e provocando nas persoas emocións positivas e curativas que as moven cara a resiliencia (Jacobs Bao e Schreer, 2016, como se citou en Aragunde- Kohl et al., 2021).

Así mesmo, diversos estudos evidenciaron e demostraron que o feito de ter un animal de compañía trae consigo numerosos efectos positivos para as persoas, como poden ser a tranquilidade e a seguridade. Tal é o caso dun estudio realizado en Puerto Rico no ano 2021. Este estudio foi realizado mediante un cuestionario dirixido a 210 mulleres que foron vítimas de violencia de xénero, co obxectivo de coñecer como se senten respecto ao seu animal de compañía. Os resultados do estudo evidenciaron que as mascotas supoñen un gran apoio emocional, así pois, a maioría das participantes consideran que as mascotas conseguen que se sintan acompañadas e lles axudan a esquecer os seus problemas, feitos que segundo expertos “son aspectos esenciais para lidar cun trauma” (Aragunde-Kohl et al., 2021, p. 183).

Polo tanto, Gutiérrez et al. (2007) defenden que, aínda que algunhas persoas teñen unha visión dos animais como se fosen un obxecto útil, outras chegan a considerar a unha mascota como un membro máis da familia. De feito, algúns autores defenden incluso a existencia dunha nova tipoloxía de familia, debido a que o feito de recoñecer á mascota como un ser vivo con dereitos sumados ao factor afectivo existente, son

fundamento para nomear á "familia multiespecie". Este concepto fai alusión a un grupo que convive baixo o mesmo teito e está unido principalmente por lazos emocionais e afectivos entre os seus membros. A súa característica principal é a existencia de máis dunha especie no grupo, e para que se forme este tipo de familia, é necesario que todos os membros recoñezan a unha mascota como parte de esta (Jardim et al., 2017).

3. O MALTRATO ANIMAL COMO FORMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

No seguinte apartado trataremos de analizar como o maltrato animal pode converterse nun indicador de violencia de xénero mediante a instrumentalización do animal de compañía.

Polo tanto, a primeira cuestión que debemos responder é: En que consiste a instrumentalización do animal? A instrumentalización da mascota consiste en que o maltratador utiliza ao animal como mecanismo para ameazar, chantaxear e danar de maneira psicolóxica á muller debido a que é consciente do vínculo que existe entre ela e a mascota. É dicir, ameázase con maltratar ou exercítase un maltrato real cara aos animais co obxectivo de someter e dominar á muller, e en ocasións tamén aos seus fillos e fillas.

Así mesmo, nestas situacións, os animais son utilizados como chibos expiatorios e como instrumentos para maltratar á parella, co obxectivo de conseguir o silencio desta respecto á situación de maltrato. Polo tanto, non cabe dúbida de que o maltrato cara ao animal de compañía co que a muller ten un forte vínculo é, ademais dun moi eficaz método de control, unha forma de violencia psicolóxica cara ela (González, 2021, como se cita en Sánchez et al., 2022).

Por outro lado, este tipo de violencia cara os animais está clasificado en diferentes documentos como un tipo de violencia ambiental, xa que a destrución de "obxectos" de valor para a muller é un acto que realizan os maltratadores de forma recorrente coa finalidade de crear un dano psicolóxico nela.

En contraposición ao anterior, outros autores sinalan que, aínda que a persoa agresora realiza este acto coa mascota co mesmo obxectivo, non se trata do mesmo, porque se trata de maltrato animal e o feito de que o acto se exerza sobre un ser vivo

implica unha maior dose de violencia e debería de requirir unha maior atención social (Faver, 2007, como se citou en Bernuz Beneitez, 2015). Mesmo definen este tipo de violencia cara aos animais como violencia vicaria. Así pois, Ledesma Rivero (2022) menciona que a psicóloga clínica e forense Sonia Vaccaro deu a coñecer no ano 2012 o termo violencia vicaria, definíndose como aquela violencia que se exerce sobre os fillos/fillas para ferir á muller. Con todo, o concepto de violencia vicaria foi ampliándose co tempo, dirixíndose esta non só aos fillos e fillas, senón que se exerce “contra outros membros da familia ou rede da muller, entendendo que nesta se inclúen tamén os animais” (Sánchez et al., 2022, p. 3).

Doutra banda, é necesario que destaquemos que estes episodios de maltrato animal co obxectivo de danar á muller son frecuentes e son casos reais xulgados en España, os cales podemos observar en diversos titulares: “Un home estampa contra o chan ao cachorro labrador da súa parella e pisa a cabeza ata matalo co obxectivo de ameazala”. “Intentou afogar na bañeira ao can da súa parella diante dela” (Molina Gallardo, 2021, p.2). Doutra banda, é necesario que destaquemos que estes episodios de maltrato animal co obxectivo de danar á muller son frecuentes e son casos reais xulgados en España, os cales podemos observar en diversos titulares: “Un home estampa contra o chan ao cachorro labrador da súa parella e pisa a cabeza ata matalo co obxectivo de ameazala”. “Intentou afogar na bañeira ao can da súa parella diante dela” (Molina Gallardo, 2021, p.2).

A continuación, imos mostrar algúns datos estatísticos sobre este tipo de violencia.

Segundo os datos ofrecidos por Animal's Health (2020), diversas investigacións recentes sinalan que arredor dun 80% das mulleres que foron vítimas de violencia de xénero e un 70% dos fillos/fillas destas refiren que foron ameazados con matar ou chegaron a matar á súa mascota. Ao seu tempo, o Observatorio de Violencia cara aos Animais (2019) recolle datos semellantes: o 86% das mulleres vítimas de violencia de xénero e o 63% dos menores, refiren maltrato ao seu animal.

No Reino Unido, segundo os datos dun estudo realizado en diferentes casas de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero, Córdoba (2022) menciona que nun

66% dos casos o maltratador ameazou con danar ao animal de compañía. Tamén Caravaca Llamas (2020) recoñeceu datos de diversos estudos, segundo os cales no 68% dos casos en que as mulleres que foron vítimas de violencia de xénero tamén houbo maltrato cara á mascota. Ademais, os datos indican que no 87% dos episodios de maltrato animal estaban as mulleres presentes e nun 75% tamén os fillos/as.

Polo tanto, os datos indican que existe relación entre a violencia de xénero e o maltrato animal debido á instrumentalización dos animais de compañía, de xeito que o maltrato animal pode ser unha forma de violencia de xénero.

Con todo, a pesar do que nos indican os datos, a instrumentalización dos animais de compañía como forma de violencia de xénero é un tipo de violencia ignorada, invisibilizada e silenciosa. Pero, por que se ten esa percepción sobre este tipo de violencia? Por que non se lle outorga a importancia que merece? Bernuz Beneitez (2015) proporciónanos unha serie de motivos:

En primeiro lugar, o maltrato animal non se considera como un problema na sociedade e nos poderes públicos debido aos suxeitos aos que vai dirixido. Ademais, é unha violencia invisibilizada e isto pódese observar en que non ten unha gran repercusión mediática, en raras ocasións se observa este tipo de violencia nos medios de comunicación, a excepción de casos que destacan pola súa extrema dureza.

En segundo lugar, é unha violencia ignorada xa que o feito de que sexan animais os seres aos que vai dirixida esta violencia leva á existencia dunha menor cantidade de recursos investidos e de protocolos destinados a probar o maltrato e detectar esta situación. Así mesmo, a nivel legal implica un menor castigo agredir a un animal que a un ser humano, polo tanto, a persoa que exerce a violencia pode chegar a sentirse máis tranquila.

En terceiro lugar, é unha violencia silenciosa dado que son vítimas ocultas dun maltrato que se produce nun ámbito privado e que non teñen voz propia para pedir axuda, provocando que estes sexan máis vulnerables.

Polo tanto, as mascotas non só son vítimas instrumentais dentro da violencia de xénero polas consecuencias que ten para as mulleres e os seus fillos/as, senón que tamén son vítimas directas porque son capaces de sufrir con eses actos de violencia.

En definitiva, esta falta de interese polo benestar animal pode estar favorecendo que se pase por alto unha cuestión que para as mulleres que foron ou son vítimas de violencia de xénero pode ser importante, que é o benestar da súa mascota.

4. CONSECUENCIAS DESTA VIOLENCIA

Neste apartado, centrarémonos nas consecuencias e nas dificultades ás que se enfrontan as mulleres que foron vítimas desta forma de violencia de xénero. Os estudos demostran que a violencia de xénero trae consigo secuelas físicas nas mulleres que sufriron agresións físicas e/ou sexuais por parte do seu maltratador. Así mesmo, tal e como Prats (2022) menciona, diversos estudos tamén conclúen que o feito de ter sufrido unha situación de violencia está relacionado con distintos problemas de saúde mental, como son a ansiedade, a depresión ou trastornos do sono. Doutra banda, aclaremos que unha das características da violencia de xénero é que non ten por que darse unicamente mentres a muller se atopa na relación sentimental co maltratador, senón que pode ocorrer cando a relación rematou.

Se nos centramos na violencia de xénero exercida mediante o maltrato animal, podemos observar que ten graves consecuencias para a muller, xa que tal como Bernuz Beneitez (2015) indica, tamén pode utilizarse para obrigar a muller a regresar á súa casa despois de decidir abandonar o domicilio e rematar coa relación, deixando atrás ao seu animal. En consecuencia, reparamos en que desa forma prodúcese unha das maiores problemáticas deste tipo de violencia, referíndonos á negativa por parte das mulleres a acceder a recursos de protección ao verse obrigadas a deixar á súa mascota co maltratador.

En relación co anteriormente exposto, é importante mencionar que na actualidade son moi escasos os albergues e casas de acollida que permiten ter animais, polo que as mulleres renuncian a unha praza por medo ao que lle poida ocorrer á súa mascota, sendo controladas novamente polo home. E é que, aínda que nos últimos anos

empezaron a admitirse mascotas nalgúns recursos de protección, en España non se contempla de forma coordinada e estandarizada a presenza de animais nestes recursos. Así pois, segundo Sánchez et al. (2022), “unha mostra diso é a inexistencia de centros de emerxencia de acollida conxunta, que permitan á muller e aos seus fillos e fillas non separarse do animal” (p. 4). A continuación, imos observar os resultados que nos ofrecen algúns estudos realizados sobre esta problemática.

Segundo os datos ofrecidos polo Observatorio de Violencia de Xénero en Bizkaia (2019), ata o 56% das mulleres non abandonan o entorno de violencia para non abandonar ao seu animal de compañía. Do mesmo xeito, os datos de Animal's Health (2019) mostran que o 48% das mulleres vítimas de violencia de xénero prolongaron a relación coa súa parella por medo á seguridade da súa mascota. De feito, o 94% das mulleres afirmaron que, de existir un sistema de acollida para os seus animais, abandonarían antes a relación de maltrato (Querol i Viñas, 2021, como se cita en Córdoba, 2022).

Por este motivo, é tan importante entender e recoñecer o vínculo existente entre persoa e animal para comprender a decisión destas mulleres de prolongar a súa relación ou mesmo de non acudir aos recursos de protección. Randour (2007, como se cita en Bernuz Beneitez, 2015, p. 106) asegura que “canto antes recoñezamos ese vínculo e integremos ese coñecemento nos protocolos de políticas e profesionais, mellor será para todos os membros da comunidade, incluíndo aos animais”. Así pois, cando non se admiten animais nestes recursos de protección, a muller ten que decidir entre a súa seguridade ou a seguridade do seu animal, e unha vez máis, volven a instrumentalizarse os animais para exercer violencia psicolóxica contra a muller. Pero ao mesmo tempo, non debemos esquecer que tamén se está permitindo un maltrato cara a un ser vivo e sentinte ao non darlle refuxio. Polo tanto, Caravaca Llamas e Sáez Olmos (2022) defenden que o feito de admitir ás mascotas nos recursos de protección garante a seguridade dos animais de compañía ao mesmo tempo que supón un aspecto clave á hora de que a muller abandone o fogar. Ademais, debido ao vínculo existente entre a muller e/ou os seus fillos/as e a mascota, diversos estudos recalcan que a presenza do animal pode contribuír ao proceso de recuperación desas mulleres.

Por outra banda, non debemos esquecer que non só as mulleres son vítimas directas de violencia de xénero, senón tamén os seus fillos/as, e é que o maltrato animal como forma de violencia de xénero tamén trae consigo consecuencias psicolóxicas para os/as nenos/as xa que, do mesmo xeito que a nai, estes e estas constrúen un vínculo emocional co animal de compañía. De feito, un estudo de Animal's Health (2020) indícanos que nun 70% dos casos de violencia de xénero nos que hai animais de compañía implicados, os/as fillos/as refiren que os maltratadores os ameazaron con matar á súa mascota. Ademais, segundo Caravaca Llamas (2020), no 75% dos casos de instrumentalización das mascotas co obxectivo de facer dano á muller, os/as fillos/as estaban presentes. Pero ademais do dano psicolóxico ocasionado aos e ás menores, este tipo de violencia tamén pode traer consecuencias físicas. Así, Ascione et al. (2007, como se cita en Bernuz Beneitez, 2015) indica que o 50% dos nenos que participaron no seu estudo, manifestaron que interviñeron para tentar protexer aos seus animais, poñendo en perigo a súa propia vida. É dicir, os/as fillos/as tenden a exporse á violencia instrumental cara ás súas mascotas para tentar protexelas, do mesmo xeito que ocorre en numerosos casos na violencia cara á nai (Esteve, 2020, como se cita en Sánchez et al., 2022).

Ademais, o maltrato animal pode provocar cambios no desenvolvemento psicolóxico e emocional nos fillos/as, así como na súa socialización a longo prazo. Córdoba (2022) menciona que a observación e exposición dos e das menores a calquera tipo de violencia é sempre daniña e prexudicial xa que inflúe na súa maduración.

De acordo co anteriormente mencionado, en ocasións cando un/unha neno/a crece nunha situación onde existe algún tipo de violencia, pode acabar normalizando este tipo de comportamento e chegar a ter unha percepción da violencia como unha conduta normal e aceptable. Esa normalización pode provocar que os/as fillos/as desenvolvan condutas violentas cara aos animais ou mesmo cara ás persoas, ou pode influír no futuro na súa forma de socialización coas demais persoas. Así pois, “a aprendizaxe social pode xogar un papel no maltrato dos animais por parte dos nenos, sobre todo cando estes comportamentos son realizados por figuras importantes na súa vida” (DeGue e DiLillo, 2009, p. 1041).

5. UNHA PERSPECTIVA DENDE O TRABALLO SOCIAL

Tal e como mencionamos anteriormente, en España non existe de forma coordinada e estandarizada a presenza de animais nos recursos de protección, atopándose só recursos específicos destinados aos animais de mulleres vítimas de violencia de xénero. Así pois, Caravaca Llamas e Sáez Olmos (2022) mencionan un dos recursos pioneiros, "VioPet", un programa que xorde da Dirección Xeral de Dereitos dos Animais e o Observatorio de Violencia cara aos Animais, que consiste na acollida temporal ou permanente destes animais. Posteriormente, xurdiu a iniciativa social "Amigos del Perro", fundación que, tal e como Caravaca Llamas e Sáez Olmos nos indican, colabora coas autoridades para realizar actuacións co fin de intentar sacar á mascota do entorno de violencia no que se atopa. Así, nesta fundación procuran darlle aloxamento e coidados ao animal de compañía durante o tempo necesario, ata que a muller se considere en condicións para recuperar a súa mascota.

Por outra banda, os protocolos e ferramentas de valoración do risco de violencia de xénero non inclúen o maltrato animal como unha forma desta, salvo en algunha excepción. Por exemplo, Caravaca Llamas e Sáez Olmos (2022) indican que se a mascota é maltratada polo agresor non se ten en conta no Protocolo médico-forense de valoración urxente do risco de violencia de xénero do Ministerio de Xustiza do Goberno de España; nin tampouco se contempla na Escala de Predición do Risco de Violencia Grave contra a Parella (EPV-R) nin na Escala de Avaliación do Tipo e Fase da Violencia de Xénero (EETFVG). Con todo, si se contempla no Protocolo Común para a Actuación Sanitaria ante a Violencia de Xénero do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde (CISNS) e no formulario de Valoración Policial do Risco de Violencia contra a Muller do sistema Viogén (Caravaca Llamas e Sáez Olmos, 2022).

Como puidemos observar, existen numerosas carencias e dificultades ás que se teñen que enfrontar as mulleres vítimas deste tipo de violencia, así como as súas mascotas, que tamén acaban sendo vítimas. O Traballo Social é unha profesión baseada na práctica e no trato coas persoas, ademais dunha disciplina académica que loita polo empoderamento destas e polo cambio, o desenvolvemento e a cohesión social. Así pois, a violencia de xénero é un gran desafío e unha das maiores problemáticas que existen na sociedade, na que o Traballo Social intervéñ. Na actualidade, existen desde os servizos sociais numerosas prestacións, recursos e programas dirixidos ás mulleres que foron

vítimas da violencia de xénero, pero atopamos carencias se nos centramos no maltrato animal como unha forma deste tipo de violencia. Por tanto, como podemos actuar ante este tipo de violencia desde o Traballo Social?

Analizando unicamente a primeira persoa autora de cada artigo seleccionado para esta revisión, pódese dicir que a persoa que máis investigacións realizou neste ámbito é Kattari, quen publicou xunto a outros autores 2 artigos no ano 2020, e un no 2016; eses tres artigos representan un 10,7% sobre o total de documentos seleccionados. Outra persoa autora popular é Bauer, con investigacións xunto a outros autores nos anos 2015 e

2021; e Clements-Nolle, que publicou nos anos 2001 e 2006. Seelman publicou un artigo de maneira individual no 2016 e outro xunto a outros investigadores no 2020; así mesmo, Romanelli publicou xunto a Lindsey no 2020 e xunto a outros autores no 2018. Cada un do resto de artigos científicos representa respectivamente un 3,6% sobre o total de documentos.

Táboa 3

Revistas nas que se publican os artigos

	N	%
Administration and Policy in Mental Health and Mental Health Services Research	1	3,6
AIDS Education and Prevention	1	3,6
American Journal of Preventive Medicine	2	7,1
American Journal of Public Health	1	3,6
Annals of Epidemiology	1	3,6
BMC Public Health	1	3,6
Health & Social Work	2	7,1
Indian Journal of Psychological Medicine	1	3,6
International Journal of Environmental Research and Public Health	2	7,1
Journal of Advanced Nursing	1	3,6
Journal of Affective Disorders	1	3,6
Journal of Community Psychology	2	7,1
Journal of Homosexuality	2	7,1
Journal of Racial and Ethnic Health Disparities	1	3,6
Journal of Youth and Adolescence	1	3,6
LGBTB Health	3	10,7
Pediatrics	1	3,6
Population Health	1	3,6
Social Science & Medicine	1	3,6
Social Work in Health Care	1	3,6
The Journal of Sex Research	1	3,6
TOTAL	28	100,0

Os 28 artigos cos que se conta para a revisión bibliográfica están publicados nun total de 21 revistas. Neste caso, a máis popular foi *LGBTB Health*, cun total de 3 publicacións, é dicir, o 10,7% do total. As seguintes revistas máis populares foron *American Journal of Preventive Medicine*, *Health & Social Work*, *International Journal of Environmental Research and Public Health*, *Journal of Community Psychology* e

Journal of Homosexuality, con cadansúa 2 publicacións, é dicir, o 7,1% respectivamente. Por último, as revistas *Administration and Policy in Mental Health and Mental Health Services Research*, *AIDS Education and Prevention*, *American Journal of Public Health*, *Annals of Epidemiology*, *BMC Public Health*, *Indian Journal of Psychological Medicine*, *Journal of Advanced Nursing*, *Journal of Affective Disorders*, *Journal of Racial and Ethnic Health Disparities*, *Journal of Youth and Adolescence*, *Pediatrics*, *Population Health*, *Social Science & Medicine*, *Social Work in Health Care* e *The Journal of Sex Research*, contan cada unha delas cun artigo respectivamente (cada un representa aproximadamente o 3,6% sobre o total).

Como se pode observar, a gran maioría de revistas pertencen a disciplinas como a medicina e a psicoloxía, mentres que unha menor parte está destinada ao Traballo Social na Saúde, ao colectivo LGTBI, á mocidade, á sexualidade e ás minorías raciais e/ou étnicas.

2.3. Resultados temáticos

En canto aos resultados temáticos, seleccionáronse como variables a analizar para a elaboración deste apartado o tipo de estudo, a metodoloxía do estudo, a poboación de estudo, a intervención social que suxire o estudo para previr e/ou paliar o suicidio na comunidade trans, así como os factores condicionantes nos comportamentos suicidas detectados na investigación.

Táboa 4

Resultados dos artigos en base ás variables temáticas

Autore(s) e ano de publicación	Tipo de estudo	Metodoloxía do estudo	Poboación de estudo	Intervención social	Factores condicionantes no suicidio
Angelino et al. (2020)	Investigación	Cualitativa	Profesionais da saúde	Investigación participativa baseada na comunidade, compromiso e colaboración, fomento da resiliencia a través de tradición e cultura.	Barreiras no acceso aos servizos sanitarios.
Bauer et al. (2015)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 16 anos en Ontario (Canadá)	Inclusión social (apoio social, apoio familiar), cambio en documentos de identidade, protección contra a transxénero, facilitar acceso a transición médica (se fose necesaria).	Exclusión social, transxénero (violencia, discriminación, acoso verbal, ameazas, abuso físico ou sexual), imposibilidade de iniciar proceso de transición ou hormonas.
Bauer et al. (2021)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans menores de 16 anos que asisten a terapia de afirmación de xénero en Canadá	N/A	Depresión, ansiedade, necesidades sociais.
Cerei et al. (2020)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos que viven en EE.UU.	Avaliar a exposición deste colectivo ao suicidio e brindarles apoio no duelo, reducir a súa exposición ao suicidio mediante enfoques de prevención desde a saúde pública.	Malestar psicolóxico por cercanía cunha persoa transxénero que morreu por suicidio/que intentase suicidarse.
Chan et al. (2022)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans de entre 14 e 25 anos en Canadá	Desenvolvemento de estratexias de afrontamento, instauración dun sistema sanitario máis equitativo, prevención temperá da violencia e discriminación, apoio social/parental, autoestima.	Discriminación e/ou violencia por razóns de sexo, etnia/cultura, raza/cor, aparencia física, relixión ou idioma, no acceso a servizos sanitarios.
Clary et al. (2023)	Investigación	Cualitativa	Persoas trans maiores de 18 anos que viven en Texas (EE. UU.)	Considera-lo espectro de inclusión e discriminación nos contornos, defensa de políticas e prácticas inclusivas, apoio na saúde mental, física e xeral deste colectivo.	Depresión, ansiedade, abuso de substancias, discriminación, vitimización, simbolismo negativo, relixión, patriotismo extremo.
Clements-Nolle et al. (2001)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos que viven/traballan en San Francisco (EE.UU.)	Enfoques baseados en pares para brindar servizos sociais relacionados co VIH, o abuso de substancias, saúde mental, educación, emprego e atención médica especializada para o colectivo trans.	Infección por VIH, estado de saúde mental, abuso de substancias, discriminación, vitimización.
Clements-Nolle et al. (2006)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos que viven/traballan en San Francisco (EE.UU.)	Estratexias de prevención do suicidio, asesoramento, avaliación de risco de suicidio e derivacións desde os profesionais de saúde mental, intervencións de alcance baseadas en pares.	Discriminación, vitimización, ansiedade, violencia, abuso de substancias, abuso sexual/violación, depresión, baixa autoestima, infección por VIH.
Fenaghty et al. (2023)	Investigación	Cuantitativa	Persoas, de entre 14 e 26 anos en Aotearoa (Nova Zelandia).	Apoio na saúde mental, educación ás familias, líderes relixiosos e comunidades, profesionais dos servizos de saúde e servizos sociais.	Terapia de Conversión Sexual ou Terapia de Reorientación Sexual (SOGICE) exercidas por líderes relixiosos, familiares, profesionais da saúde, etc.
Holloway et al. (2021)	Investigación	Cuantitativa	Membros da comunidade minoría sexual/trans en servizo activo das Forzas Armadas de EE.UU.	Programas e políticas adaptadas a este colectivo que busquen a mellora da saúde e benestar cando a redución de danos por consumo de substancias, mellora do ambiente militar, programas de apoio.	Abuso de substancias, ansiedade, depresión, problemas de saúde mental, trastorno de estrés posttraumático (TEPT).

Kattari et al. (2016)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans en Colorado (EE.UU.)	Aumentar a competencia e inclusividade dos provedores ao traballar con este colectivo, comprender mellor como as persoas trans conceptualizan a prestación de servizos inclusivos.	Depresión, ansiedade, pensamentos suicidas durante o último ano, non dispoñer de atención de profesionais transinclusivos.
Kattari, Bakko et al. (2020)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos en EE.UU.	Brindar apoio ós profesionais na adquisición de coñecemento sobre a poboación trans e as súas necesidades de atención médica, incorporando as dúas ensinanzas nos estudos da súa disciplina, uso de linguaxe inclusiva.	Depresión, ansiedade, pensamentos suicidas previos, estigma, recibir trato negativo nos servizos da saúde.
Kattari, Kattari et al. (2020)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos que viven en Michigan (EE.UU.)	Actuación das/os traballadoras/os sociais e terapeutas con perspectiva interseccional con este colectivo, traballar a nivel micro e macro para crear unha sociedade máis comprensiva.	Depresión, ansiedade, pensamentos de autolesión non suicidas/autolesións non suicidas no último ano.
Kenagy (2005)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans que viven en Philadelphia (EE.UU.)	Actuacións de prevención do suicidio entre o colectivo trans, facilitar acceso a estes coitados preventivos.	Discriminación polo feito de ser trans, violencia, infección por VIH.
Kia et al. (2021)	Revisión bibliográfica	N/A	N/A	Necesidade de futuras investigacións sobre o apoio entre pares nas persoas trans como prevención do suicidio.	N/A
Kupper et al. (2018)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans de entre 14 e 30 anos en EE.UU.	Prevención e intervención dirixida a desenvolver apoio e auto percepción positiva, reducir a vitimización e tratar a depresión.	Vitimización, síntomas depresivos, baixa autoestima, escaso apoio social, ideación suicida no último ano.
Mak et al. (2020)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans inscritas no Kaiser Permanente Plan en California do Norte, California do Sur e Xeorxia (EE.UU.)	Recibir apoio e atención de afirmación de xénero, lograr maior congruencia entre a identidade de xénero e a aparencia.	Discriminación, malestar emocional, múltiples diagnósticos de saúde mental, pensamentos/intentos previos de suicidio.
Makuts et al. (2020)	Investigación	Cuantitativa	Mulleres trans maiores de 15 anos ou maiores de EE.UU.	Capacitación dos profesionais da saúde mental e desenvolvemento de novas estratexias de participación para intervencións de mitigación de estigma.	Malestar psicolóxico, ideación/intento suicida no último ano, estigma.
Operario e Nemoto (2005)	Investigación	Cuantitativa	Mulleres trans de orixe asiática e do Pacífico en EE.UU.	Deseño de programas de prevención apropiados culturalmente e ao colectivo pola saúde pública.	Comportamentos sexuais de risco, uso de substancias, infección por VIH, depresión, intentos previos de suicidio.
Paceley et al. (2020)	Investigación	Cualitativa	Persoas trans de entre 18 e 24 anos de dous estados do Medio Oeste en EE.UU.	Mayor comprensión da percepción do clima comunitario deste colectivo, maior visibilidade e aceptación, políticas inclusivas, deseño e implementación de intervencións a nivel comunitario que promovan a aceptación e o benestar das persoas trans, desenvolvemento de programas de apoio comunitario e escolar, aumentar acceso a atención médica afirmativa.	Vitimización, saúde deficiente, depresión, ideación suicida, ausencia de grupos comunitarios inclusivos, mala accesibilidade a atención médica inclusiva, clima comunitario deficiente, políticas non inclusivas.
Pandey e Seelman (2022)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos en EE.UU.	Formulación de políticas destinadas á redución de consumo de substancias e mellorar a saúde mental deste colectivo.	Uso de substancias, saúde mental deficiente, sentir sido traballador sexual, pensamentos/intentos previos de suicidio, malas experiencias en tratamentos de drogas e alcohol.
Romanelli et al. (2018)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos de 50 estados de EE.UU., Washington D.C., Porto Rico, Guam e as Illas Virxes dos EE.UU.	Políticas de protección deste colectivo e de prevención no sistema sanitario, integración de contido relacionado a este colectivo nos plans de estudo de Medicina, Traballo Social e Psicoloxía, aumentar a visibilidade, promoción da saúde e do benestar desde os servizos.	Negación de atención en servizos, discriminación nos servizos, uso de substancias, baixo apoio social, trastornos de saúde mental.

Romanelli e Lindsey (2020)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos en EE.UU.	Intervencións de participación para as persoas trans que viven discriminación, intervencións educativas en competencias trans para os profesionais, elaboración de políticas de non-discriminación.	Discriminación na atención médica, atención médica deficiente, ter algunha discapacidade, pensamentos suicidas no último ano.
Seelman (2016)	Investigación	Cuantitativa	Persoas universitarias identificadas como trans publicamente en EE.UU.	Considerar formas de abordalo acoso e a vitimización por parte do persoal universitario para previr e responder a estes problemas, implementación de políticas de tolerancia e prevención, creación de espazos transactivos.	Negación de acceso a servizos, discriminación, violencia, ameazas, acoso, marginalización, presenza dun trastorno de saúde mental.
Seelman et al. (2020)	Investigación	Cuantitativa	Homes trans maiores de entre 18 e 73 anos en EE.UU.	Educación dos provedores de saúde con base na diversidade, creación de intervencións dirixidas a mellorar a atención médica deste colectivo.	Estigma, discriminación nos servizos, maltrato na atención, malestar psicolóxico, pensamentos/intentos de suicidio no último ano.
Staples et al. (2018)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans de entre 18 e 44 anos en EE.UU.	Intervencións a nivel social e individual para abordar a ideación suicida e redución de estigma, cambios nas políticas e na educación, mellora das habilidades de afrontamento destas persoas.	Pensamentos suicidas/autolésions non suicidas no último ano, estrés, transfobia interiorizada.
Tucker et al. (2019)	Investigación	Cuantitativa	Persoas trans maiores de 18 anos e veteranos militares en EE.UU.	Establecer accións preventivas do suicidio na saúde pública desde un enfoque multisistémico, necesidade de continuidade das campañas que promoven a conexión social.	Exposición ao suicidio ou intento de suicidio dunha persoa cistrans cercana.
Vinupaksha et al. (2016)	Revisión bibliográfica	N/A	N/A	Fortalecer os factores de resiliencia con base en estratexias preventivas do suicidio, incrementando os factores de protección.	Vitimización excedida no xénero, discriminación, acoso, violencia, rexeitamento por parte de familiares/amigos/comunidade, acoso, maltrato e discriminación na atención médica.

En canto aos resultados temáticos, como se pode ver na Táboa 4, a maioría dos artigos utilizados para elaborar esta revisión bibliográfica son investigacións de metodoloxía cuantitativa, fronte a unha pequena parte de investigacións cualitativas e dúas revisións bibliográficas. Ademais, a gran maioría de estudos abordan como poboación diana ás persoas trans maiores de idade en Estados Unidos, mentres que unicamente hai un estudo que aborda ás mulleres trans maiores de 15 anos, e outro aos homes trans maiores de 18 anos, respectivamente, ademais dun estudo que entrevista aos profesionais da saúde no trato co colectivo trans, poñendo como criterio de inclusión que sexan persoas que pertencen á zona xeográfica dos Estados Unidos de América.

Moitos dos estudos suxiren como intervencións para evitar e/ou paliar os comportamentos suicidas a educación ás e aos profesionais sociosanitarios, familias e comunidades sobre diversidade e necesidades do colectivo trans, así como a actuación desde a saúde pública con enfoques multisistémicos de prevención do suicidio, dando apoio na saúde física e mental. Tamén se suxiren accións de prevención temperá da discriminación e da violencia, co fin de reducir a vitimización á que está sometido este colectivo no seu día a día, mediante o deseño e instauración de políticas máis inclusivas e de non discriminación, así como de programas adaptados ás necesidades deste colectivo e de espazos máis inclusivos. A actuación dos profesionais do Traballo Social, a

Psicoloxía e a Medicina debe darse cunha perspectiva interseccional, a nivel micro e macro, promovendo o apoio social e de pares, a saúde, o benestar e o desenvolvemento e mellora de estratexias de afrontamento ás adversidades que viven as persoas trans, creando persoas con máis autoestima e autopercepción positiva, e fortalecendo os seus factores de protección e resiliencia; ademais, ao traballar a nivel social, tamén se aumentará a comprensión cara a este colectivo, así como a aceptación e visibilidade do mesmo. Así mesmo, recálcase a necesidade de futuras investigacións no ámbito do suicidio e as persoas trans, debido á alta prevalencia de ideación e tentativa suicida que existe nestas persoas.

Seguindo a Táboa 4, estes estudos tamén sinalan cales son aqueles factores que aumentan o risco de suicidio das persoas trans. Actitudes transfóbicas como o estigma, a discriminación, a violencia (acoso, abuso físico ou sexual, entre outros), o rexeitamento, a marxinalización, a exclusión social e o impedimento ao acceso a determinados servizos (como poden ser os sanitarios, debido á presenza de profesionais non inclusivos), as Terapias de Conversión Sexual ou Terapias de Reorientación Sexual (SOGICE) ou o simbolismo negativo cara a este colectivo, condicionan a aparición nas persoas trans de malestar psicolóxico, trastornos de saúde mental (ansiedade, depresión, Trastorno de Estrés Postraumático, entre outros), abuso de substancias, baixa autoestima, transfobia interiorizada e ideación de autolesión ou suicida, que pode derivar en ter estes comportamentos autodestrutivos. Así mesmo, sumado á presenza de barreiras no acceso a servizos, necesidades sociais non cubertas, exposición ao suicidio de terceiras persoas (tanto cis como trans), abuso de substancias ou diagnósticos de trastornos de saúde mental previos, presenza de enfermidades como o VIH, escaso apoio social, clima comunitario deficiente e ausencia de políticas inclusivas, o risco de suicidio é moito máis elevado, polo que se require de intervencións precisas e especializadas sobre este colectivo.

3. DISCUSIÓN E CONCLUSIÓN

Esta revisión bibliográfica narrativa tiña o obxectivo de revisar a literatura científica existente en relación á temática do suicidio e as persoas trans. Tras analizar os diferentes documentos que conforman esta revisión, pódese enfatizar na urxencia de intervención

nesta problemática, desde diferentes disciplinas, e sempre orientadas á persoa, así como especializadas nas súas características e necesidades, co fin de intervir na raíz de todos os problemas sociais que se relacionan coa temática.

Cando se fala da evolución científica deste tema, poñendo o punto de vista no número de investigacións realizadas por ano (ver Figura 2), pódese observar que no período de 2001 a 2023, a produción científica atópase parada do 2002 ao 2004, do 2007 ao 2014 e no ano 2017, pese á evidente necesidade de actuación. A produción é mínima excepto no ano 2020 no que se publican nove artigos científicos relacionados coa temática.

Como xa se menciona no apartado de resultados temáticos, existen numerosos factores asociados ao suicidio e á ideación e condutas suicidas. En base ao Modelo de Estrés por Minoría (Meyer, 2003) – marco de actuación empiricamente respaldado que explica a relación entre o estrés e a saúde das persoas trans (Hendricks e Testa, Lefevor et al., citados en Clary et al., 2023) – e ao marco de traballo da mediación psicolóxica (Hatzenbuehler, citado en Staples et al., 2018), pódense comprender as numerosas formas nas que se amosan os factores que poden desencadear o suicidio ou as condutas suicidas neste colectivo, así como os factores que atenúan a aparición destes comportamentos autodestrutivos. A identificación de ditos factores é primordial para poder desenvolver e implementar estratexias de prevención do suicidio adecuadas ás persoas trans (Clements-Nolle et al., 2006).

Exponse que o colectivo de persoas trans presenta alta prevalencia de suicidio debido á vitimización interpersonal que sofren, así como á discriminación, hostilidade, violencia e ameazas, que, segundo unha enquisa realizada a máis de 5.000 estudantes do colectivo LGTBI, eran comunmente experimentadas por este colectivo (Rankin et al., citado en Seelman, 2016). A discriminación no acceso a determinados servizos tamén afecta significativamente no benestar e saúde destas persoas, e pódese observar na negativa de atención, exclusión de diversos espazos ou malos tratos ou presenza de profesionais non inclusivos. Nunha investigación examinouse a prevalencia de actitudes transfóbicas en profesionais médicos, dando como resultado que un 34,0% das persoas participantes foran testemuñas algunha vez na súa vida de discriminación a persoas trans

en contornas sanitarias; e un 65,0% escoitara comentarios denigrantes e transfóbicos ditos por persoal sanitario (Eliason, Dibble e Robertson, citados en Kattari et al., 2016). Outras experiencias que poden percibirse como negativas por este colectivo na atención médica son a non comprensión por parte dos profesionais das necesidades que presentan estas persoas, ou o descoñecemento da diferenza entre sexo, xénero e orientación sexual, o que pode levar á patoloxización, favorecendo ademais a aparición de estrés e pensamentos e comportamentos suicidas (Lefkowitz e Mannell, citado en Kattari, Bakko et al., 2020; Romanelli e Lindsey, 2020). Angelino et al. (2020), avalía na súa investigación o coñecemento que teñen os profesionais do ámbito sanitario sobre a comunidade trans e Two-Spirit – concepto acuñado en 1990 para describir aquelas persoas que “encarnan múltiples esenciais”, é dicir, que teñen unha identidade fluída e non se limitan aos roles ou expresión de xénero comúns – indoamericana e nativa de Alaska, con relación ao seu xénero e sexualidade. Abórdase neste estudo que dita comunidade presenta, ademais de problemas físicos e psíquicos na saúde (como abuso de substancias e malestar psicosocial) causados por problemáticas como o bullying, a violencia ou a discriminación, un alto número de barreiras para acceder aos sistemas sanitarios (como o descoñecemento dos profesionais sobre a saúde das persoas pertencentes ao colectivo LGTBI, uso inadecuado de pronomes, ou falta de atencións de afirmación de xénero), sobre todo na poboación máis nova. Ademais, dentro do colectivo trans, as persoas máis afectadas por esta discriminación nos servizos son os homes trans, e en especial, aqueles que son nativos americanos ou multirraciais, queer, asexuais ou doutra minoría sexual, con baixos ingresos e menores de 45 anos; así mesmo, canto máis visible é unha persoa trans, é dicir, canto máis se afaste dos roles de xénero impostos pola sociedade, máis probabilidade ten de sufrir discriminación na atención médica (Shires e Jaffee, e Kattari e Hasche, citados en Seelman et al., 2020).

Kattari, Bakko et al. (2020) tamén investigan as experiencias das persoas trans no trato con profesionais do ámbito sanitario, e o seu efecto na saúde mental. Segundo Beckwith et al. e Zeluf et al. (como se cita en Kattari, Bakko et al., 2020), as experiencias negativas na atención médica relaciónanse cunha menor calidade de vida e maior autopercepción de enfermidade neste colectivo. Investigacións como a de James et al. (citado en Seelman et al., 2020), sinalan que aproximadamente un 33,0% das persoas

trans tiveron unha experiencia negativa nos servizos sanitarios durante o último ano, ademais de teren sido suxeito de preguntas invasivas, negativa de servizos ou tratadas con pronomes, nomes ou termos de xénero que non correspondían á súa identidade de xénero. En base a resultados doutras investigacións, suxírese que estas experiencias negativas poden derivar en estratexias de afrontamento como evitar acudir aos servizos médicos, aínda que lles fose necesaria dita atención, debido ao temor de volver vivir a mesma situación discriminatoria (Rood et al., citado en Romanelli et al., 2018). Nunha investigación realizada en Colorado, Estados Unidos, expúxose que o 61,0% das persoas trans participantes optaran algunha vez por evitar ou atrasar acudir ao médico por como podería tratarlles o persoal (One Colorado Education Fund, citado en Kattari et al., 2016). Outras estratexias de afrontamento a estas situacións poden ser o abuso de substancias, como forma de evitar ou aliviar os sentimentos e/ou estrés producido pola experiencia negativa, o que resulta nun incremento dos síntomas depresivos e de ansiedade e maior risco de intento de suicidio; a exposición ao estigma contribúe a altas taxas de depresión, desemprego e angustia financeira, relacionadas co consumo de substancias e o traballo sexual comercial como estratexia de saída da problemática (Bockting et al. e Nemoto et al., citados en Operario e Nemoto, 2005). O feito de teren sido ou ser traballador/a sexual tamén se identifica como factor de risco na aparición de trastornos de saúde mental que poden derivar en pensamentos e/ou condutas autodestrutivas; así mesmo, o consumo de substancias, previo ou como resposta de evasión á discriminación ou violencia recibida, tamén é outro factor de risco na aparición dun estado de saúde mental deficiente (Pandey e Seelman, 2022). Holloway et al. (2021) realizou un estudo sobre a saúde mental e os comportamentos de risco para a saúde de membros do servizo militar trans e de minorías sexuais en Estados Unidos, e expuxo factores como un elevado uso de alcohol en, polo menos, a metade das persoas participantes, o que estaba moi relacionado con altas taxas de risco de suicidio, ansiedade severa ou moderada e unha maior porcentaxe de síntomas depresivos.

En canto ao acceso a outros servizos como, por exemplo, os baños e as residencias estudiantís universitarias separadas por xénero, tamén se observa discriminación cara a este colectivo; existen investigacións que afirman que os estudantes universitarios trans son máis propensos a experimentar comportamentos autolíticos,

ideación e intentos de suicidio en comparación con aqueles estudantes cisxénero (Clements-Nolle, Marx e Katz, Goldblum et al., e Testa et al., citados en Seelman, 2016). Ademais, as experiencias das persoas trans nas universidades foron estudadas en menor medida en comparación co colectivo de gais e lesbianas. As persoas trans sinalan que o acceso ao baño constitúe un desafío para elas e eles debido ás experiencias negativas vividas, como ser cuestionada/o sobre se unha/un pertence ao baño de mulleres ou homes, ser mirada/o fixamente ou ser obrigada/o a abandonar o lugar, o cal se presenta máis nas mulleres trans (Bilodeau, Seelman et al., citados en Seelman, 2016). En relación ao acceso a residencias universitarias atopáronse escasas investigacións que detallen as experiencias deste colectivo, que ten impedimentos ao acceso ás mesmas cando estas se encontraban segregadas por xénero, por habitacións separadas polo sexo asignado ao nacer, cando non había dispoñibilidade á hora de ocupar unha habitación individual, ou cando directamente se negaba o acceso ás persoas trans; ademais, recálcase a ausencia de medidas que garantan que as residencias sexan un lugar libre de acoso e violencia (Beemyn et al., Bilodeau, Finger, Seelman, e Singh et al., citados en Seelman, 2016).

Kupper et al. (2018) e Virupaksha et al. (2016) tamén identifican como factores de risco de suicidio a victimización, en forma de acoso, ameazas e violencia; o rexeitamento ou a falta de apoio do entorno social e/ou familiar, os prexuízos, o estigma, entre outros factores. A estigmatización relacionada coa identidade de xénero e os determinantes sociais da saúde pode darse de forma interpersonal, en forma de malos tratos, rexeitamento, discriminación e violencia por parte doutros (estigma exercido), ou intrapersonal, en forma de percepcións de teren sido maltratada/o, rexeitada/o, discriminada/o ou tratada/o con violencia (estigma percibido) (Maksut et al., 2020); ademais, a presenza de transfobia interiorizada na propia persoa trans está relacionada cun maior risco de problemas de saúde mental (Staples et al., 2018). Kenagy (2005), no seu estudo, sinala que das persoas participantes que intentaran suicidarse algunha vez, o 67,3% afirmaba que a razón que as levou a facelo era simplemente o feito de ser trans. Ademais, as experiencias de vitimización das persoas varían dependendo do contexto xeográfico no que se sitúe cada individuo; en comparación co Oeste e Noroeste dos Estados Unidos, reportáronse maiores taxas de transfobia e vitimización en rexións do Medio Oeste e Sur do país, así como nos medios rurais, onde se rexistrou unha maior taxa

de ideación suicida, uso de substancias e menor número de recursos de apoio (Kosciw et al., Paceley et al., Palmer et al., Poon e Saewyc, e Rickard e Yancey, citados en Paceley et al, 2020). A violencia física e sexual, os insultos, o acoso, as agresións, a discriminación, a explotación sexual e financeira, entre outros, son factores que tamén con levan un gran impacto psicolóxico e fisiolóxico na persoa, fomentando unha saúde mental deficiente neste colectivo (Casey et al., citado en Clary et al., 2023; Virupaksha et al., 2016). Un estudo establece que algúns factores que presentan aquelas persoas trans que sufriron acoso e/ou agresións son unha alta probabilidade de abuso de substancias, intentos de suicidio, participación en traballo sexual, baixos ingresos, entre outros mencionados anteriormente; ademais, expónse que o 51,0% das persoas trans que sufriron vitimización na escola intentaron suicidarse algunha vez, cunha maior prevalencia en persoas que sufriron acoso e/ou intimidación por parte dos propios profesores ou agresión física ou sexual por outros compañeiros ou profesores (Grant et al., citado en Seelman, 2016). As prácticas como o SOGICE (Sexual Orientation and Gender Identity Change Efforts), tamén coñecidas como Terapias de Conversión Sexual ou Terapias de Reorientación Sexual, son prácticas pseudocientíficas que pretenden alterar diversas identidades de xénero e sexuais (American Psychological Association, citado en Fenaughty et al, 2023) exercidas por figuras como líderes relixiosos, familiares ou profesionais da saúde, e tamén están relacionadas coa aparición de tendencias suicidas e autolíticas nas persoas trans máis novas (Fenaughty et al., 2023). Así mesmo, segundo un estudo, a presenza de simbolismo negativo ou discriminatorio para determinados colectivos, como a bandeira dos Estados Confederados de América, ou símbolos supremacistas brancos ou nazis, evidentemente, suxiren unha hostilidade cara a estes grupos minoritarios, o que fai que o entorno sexa inseguro para estes (Paceley et al., e Ong et al., citados en Clary et al., 2023).

Outro factor condicionante a presentar un risco elevado de suicidio é o feito de ter estado exposto ao suicidio dunha terceira persoa, sexa cis ou trans, o que tamén supón efectos psicolóxicos importantes que poden inducir a presentar estas condutas (Cerel et al., 2020). Tucker et al. (2019) tamén opta por investigar nesta liña e realiza unha investigación relacionando a historia de comportamentos suicidas en persoas trans que tiveron exposición directa ao suicidio, chegando á conclusión de que dita exposición

afecta á persoa que o vivencia, de xeito que é máis vulnerable a experimentar condutas autolíticas.

Algunhas factores demográficos concretos tamén se asocian ao risco de suicidio; por exemplo, as persoas trans adolescentes ou mozos adultos son máis propensas a experimentar ideación suicida ou a cometer un intento de suicidio, e tamén aquelas que presentaron ideación suicida ou intentos previos de suicidio no pasado (Mak et al., 2020). En canto á poboación, hai estudos que demostran que a taxa de suicidio é máis baixa nas poboacións trans hispánicas e afroamericanas, e máis altas nas persoas nativas americanas (Kupper et al., 2018). Entre o colectivo trans, as minorías como a BIPOC (Black, Indigenous and People of Colour), isto é, de persoas negras, indíxenas e de cor, experimentan unha maior prevalencia en canto á tentativa de suicidio, os comportamentos autolíticos e suicidios, debido á vitimización e violencia á que están expostas, tanto pola súa pertenza a un colectivo minoritario como pola súa raza ou etnia (Chan et al., 2022). Da mesma maneira, características como a orientación sexual diferente á heterosexual e un estatus socioeconómico baixo, tamén se asocian a maiores taxas de intento de suicidio (Kupper et al., 2018). Kattari, Kattari et al. (2020) estudan na súa investigación as experiencias de saúde mental das diversas identidades sociais do colectivo trans, explorando como difire a depresión, a ansiedade e o suicidio entre a comunidade trans en función das súas características sociodemográficas. A depresión está determinada por numerosos factores; de personalidade, epixenéticos, culturais e xeográficos, moi condicionados pola presenza do estigma. En canto á ansiedade, é un dos trastornos mentais máis prevalentes neste colectivo, ademais de estar sumamente relacionada con eventos adversos durante a infancia e/ou idade adulta, influíndo tamén nela a personalidade, o afecto, a predisposición xenética e a comorbilidade. Kattari, Kattari et al. (2020) revela no seu estudo que o 72,2% e o 73,0% das persoas trans participantes foron diagnosticadas con depresión ou ansiedade, respectivamente, ao longo da súa vida, así como que durante os últimos 12 meses, o 49,9% das persoas tiveron pensamentos autolíticos, o 26,3% autolesionáronse ocasionalmente e o 7,7% intentaron suicidarse. Bauer et al. (2021) tamén describe no seu estudo as características do colectivo de persoas trans mozas que acceden aos servizos en clínicas de afirmación de xénero en Canadá, amosando ademais, as barreiras que enfréntanse este grupo ao acceso aos servizos sanitarios; o 40,2% das

persoas trans enquisadas tiñan un diagnóstico de ansiedade e durante os últimos 12 meses, o 67,6% autolesionáronse algunha vez e o 34,5% das persoas tiveron ideación suicida.

En canto aos factores protectores do suicidio, baseándonos no Modelo de Estrés por Minoría, podemos dicir que, por exemplo, a resiliencia no entorno, en forma de simbolismo relacionado co colectivo LGTBI, funciona como elemento amortiguador na aparición de condutas suicidas (Hendricks e Testa, e Meyer, citados en Clary et al., 2023). Un estudo demostrou que a presenza de simbolismo e logos LGTBI en espazos públicos fai que as persoas trans se sintan máis seguras neles (Aversa et al., citado en Clary et al., 2023). Bauer et al. (2015) tamén identificou factores asociados coa redución do risco de ideación ou intento suicida e viu o impacto que tiñan na saúde do colectivo trans; investigou como as actuacións de inclusión social, de redución da transfobia e de transición (social, médica e hormonal) favorecían a redución destas condutas. Bauer et al. (2021) e Kattari, Kattari et al. (2020) resaltan nas súas respectivas investigacións a necesidade de abordar a discriminación e a falta de acceso á atención médica de afirmación de xénero para mellorar a saúde e o benestar das persoas trans, así como de entender as características sociodemográficas das persoas trans, para poder elaborar intervencións axeitadas a cada perfil. De feito, Clements-Nolle et al. (2001), sinala que os provedores médicos son un vínculo importante para as persoas trans no acceso a servizos necesarios de prevención, saúde e servizos sociais, polo que ademais de proporcionar terapia hormonal, deben asesorar e derivar axeitadamente aos servizos necesarios (saúde mental, servizos sociais, entre outros), co propósito de intervir nas condutas suicidas de maneira preventiva. Outro estudo sinala que o apoio de pares ou iguais é primordial á hora de protexer ás persoas trans contra o suicidio, como forma de validar á persoa e apoiarlle na construción dunha comunidade (Kia et al., 2021). Virupaksha et al. (2016) enumera no seu estudo unha serie de factores de resiliencia e de protección utilizados polo colectivo trans como mecanismo de afrontamento: ter unha comunicación asertiva, defensa persoal, honestidade, saber buscar axuda, estar orientado ao futuro, ser determinado, forte, independente, entre outras cualidades persoais. Pacey et al. (2020) basea o seu estudo na Teoría de Sistemas Ecolóxicos (Bronfenbrenner, citado en Pacey et al., 2020), que expón como son cinco os sistemas do entorno dos mozos os que afectan ao seu desenvolvemento e benestar; debemos comprender como interactúan

estes sistemas para lograr entender ao individuo e as súas experiencias. Tanto os factores de risco, como os de protección varían dependendo do entorno social e comunitario (Goldbach e Gibbs, Holman, e Pacey et al., citados en Clary et al., 2023).

O Traballo Social está orientado á busca e desenvolvemento de apoios sociais que acouguen os sentimentos de illamento e soidade, así como a falta de apoio (Aperador, 2022); promove o cambio social, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e liberación das persoas para aumentar a súa saúde e benestar (Federación Internacional de Traballadores Sociais e Asociación Internacional do Traballo Social, citados en Ramos, 2015). A disciplina do Traballo Social é imprescindible no traballo de inclusión das persoas trans, xa que as e os profesionais deben realizar intervencións a nivel social e individual que mitiguen as barreiras ás que se enfronta este colectivo, fomentando a súa rede de apoio e/ou de iguais (Aperador, 2022). Así mesmo, son unhas/os das/os profesionais encargadas/os de avaliar as situacións sociais deste colectivo, co fin de identificar aqueles factores de risco sobre os que actuar e aqueles factores protectores que reforzar. Estas dificultades ás que se enfrontan as persoas trans revelan a necesidade de desenvolver accións e políticas sociais que faciliten unha resposta ás súas necesidades, así como ás de súa familia e o seu entorno (Palacios, 2016), tratando sempre ao individuo como un sistema e non como un caso illado (Ramos, 2015). Como profesionais, á hora de traballar con este colectivo, atribúensenos competencias como proporcionar acompañamento e apoio emocional e psicosocial desde, por exemplo, unidades médicas, ás persoas usuarias deste colectivo (Barril, citado en Navajas-Pertegás, 2015); a ensinanza de estratexias de afrontamento cara ao estrés, a discriminación e outros desafíos; e estratexias de prevención do suicidio, como a afirmación de xénero propia e do entorno e a creación de redes de apoio social no ámbito familiar, social e educativo, así como activismo a favor da visibilización e defensa e reivindicación dos dereitos destas persoas (Arestegui, citado en Pérez-Calvo et al., 2022). Do mesmo xeito, ao intervir de maneira grupal co suicidio, deben fomentarse os grupos de axuda mutua para este colectivo de persoas (Sarasola et al., 2019), ou grupos de apoio de soporte ás persoas trans, onde se poden informar de aspectos sanitarios, obter soporte emocional, coñecer a iguais, entre outros (Navajas-Pertegás, 2015). É fundamental que as traballadoras e traballadores sociais se atopen formados especificamente nas competencias necesarias para poder facer

fronte ás necesidades e demandas deste colectivo, como por exemplo, saber responder á demanda da persoa usuaria de modificación do nome e/ou sexo no rexistro, ou a solicitude de acceso a determinados servizos de saúde, entre outros (Aperador, 2022).

Finalmente, chegase á conclusión do papel crucial que desempeñamos como profesionais, tanto na prevención do suicidio nas persoas trans como na intervención nos mesmos, ademais de participar na identificación temperá dos factores de risco de suicidio, permitindo a elaboración de intervencións preventivas axeitadas a cada caso. En cambio, segue existindo unha necesidade de actuación evidente no marco de desenvolver máis investigacións dende o ámbito do Traballo Social en colaboración xunto a outras disciplinas, como poden ser a Psicoloxía, a Medicina, a Educación Social, entre outras, para poder mellorar e adaptar as políticas sociais e os programas de prevención dirixidos a este colectivo.

Tras a elaboración desta revisión bibliográfica, identifícanse como limitacións a ausencia de estudos específicos, limitados ao ámbito xeográfico español e incluso europeo, que analicen esta problemática. Recoméndase a elaboración de protocolos de actuación na prevención e/ou intervención con as condutas suicidas en persoas trans, dende os profesionais sociosanitarios, xa que sería moi positivo, sobre todo no feito de xerar unha maior visibilidade da temática entre os profesionais, para poder obter unha maior educación sobre esta poboación e, como resultado, ofrecer un trato máis inclusivo e centrado na persoa. Así mesmo, o primordial nesta problemática é actuar sobre a base do problema, e poder erradicar moitas das actitudes transfobas que se atopan na nosa sociedade, promovendo políticas de aceptación, educación, respecto e non discriminación. Con isto, as investigadoras e investigadores deberían ir máis alá de simplemente estudar as causas e prevalencia do suicidio, e en lugar diso, prantexar como se poderían mellorar e/ou fortalecer aqueles factores de protección e resiliencia que se atopan no entorno desta poboación, co fin de reducir todo o posible esta problemática.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

American Psychological Association. (2013). Las personas trans y la identidad de género.
<https://www.apa.org/topics/lgbtq/transgenero#:~:text=La%20palabra%20transe>

x

ual%20hace%20referencia,con%20sus%20identidades%20de%20g%C3%A9n
er . o

American Psychological Association. (2021). Manual de Publicaciones de la American Psychological Association. El Manual Moderno.

American Psychiatric Association. (2023). ¿Qué son suicidio y autolesión?. <https://www.psychiatry.org/patients-families/la-salud-mental/suicidio-y-autolesion/que-son-suicidio-y-autolesion>

Angelino, A., Evans-Campbell, T. y Duran, B. (2020). Assessing Health Provider Perspectives Regarding Barriers American Indian/Alaska Native Transgender and Two-Spirit Youth Face Accessing Healthcare. *Journal of Racial and Ethnic Health Disparities*, 7(4), 630-642. <https://doi.org/10.1007/s40615-019-00693-7>

Aperador, I. (2022). Persoas trans. Unha realidade oprimida. Investigación cualitativa en traballo social. *Revista galega de traballo social “Fervenzas”*, 24(1), 185-221. <https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2022/03/Fervenzas2022-web.pdf>

Atkinson, S. R. y Russell, D. (2015). Gender dysphoria. *Australian Family Physician*, 44(11), 792-796. <https://www.racgp.org.au/getattachment/a0333827-3f00-4ce5-a221-347e7fe225e0/Gender-dysphoria.aspx>

Bauer, G. R., Scheim, A. I., Pyne, J., Travers, R. y Hammond, R. S. (2015). Intervenable factors associated with suicide risk in transgender persons: a respondent driven sampling study in Ontario, Canada. *BMC Public Health*, 15(1), 1-15. <https://doi.org/10.1186/s12889-015-1867-2>

Bauer, G. R., Pcaud, D., Couch, R., Metzger, D., Gale, L., Gotovac, S., Mokashi, A., Feder, S., Raiche, J., Speechley, K. N., Newhook, J. T., Ghosh, S., Sansfaçon, A. P., Susset, F. y Lawson, M. L. (2021). Transgender Youth Referred to Clinics for Gender-Affirming Medical Care in Canada. *Pediatrics*, 148(5), 1-13. <https://doi.org/10.1542/peds.2020-047266>

Cerel, J., Tucker, R. P., Aboussouan, A. B. y Snow, A. (2021). Suicide exposure in transgender and gender diverse adults. *Journal of Affective Disorders*, 278(1), 165-171. <https://doi.org/10.1016/j.jad.2020.09.045>

Chan, A., Pullen, A. y Saewyc, E. (2022). Experiences of discrimination or violence and health outcomes among Black, Indigenous and People of Colour trans and/or nonbinary youth. *Journal of Advanced Nursing*, 79(5), 2004-2013. <https://doi.org/10.1111/jan.15534>

- Chinazzo, I. R., Costa, A. B., Koller, S. H., Lobato, M. I., Nardi, H. C. y Saadeh, A. (2021). Impact of minority stress in depressive symptoms, suicide ideation and suicide attempt in trans persons. *Ciência & Saúde Coletiva*, 26(3), 5045-5056. <https://doi.org/10.1590/1413-812320212611.3.28532019>
- Clary, K., Goffnett, J., King, M., Hubbard, T. y Kitchen, R. (2023). “It’s the Environment, Not Me”: Experiences shared by transgender and gender diverse adults living in Texas. *Journal of Community Psychology*, 51(3), 906-923. <https://doi.org/10.1002/jcop.22948>
- Clements-Nolle, K., Marx, R., Guzman, R. y Katz, M. H. (2001). HIV prevalence, risk behaviors, health care use, and mental health status of transgender persons: implications for public health intervention. *American Journal of Public Health*, 91(6), 915-921. <https://doi.org/10.2105/ajph.91.6.915>
- Clements-Nolle, K., Marx, R. y Katz, M. H. (2006). Attempted Suicide Among Transgender Persons. *Journal of Homosexuality*, 51(3), 53-69. https://doi.org/10.1300/j082v51n03_04
- Consejo General del Trabajo Social. (2012). Código Deontológico del Trabajo Social. https://www.cgtrabajosocial.es/codigo_deontologico#
- Fenaughty, J., Tan, K., Ker, A., Veale, J., Saxton, P. y Alansari, M. (2023). Sexual Orientation and Gender Identity Change Efforts for Young People in New Zealand: Demographics, Types of Suggesters, and Associations with Mental Health. *Journal of Youth and Adolescence*, 52(1), 149-164. <https://doi.org/10.1007/s10964-022-01693-3>
- Ferrari, R. (2015). Writing narrative style literature reviews. *Medical Writing*, 24(4), 230-235. <http://dx.doi.org/10.1179/2047480615Z.000000000329>
- Fortich, N. (2013). ¿Revisión sistemática o revisión narrativa? *Ciencia y Salud Virtual*, 5(1), 1-4. <https://doi.org/10.22519/21455333.372>
- Fundación Española para la Prevención del Suicidio. (2021). Observatorio del Suicidio en España 2021. <https://www.fsme.es/app/download/16592466724/Observatorio+del+Suicidio+e+n+Espan%CC%83a+2021+-Avance+19-12-2022-.pdf?t=1672748370>
- García de Jalón, E. y Peralta, V. (2002). Suicidio y riesgo de suicidio. *Anales del Sistema Sanitario de Navarra*, 25(3), 87-96. <https://doi.org/10.23938/ASSN.0844>

- Guerrero, M. (2019). Reflexiones sobre el suicidio desde la mirada histórica. *Boletín Psicoevidencias*, 55(1), 1-6. <https://www.psicoevidencias.es/contenidos-psicoevidencias/articulos-de-opinion/89-reflexiones-sobre-el-suicidio-desde-la-mirada-historica/file>
- Holloway, I. W., Green, D. J., Pickering, C. E., Wu, E., Tzen, M., Goldbach, J. T. y Castro, C. A. (2021). Mental Health and Health Risk Behaviors of Active Duty Sexual Minority and Transgender Service Members in the United States Military. *LGBT Health*, 8(2), 152-161. <https://doi.org/10.1089/lgbt.2020.0031>
- Instituto Nacional de Estadística. (2021). Suicidios por edad y sexo [conjunto de datos]. <https://www.ine.es/jaxi/Datos.htm?tpx=55317>
- Instituto Nacional de Estadística. (2022). Defunciones según la Causa de Muerte. Año 2021 (datos definitivos) y primer semestre 2022 (datos provisionales) [conjunto de datos]. https://www.ine.es/prensa/edcm_2021.pdf
- Instituto Nacional de Salud Mental. (2021). Preguntas frecuentes sobre el suicidio.
- NIMH. <https://www.nimh.nih.gov/health/publications/espanol/preguntas-frecuentes-sobre-el-suicidio>
- Kattari, S. K., Walls, N. E., Speer, S. R. y Kattari, L. (2016). Exploring the relationship between transgender-inclusive providers and mental health outcomes among transgender/gender variant people. *Social Work in Health Care*, 55(8), 635-650. <https://doi.org/10.1080/00981389.2016.1193099>
- Kattari, S. K., Bakko, M., Hecht, H. K. y Kattari, L. (2020). Correlations between healthcare provider interactions and mental health among transgender and nonbinary adults. *Population Health*, 10(13), 1-7. <https://doi.org/10.1016/j.ssmph.2019.100525>
- Kattari, S. K., Kattari, L., Johnson, I. T., Lacombe-Duncan, A. y Misiolek, B. A. (2020). Differential Experiences of Mental Health among Trans/Gender Diverse Adults in Michigan. *International Journal of Environmental Research and Public Health*, 17(18), 1-16. <https://doi.org/10.3390/ijerph17186805>
- Kenagy, G. P. (2005). Transgender Health: Findings from Two Needs Assessment Studies in Philadelphia. *Health & Social Work*, 30(1), 19-26. <https://doi.org/10.1093/hsw/30.1.19>
- Kia, H., MacKinnon, K. R., Abramovich, A. y Bonato, S. (2021). Peer support as a protective factor against suicide in trans populations: A scoping review. *Social*

- Science & Medicine, 279(1), 1-14.
<https://doi.org/10.1016/j.socscimed.2021.114026>
- Kupper, L. E., Adams, N. y Mustanski, B. S. (2018). Exploring Cross-Sectional Predictors of Suicide Ideation, Attempt, and Risk in a Large Online Sample of Transgender and Gender Nonconforming Youth and Young Adults. *LGTB Health*, 5(7), 391-400. <https://doi.org/10.1089/lgbt.2017.0259>
- Mak, J., Shires, D. A., Zhang, Q., Prieto, L. R., Ahmedani, B. K., Kattari, L., Becerra-Culqui, T. A., Bradlyn, A. S., Flanders, W. D., Getahun, D., Giammattei, S., Hunkeler, E. M., Lash, T. L., Nash, R., Quinn, V. P., Robinson, B., Roblin, D.
- W., Silverberg, M. J., Slovis, J., Tangpricha, V., . . . Goodman, M. (2020). Suicide Attempts Among a Cohort of Transgender and Gender Diverse People. *American Journal of Preventive Medicine*, 59(4), 570-577. <https://doi.org/10.1016/j.amepre.2020.03.026>
- Maksut, J. L., Sanchez, T. H., Wiginton, J. M., Scheim, A. I., Logie, C. H., Zlotorzynska, M., Lyons, C. E. y Baral, S. D. (2020). Gender identity and sexual behavior stigmas, severe psychological distress, and suicidality in an online sample of transgender women in the United States. *Annals of Epidemiology*, 52(1), 15-22. <https://doi.org/10.1016/j.annepidem.2020.07.020>
- Manchado, R., Tamames, S., López González, M., Mohedano, L., D'Agostino, M. y Veiga, J. (2009). Revisiones sistemáticas exploratorias. *Medicina y Seguridad del Trabajo*, 55(216), 12-19. <http://dx.doi.org/10.4321/S0465-546X2009000300002>
- Meyer, I. H. (2003). Prejudice, social stress, and mental health in lesbian, gay, and bisexual populations: Conceptual issues and research evidence. *Psychological Bulletin*, 129(5), 674-697. <https://doi.org/10.1037/0033-2909.129.5.674>
- Navajas-Pertegás, N. M. (2015). Una diversidad otra: mirada trans-formadora desde el trabajo social feminista. Tres historias de vidas transexuales. *Quaderns de Ciències Socials*, 30(1), 9-43. <https://roderic.uv.es/bitstream/handle/10550/54157/9-43.pdf?sequence=1&isAllowed=y>
- Ochoa, E. y Vicente, N. (2007). Consideraciones sobre el suicidio: una perspectiva histórica. *Psiquiatría.com*. <https://psiquiatría.com/psiquiatría-general/consideraciones-sobre-el-suicidio-una-perspectiva-historica/>

- Operario, D. y Nemoto, T. (2005). Sexual Risk Behavior and Substance Use among a Sample of Asian Pacific Islander Transgendered Women. *Aids Education and Prevention*, 17(5), 430-443. <https://doi.org/10.1521/aeap.2005.17.5.430>
- Paceley, M. S., Sattler, P., Goffnett, J. y Jen, S. (2020). “It feels like home”: Transgender youth in the Midwest and conceptualizations of community climate. *Journal of Community Psychology*, 48(6), 1863-1881. <https://doi.org/10.1002/jcop.22378>
- Palacios, C. (2016). A autodeterminación dos menores trans, un reto dende o eido social. *Revista galega de traballo social “Fervenzas”*, 19(1), 45-54. https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas_19.pdf
- Pandey, A. K. y Seelman, K. (2022). History of Sex Work Is Associated with Increased Risk of Adverse Mental Health and Substance Use Outcomes in Transgender Adults. *International Journal of Environmental Research and Public Health*, 19(23), 1-16. <https://doi.org/10.3390/ijerph192315908>
- Pérez-Calvo, C., Ruiz-Duet, A. M., Rodríguez Riesco, L., Mateos, A. y Vivas, S. (2022). Factores de riesgo para el suicidio en población trans: una revisión bibliográfica. *RESED: Revista de Estudios Socioeducativos*, 10(1), 267-280. http://dx.doi.org/10.25267/Rev_estud_socioeducativos.2022.i10.17
- Plataforma Nacional para el Estudio y la Prevención del Suicidio (2021). Datos visuales del suicidio en España. Recuperado el 22 de febrero de 2023, <https://www.plataformanacionalsuicidio.es/mapa>
- Ramos, J. (2015). Intervención social con mayores trans. Estudio de un caso hipotético. *Trabajo Social Hoy*, 74(1), 35-58. <https://doi.org/10.12960/tsh.2015.0003>
- Real Decreto de 24 de julio de 1889 por el que se publica el Código Civil. (1889).
- Gaceta de Madrid, 206, 25 de julio. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1889-4763>
- Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Propiedad Intelectual, regularizando, aclarando y armonizando las disposiciones legales vigentes sobre la materia. (1996). *Boletín Oficial del Estado*, 97, 22 de abril. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1996-8930>
- Romanelli, M., Lu, W. y Lindsey, M. A. (2018). Examining Mechanisms and Moderators of the Relationship Between Discriminatory Health Care Encounters and

- Attempted Suicide Among U.S. Transgender Help-Seekers. *Administration and Policy in Mental Health and Mental Health Services Research*, 45(6), 831- 849. <https://doi.org/10.1007/s10488-018-0868-8>
- Romanelli, M. y Lindsey, M. A. (2020). Patterns of Healthcare Discrimination Among Transgender Help-Seekers. *American Journal of Preventive Medicine*, 58(4), 123-131. <https://doi.org/10.1016/j.amepre.2019.11.002>
- Sarasola, J. L., Roiz, A., Sarasola, A. (2019). Trabajo Social y Suicidio. *Transformación: Revista de Trabajo Social de Sevilla*, 9(1), 10-18. <https://trabajosocialevilla.es/wp-content/uploads/2019/07/Transformaci%C3%B3n-N1.-Art%C3%ADculoPrincipal.pdf>
- Seelman, K. L. (2016). Transgender Adults' Access to College Bathrooms and Housing and the Relationship to Suicidality. *Journal of Homosexuality*, 63(10), 1378-1399. <https://doi.org/10.1080/00918369.2016.1157998>
- Seelman, K. L., Kattari, S. K., Harvey, P. y Bakko, M. (2020). Trans Men's Access to Knowledgeable Providers and Their Experiences in Health Care Settings: Differences by Demographics, Mental Health, and Degree of Being "Out" to Providers. *Health & Social Work*, 45(4), 229-239. <https://doi.org/10.1093/hsw/hlaa030>
- Staples, J. M., Neilson, E. C., Bryan, A. y George, W. H. (2018). The Role of Distal Minority Stress and Internalized Transnegativity in Suicidal Ideation and Nonsuicidal Self-Injury Among Transgender Adults. *Journal of Sex Research*, 55(4-5), 591-603. <https://doi.org/10.1080/00224499.2017.1393651>
- Tucker, R. P., Pardue-Bourgeois, S., Snow, A., Bradstreet, M. y Cerel, J. (2019). The Relationship Between Suicide-Related Exposure and Personal History of Suicidal Behavior in Transgender and Gender-Diverse Veterans. *LGBT Health*, 6(7), 335-341. <https://doi.org/10.1089/lgbt.2019.0120>
- Virupaksha, H. G., Muralidhar, D. y Ramakrishna, J. (2016). Suicide and Suicidal Behavior among Transgender Persons. *Indian Journal of Psychological Medicine*, 38(6), 505-509. <https://doi.org/10.4103%2F0253-7176.194908>
- Wolford-Clevenger, C., Flores, L. Y., Frantell, K., Smith, P. N. y Stuart, G. L. (2018). Correlates of suicide ideation and behaviors among transgender people: A systematic review guided by ideation-to-action theory. *Clinical Psychology Review*, 63(1), 93-105. <https://doi.org/10.1016/j.cpr.2018.06.009>



COLEXIO BENQUERER. PROXECTO DE EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL PARA 5º E 6º DE PRIMARIA. COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

COLEGIO DEL BIENQUERER. PROXECTO DE EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL PARA 5º Y 6º DE PRIMARIA. COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA

WELL-LOVE SCHOOL. SEXUAL AFFECTIVE EDUCATION PROJEC. AUTONOMOUS COMMUNITY OF GALICIA

Diana Rodríguez Losada - Traballadora Social

diana.r.losadaa@gmail.com

Premio Día Mundial do Traballo Social de 2025

Modalidade de Boas Prácticas

RESUMO

O proxecto “*Colexio do Benquerer*” pretende achegar a educación afectivo sexual ao alumnado de 5º e 6º de Primaria dos colexios galegos por medio de actividades e material audiovisual que responda aos intereses e demandas propios desta idade, profundando nas súas inquiredanzas e tamén nos cambios tanto físicos como psicolóxicos, cognitivos e relacionais que acontecen nesta etapa. Para isto creouse un colexio ficticio nunha plataforma interactiva a través da cal os nenos e nenas achéganse aos diferentes contidos dende unha óptica de bo trato, respecto, confianza e pensamento crítico, tendo de marco de referencia a educación emocional e a coeducación. Preténdese con isto promover o Benquerer, non soamente como nome, senón como concepto: **querer ben, con confianza, en igualdade, con liberdade e con respecto.**

Nas actividades do proxecto proponse unha abordaxe integral para chegar a este fin, estruturada en cinco áreas:

- Coñecemento e aceptación persoal
- Diversidade
- Comunicación e educación emocional
- Prevención do abuso sexual infantil
- Análise social

As actividades realízanse nos centros educativos guiadas por profesorado do mesmo. Todas as indicacións para as mesmas, así como un amplo material complementario,

bibliografía e filmografía de referencia están dispoñibles online para os colexios implicados.

PALABRAS CHAVE

Prevención, educación afectivo sexual, infancia.

RESUMEN

El proyecto “*Colegio del Bienquerer*” pretende acercar la educación afectivo sexual al alumnado de 5º y 6º de Primaria de los colegios gallegos por medio de actividades y material audiovisual que responda a los intereses y demandas propios de esta edad, profundizando en sus inquietudes y también en los cambios tanto físicos como psicológicos, cognitivos y relacionales que ocurren en esta etapa. Para esto se ha creado un colegio ficticio en una plataforma interactiva a través de la cual los niños y niñas se acercan a los diferentes contenidos desde una óptica de buen trato, respeto, confianza y pensamiento crítico, teniendo de marco de referencia la educación emocional y la coeducación. Se pretende con esto promover el Bienquerer, no solamente como nombre, sino como concepto: querer bien, con confianza, en igualdad, con libertad y con respeto.

En las actividades del proyecto se propone un abordaje integral para llegar a este fin, estructurado en cinco áreas:

- Conocimiento personal y aceptación
- Diversidad
- Comunicación y educación emocional
- Prevención del abuso sexual infantil
- Análisis social

Las actividades se realizan en los centros educativos guiadas por profesorado del mismo. Todas las indicaciones para las mismas, así como un amplio material complementario, bibliografía y filmografía de referencia están disponibles online para los colegios implicados.

PALABRAS CLAVE

Prevención, educación afectivo sexual, infancia.

ABSTRACT

Well-love school” project aims to bring sexual affective education to 5th and 6th grade primary school students in Galician schools through activities and audiovisual material

that responds to the interests and demands of this age, delving into their concerns and also in the physical, psychological, cognitive and relational changes that occur at this stage. For this, a fictitious school has been created on an interactive platform through which boys and girls approach the different contents from a perspective of good treatment, respect, trust and critical thinking, taking as reference emotional education and coeducation. This is intended to promote well-love, not only as a name, but as a concept: loving well, with confidence, in equality, with freedom and with respect. The project activities propose a comprehensive approach to achieve this goal, structured in five areas:

- Personal knowledge and acceptance
- Diversity
- Communication and emotional education
- Prevention of child sexual abuse
- Social analysis

The activities are carried out in the educational centers guided by their teachers. All the instructions for them, as well as an extensive complementary material, bibliography and reference filmography are available online for the schools involved.

KEYWORDS

Prevention, affective sexual education, childhood.

DESENVOLVIMENTO DA EXPERIENCIA DE BOA PRÁTICA.

1. Introducción/fundamentación na que conste a situación de partida.

Este proxecto realizouse para facilitar materiais de educación afectivo sexual para os últimos cursos de Primaria, dado que non existía unha oferta integral e axeitada a este grupo de idade, baseándose a dispoñible en moitas ocasións en obradoiros durante o curso ou pinceladas introducidas por profesorado interesado e implicado nesta temática. No ámbito familiar, os colexios tamén apostan por obradoiros introducidos por profesionais na materia, que sendo de grande riqueza e interese, teñen a limitación de chegar a familias que en moitas ocasións xa teñen unha sensibilidade previa, e información para empezar a traballar estes temas na casa. Sen embargo, hai outros grupos de nenos e nenas para os que a educación afectivo sexual non se aborda na familia, ben por descoñecemento, por inseguridade ou por pudor para falar da mesma. O colexio, neste senso, ofrece un espazo nivelador no que todos e todas teñen acceso á mesma información, dado que non sempre ás familias contan cos recursos, interese e dispoñibilidade para abordala.

Organismos internacionais como a UNESCO, a ONU e a OMS avogan porque o alumnado reciba educación afectivo sexual nas escolas, xa que consideran que este tipo

de formación é a base para lograr a igualdade social e de xénero, que forma parte dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

A UNESCO, no seu informe “*Orientaciones técnicas internacionales sobre educación en sexualidad: un enfoque basado en evidencia*” (2018), sinala que os datos poñen de relevo que a educación en sexualidade ten efectos positivos, entre os que destaca un incremento do coñecemento da poboación moza e unha mellora na súa saúde e comportamentos sexuais.

A nosa lexislación tamén fomenta esta inclusión, dado que a nova lei educativa (Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación) establece como un dos seus principios “*El desarrollo de la igualdad de derechos, deberes y oportunidades, el respeto a la diversidad afectivosexual y familiar, el fomento de la igualdad efectiva de hombres y mujeres a través de la consideración del régimen de la coeducación de niños y niñas, la educación afectivo sexual, adaptada al nivel madurativo, y la prevención de la violencia de género, así como el fomento del espíritu crítico y la ciudadanía activa*”. Esta mesma lei tamén fala de preparar unha cidadanía activa, con capacidade crítica, responsable e con capacidade de adaptación á realidade cambiante da sociedade do coñecemento. O proxecto segue a estela desta lexislación, tratando temas que saen explicitamente na mesma como o respecto á diversidade afectivo sexual, e familiar, e propón temas que son axeitados e resultan de interese para as idades destinatarias. Así mesmo, inclúe un apartado específico para traballar a análise crítica da realidade social neste tema, abordando temas como os estereotipos de xénero, os mitos do amor ou a identificación de información fiable.

Se ben a lei de educación é o marco principal deste proxecto, outras leis, como a *Ley Orgánica 8/ 2021, de 4 de junio, de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia* ou a *Ley Orgánica de Garantía Integral de la Libertad Sexual* recollen no seu desenvolvemento a necesidade de integrar no sistema educativo contidos de educación afectivo sexual. Por outra banda, tanto a *Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdad de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuales e intersexuais en Galicia*, e a *Ley 4/2023 para la igualdad real y efectiva de las personas trans y para la garantía de los derechos de las personas LGTBI* inclúen propostas concretas no ámbito educativo para promover a atención á diversidade, a prevención do acoso e ciberacoso e a visibilización de referentes positivos LGTBI+ nas escolas.

En xeral, a educación afectivo sexual nestas idades facilita:

- Unha mellor autopercepción e aceptación da propia imaxe e características persoais, e por conseguinte unha mellor autoestima.
- O descubrimento do propio corpo, as súas reaccións e o autopracer como proceso natural, sen sentimentos de culpabilidade.
- O establecemento de relacións sas.

- A prevención de futuras violencias sexuais e de condutas de violencia de xénero.
- A identificación de fontes fiables de información sobre sexualidade, evitando así outras menos precisas e que poden causar confusión ou incluso ser directamente negativas para os nenos e nenas (amizades, Internet, porno).
- A visibilización das diferentes sexualidades, e o respecto ante a diversidade das mesmas
- A construción de patróns de relación baseados na igualdade e que eviten os estereotipos de xénero.
- A identificación de situacións de abuso sexual, e de como reaccionar ante as mesmas.

2. Obxectivos.

Obxectivos xerais:

- Promover unha educación afectivo sexual positiva e integral, que teña en conta o factor emocional e coeducativo e na que se traballe dende o respecto á diversidade.
- Favorecer a difusión da educación afectivo sexual á comunidade escolar e as familias. - Facilitar a adquisición de coñecementos e a resolución de dúbidas sobre a temática afectivo sexual de forma natural e respectuosa.

Obxectivos específicos:

- Facilitar a adquisición de coñecementos e a resolución de dúbidas sobre a temática afectivo sexual de forma natural e respectuosa.
- Fomentar a creación dun clima de respecto e de confianza na aula para tratar estes temas.
- Aprender a utilizar unha linguaxe precisa, respectuosa e non discriminatoria no campo afectivo sexual.
- Favorecer o coñecemento do corpo e dos cambios que acontecen durante a puberdade.
- Promover o coñecemento da diversidade afectivo sexual dende unha óptica inclusiva e respectuosa.
- Valorar a propia singularidade, tanto a nivel físico como psicológico, axudando a crear unha imaxe persoal positiva que non estea marcada por estereotipos de xénero nin modelos de beleza.
- Aprender a relacionarse de maneira asertiva, tendo en conta as emocións propias e as das demais persoas.
- Recoñecer as situacións de abuso sexual infantil e actuar fronte ás mesmas. - Fomentar o pensamento crítico, axudando a facer unha análise propia sobre a información recibida no que respecta á estereotipos, información de sexualidade e mensaxes dos medios de comunicación.

3. Persoas destinatarias.

De maneira directa, o alumnado de 5º e 6º de Primaria dos colexios galegos, e de maneira indirecta, o seu profesorado e familias. 7

4. Metodoloxía.

A difusión do proxecto realízase a comezos do curso escolar por medio de envío de emails informativos a todos os centros Primaria. Isto realízase anualmente, sendo o actual o cuarto curso que se executa. A continuación, lévanse a cabo contactos presenciais e/ou telefónicos ou por videochamada con aqueles centros que o demanden, presentando máis polo miúdo os contidos da proposta.

Tras a inscrición, o proxecto se presenta de maneira personalizada en cada colexio, e se ofrece apoio ao longo do curso para a súa posta en práctica, que é flexible, facilitando a súa adaptación ás peculiaridades de cada centro, profesorado e alumnado participante. Esta flexibilidade permite que o profesorado utilice o proxecto tendo en conta a súa propia forma de traballar e as características do seu alumnado, así como a adaptación á situación actual. Por outra parte, implicar ao profesorado na súa realización facilita a continuidade do mesmo, xa que o profesorado pode seguir participando en cursos posteriores, con novo alumnado ou ampliando o traballado co mesmo nun nivel superior.

Realízase un apoio e asesoramento constante durante todo o curso e un seguimento a mediados de curso para comprobar o funcionamento do proxecto no centro, a satisfacción co mesmo e actividades realizadas. En caso de atoparse calquera dificultade, ofrécese apoio para solucionala. Durante o mesmo tamén lémbrese que se envíen fotografías do traballo realizado, o que permite facer un seguimento.

Cada colexio participante ten acceso a todo o material educativo, que está estruturado en dúas partes:

- Unha dirixida directamente ao alumnado, que consta á súa vez de dous compoñentes: un vídeo interactivo onde o alumnado pode coñecer a narrativa do proxecto (de onde procede o “Colexio do Benquerer” e a situación actual do mesmo) e unha imaxe interactiva. Na mesma poden introducirse no propio colexio, accedendo á sala de profesorado e coñecendo aos docentes do mesmo, así como ao despacho da directora, á biblioteca e ao centro de procesamento de datos (CPD). Cada unha das aulas do colexio correspóndese coa introdución a cada unha das actividades.

Imaxe 1: Colexio do Benquerer



Fonte: material do proxecto

- A outra parte é unha plataforma online na que o profesorado que participa no proxecto conta con todo o material para desenvolver o mesmo: a guía do profesorado, as explicacións necesarias para desenvolver cada actividade e o material complementario para descargar (fichas de actividade, pasaporte – guía, vídeos complementarios, ampla bibliografía e filmografía de referencia).

Imaxe 2: Plataforma educativa para profesorado participante



Fonte: material do proxecto


5. Descrición: actuacións, intervencións claves e desenvolvemento das mesmas.

Para entender á estrutura do proxecto, é necesario coñecer mellor a narrativa que o sustenta. Tal e como se explica no vídeo introdutorio, o Colexio do Benquerer, que é de nova creación, viuse afectado por un virus informático que fai que as súas aulas estean

pechadas, co cal os coñecementos que ofrece non poden chegar á súa poboación destinataria. O colexio é totalmente domótico, e a súa tecnoloxía está centralizada por un Sistema de Intelixencia Artificial, tamén coñecido como SIA. Porén, o virus fai que a apertura das aulas falle, e por iso demándase a axuda do alumnado para poder abrir as súas portas, para o cal terán que resolver unha pequena proba previa.

Tras pasar a proba, obterá un código de catro números que lle permitirá desbloquear o cadeado e acceder á aula, onde poderá ver a presentación da actividade.

Imaxe 3: Mostra dunha proba previa



Fonte: material do proxecto

Cada aula ten unha estrutura diferente que se adecúa o contido das materias, e un profesor ou profesora responsable que o alumnado poder ver tras realizar o xogo inicial.


Imaxe 4: O profesor de Comunicación e educación emocional na súa clase.



Fonte: material do proxecto

Unha vez realizada a actividade, os nenos e nenas obterán un cromos que poderán pegar no seu “Pasaporte do Benquerer”. Este é un documento persoal de cada participante no que cada neno ou nena firmará ao inicio do proxecto un compromiso de respecto e bo trato, o “Pacto do Benquerer”, e no que logo irán pegando os cromos das actividades superadas.

Imaxe 5: Presentación do pasaporte e pacto do Benquerer



Fonte: material do proxecto

Nos cromos inclúese o nome da actividade, unha breve descrición da mesma e un código QR que leva a un vídeo relacionado co aprendido nesa actividade. Algúns dos vídeos utilizados neste proxecto son unha versión adaptada de Amaze, unha entidade estadounidense que ten un longo percorrido en educación afectivo sexual e desenvolve materiais audiovisuais moi rigorosos ao tempo que amenos para os rapaces e rapazas. Fíxose unha escolma de dezaioito vídeos relacionados coas temáticas do proxecto, que foron dobrados e traducidos do inglés ao galego para adaptalos a este proxecto. A aposta por este contido é clave no proxecto, porque vai facilitar a achega de ideas e conceptos nunha linguaxe sinxela e por medio de vídeos de pouca duración, que sen embargo permiten facer un completo traballo posterior.

O pasaporte cos cromos pode levarse ás casas para compartir os vídeos seleccionados coas familias, e así compartir e estender o aprendido neste ámbito, implicando a todas as familias na educación afectivo sexual.

Imaxe 6: Mostra dos cromos



Fonte: material do proxecto

Segundo o número de actividades superadas, o alumnado terá a final de curso un grado distinto na escala do Benquerer, e no caso do alumnado de 5º poderá seguir completándoo o curso seguinte.

Imaxe 7: Escala do avance no Benquerer

ESCALA DO BENQUERER

NIVEL	ACTIVIDADES SUPERADAS				
PUNTOS EXTRA	★ ★				22
REFERENTE	★	★	★	★	20
PROFESIONAL	★	★	★	★	16
COMPETENTE	★	★	★	★	12
CAPAZ	★	★	★	★	08
PRINCIPIANTE	★	★	★	★	04

Fonte: material do proxecto

Este avance certificarase cun diploma final personalizable.

Imaxe 8: Diploma do Benquerer



Fonte: material do proxecto

Ademais, o proxecto conta cun amplo material complementario, bibliografía, filmografía e webs de referencia. Todo o material está dispoñible na plataforma educativa, que é accesible para o profesorado dos centros participantes por medio dun usuario e contrasinal.

Imaxe 9: mostra do material complementario



Fonte: material do proxecto

As actividades están estruturadas en cinco bloques de contido que dan resposta aos principais temas a traballar na educación afectivo sexual. Cada un ven representado por un mestre ou mestra asociado a esa área:

	Coñecemento persoal e aceptación: Abarca os temas relacionados coa bioloxía, os cambios da puberdade, a autoestima e o autoconhecimento.
	Diversidade: Aborda a diversidade sexual e a familiar, fomentando o respecto ás diferentes formas de ser e sentir. Tamén trata a diversidade no que respecta á beleza, procurando unha visión crítica dos modelos estéticos dominantes e fomentando a valoración positiva de cada persoa.

	Comunicación e educación emocional: Trata o desenvolvemento dunha comunicación empática e asertiva, axudando a entender as diferentes formas de expresar afecto e os distintos estilos comunicativos, facilitando así o establecemento de relacións respectuosas.
	Prevención de abuso sexual infantil: Protexer aos nenos e nenas destas situacións pasa porque aprendan a identificar os seus límites persoais (e a recoñecer cando alguén os traspasa), a dicir que non, a saber que segredos poden ser danos para si ou para outra persoa, e a identificar a súa rede de persoas de confianza.
	Análise social: Facer unha mirada crítica á sociedade favorece o rexeitamento dos estereotipos de xénero, dos mitos do amor romántico, das mensaxes sexistas e a detección de información falsa en Internet.

Cada un deses bloques subdivídese a súa vez en catro ou cinco actividades que se explicitan a continuación, xunto coa temática que se traballa nas mesmas:

Bloque de coñecemento persoal e aceptación:

- **"O nome correcto":** uso do nome correcto das partes do corpo relacionadas coa sexualidade e fontes fiables de procura de información.
- **"A máquina do tempo":** coñecemento e comprensión dos cambios físicos, psicolóxicos, cognitivos e emocionais acaecidos na puberdade.
- **"Fermosas e únicas como folerpas":** recoñecemento das características persoais que nos fan seres únicos, e valoración das capacidades e habilidades.

- **"O pracer é meu"**: identificación de sensacións prazenteiras e desagradables, e variabilidade da resposta entre persoas ante diferentes experiencias.

Bloque de diversidade:

- **"Aprendemos sobre diversidade sexual"**: aprendizaxe das diferenzas entre os conceptos de sexo, identidade de xénero, expresión de xénero e orientación sexual.
- **"Arcos da vella contra a discriminación"**: respecto das diferentes formas de ser e sentir.
- **"Compoñendo familias"**: visibilización e respecto das diferentes realidades familiares.
- **"Desmontando a beleza"**: análise crítica dos modelos estéticos imperantes, comprensión da variabilidade cultural e temporal dos modelos de beleza e valoración da diversidade corporal.
- **"Actúa contra o bullying"**: desenvolvemento da empatía ante situacións de bullying e reflexión sobre como pasar de ser persoa observadora a defensora ante estes casos.

Bloque de comunicación e educación emocional:

- **"As linguaxes do amor"**: identificación de diferentes formas de expresar afecto, tendo en conta á outra persoa, a relación e o momento.
- **"A linguaxe do corpo"**: identificación e lectura da linguaxe non verbal nas relacións, tendo en conta as emocións das demais persoas.
- **"A comunicación asertiva"**: aprendizaxe de habilidades de comunicación baseadas na empatía, promovendo a expresión das emocións e desexos propios e respectando os das demais persoas
- **"Palabras doces e palabras amargas"**: identificación e comprensión do impacto das nosas palabras nas demais persoas.
- **"Código de resolución de conflitos"**: desenvolvemento de habilidades de resolución de conflitos para lograr solventalos de forma pacífica e empática.

Bloque de prevención de abuso sexual infantil:

- **"Os límites persoais"**: identificación e comprensión dos límites persoais e recoñecemento das sinais corporais cando se traspasa un límite.
- **"Digo que si, digo que non"**: identificación e rexeitamento de comportamentos que xeran malestar. Introducción do consentimento e de que é o abuso sexual infantil.
- **"Segredos a gardar, segredos a dicir"**: comprensión de que hai segredos que é necesario compartir; emocións vividas nos mesmos.
- **"Relacións sas e persoas de confianza"**: comprensión das características dunha relación sa e creación dun marco de seguridade con persoas de confianza.

Bloque de análise social:

- **"Roles e estereotipos de xénero"**: comprensión de que son os roles e estereotipos e construción dunha identidade propia libre de estereotipos.
- **"Xestionando as expectativas no amor"**: identificación dos mitos de amor romántico co obxectivo de entender o amor como libre, respectuoso e diverso.
- **"Mensaxes musicais"**: estimulación do pensamento crítico sobre as mensaxes transmitidas coa música en relación a estereotipos de xénero e sexismo.
- **"Fai dobre check"**: análise crítica da información en Internet, identificando novas falsas e fontes fiables na rede.
- **"Realidade a ficción"**: aproximación ao concepto da pornografía a través de ideas clave que permitan abordar este tema dende unha visión crítica.

O impacto e seguimento do proxecto mídese a través dun conxunto de indicadores de avaliación que permiten seguir a evolución do mesmo nos diferentes centros educativos de maneira anual, e se complementa coa información cualitativa recollida nas conversas co profesorado e cualitativa da enquisa de avaliación final, que cobren todos os colexios.

6. Coordinación e alianzas.

O proxecto realízase implicando directamente ao profesorado titor destes cursos ou ao Departamento de orientación, que son quen levan a cabo estas actividades. Nalgúns casos, tamén se implica a persoa coordinadora de benestar do centro educativo ou outro profesorado especialista. Para lograr unha correcta implantación do proxecto e un bo funcionamento do mesmo hai varias vías de comunicación abertas durante todo o curso entre o profesorado e a responsable do proxecto (e-mail, whatsapp, chamadas, videochamadas...). A alianza creada entre coordinación e profesorado permite non só o bo funcionamento do proxecto, senón a súa continuidade en cursos posteriores.

7. Promoción e difusión da práctica.

A práctica difúndese cada curso escolar entre os centros educativos galegos, facéndose eco da mesma tamén nas redes sociais da entidade na que se desenvolve. Con isto trata de acadarse un número determinado de inscricións cada curso escolar. O curso pasado, a participación foi de 54 colexios, 2.501 nenos e nenas e 150 docentes inscritos, superando o obxectivo marcado.

8. Participación das persoas destinatarias, da comunidade.

As persoas destinatarias, que son nenos e nenas entre 10 e 12 anos, son quen realizan todas as actividades: reflexións, debates, role playing, xogos, traballos murais ou análise de vídeos ou cancións, entre outras dinámicas. Ademais, o proxecto procura ir máis aló do ámbito escolar, facilitando un material que os colexios poden enviar as familias e así facilitar unha canle para abrir conversas na casa sobre as temáticas do mesmo. 17

9. Resultados e impacto.

Cada ano participan neste proxecto un mínimo de 50 colexios, 125 docentes e 2.000 nenos e nenas. O proxecto está actualmente no seu cuarto ano de execución, e as valoracións do mesmo son moi positivas entre os colexios participantes. No cuestionario de avaliación do curso pasado a nota media foi de 9,2 e os comentarios dos docentes son moi positivos. Recóllense aquí algunhas respostas literais dos cuestionarios de avaliación sobre o proxecto:

- *“A proposta encántanos!”*
- *“Penso que é un proxecto de alta calidade a nivel de contidos e a nivel de atractivo na presentación.”*
- *“Agradécese o completas que están en canto a proporcionar todas as explicacións, recursos, enlaces, material complementario, materiais extra...”*
- *“Parécenos un proxecto excelente.”*
- *“As actividades son moi motivadoras para o alumnado. Gústalles participar e debater nos temas que se propoñen.”*
- *“É un proxecto interesante que dá pé a tratar temas que non sempre están presente na escola.”*

10. Aprendizaxes da experiencia (debilidades, fortalezas, oportunidades, ameazas, etc.)

A realización deste proxecto supuxo un reto pola temática abordada. A pesar da importancia da mesma, non existían demasiados referentes para traballar nestas idades, así que foi necesario escoller cada un dos temas axeitándose as inquiredanzas e necesidades propias desta idade. Igualmente, isto tívose en conta na abordaxe das actividades, nas que se buscou que foran motivadoras para os nenos e nenas, pero tamén que tiveran un impacto a través da reflexión sobre os temas propostos. Para facilitar o achegamento, deseñáronse xogos previos para cada unha das actividades, para captar a súa atención. Isto, unido a outras dinámicas coma os gifs animados dándolle parabéns cando conseguían introducir correctamente a clave, os pasaportes ou os vídeos finais fixeron que as actividades fosen ben recibidas polos nenos e nenas. En varios centros educativos se mencionou explicitamente que o alumnado solicitaba facer máis actividades do proxecto, porque lles resultaban divertidas.

Respecto a análise DAFO, unha **debilidade** do proxecto foi a plataforma online onde estaba todo o contido para os docentes e material para imprimir. Apostouse por unha aplicación que deu algúns problemas durante a execución do proxecto, ademais de ser limitada nalgunhas funcionalidades. Por este motivo, este ano cambiouse a outra (de tipo LMS) que permite maior flexibilidade e ademais facilita a lectura de estatísticas de uso

do profesorado. Por outra parte, que o proxecto estea todo nunha ferramenta online é unha **fortaleza**, porque permite ampliar e mellorar o contido ao longo do curso, e tamén corrixir calquera incidencia (por exemplo, se se rompe unha ligazón). Ademais, así o profesorado pode ver directamente na plataforma os vídeos suxeridos, e comunicarse por medio da mesma coa persoa que fai o seguimento do proxecto. Ademais, o material online supón unha menor pegada ecolóxica que en papel, e tamén unha redución de custe á hora de implantar o proxecto en cada colexio con respecto a se fose material físico. Sen embargo, ao mesmo tempo esta maneira de levar os contidos tamén supón nalgunha ocasión unha **debilidade**, xa que algunhas das persoas destinatarias preferirían o material en papel, ao ter máis dificultades á hora de utilizar ferramentas informáticas. Para solventar isto, hai un manual da plataforma, pero tamén se ofrece unha presentación en cada centro educativo ao inicio, para axudar a familiarizarse coa mesma. Igualmente, realízase unha chamada posterior para aclarar las primeiras dúbidas, e cando é necesario tamén se fai unha vídeo chamada en calquera momento ao longo do curso para facilitar a execución do proxecto.

Unha **fortaleza** importante do proxecto é que dota aos centros educativos dun material completo e que aborda a educación afectivo sexual de maneira **integral** nunhas idades nas que non se traballa habitualmente de maneira organizada, cunha vertente dixital e contidos audiovisuais que facilitan a aplicación e utilización por parte dos colexios e do alumnado. Se ben nalgúns colexios se introducen algúns contidos, en moitas ocasións focalízase estas ensinanzas na ESO. Sen embargo, para facer prevención e axudar a establecer relacións sas e igualitarias é necesario comezar antes. Así, a súa **integridade** e a **idade** de implantación do proxecto son puntos de innovación dentro do mesmo.

Por outra parte, é un proxecto **360°**, no que se implica ao alumnado, familias e profesorado con diferentes materiais educativos, e no caso do profesorado tamén teñen acceso a un completo **material complementario**.

Na parte lúdica, trátase dun proxecto **gamificado**, cunha narrativa propia e xogos de avance no mesmo para os nenos e nenas..

Polo que respecta ás **oportunidades**, a lexislación vixente apoia a introdución deste tipo de contidos, dado que está recollido de maneira explícita tanto na actual lei educativa como na “*Ley Orgánica 8/ 2021, de 4 de junio, de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia*” (LOPVI) e na “*Ley Orgánica de Garantía Integral de la Libertad Sexual*” (*Lei de só si é si*). Existe cada vez unha maior concienciación e sensibilidade sobre este tema que facilita a implantación deste tipo de proxectos. No senso contrario, como **ameaza** está a reticencia dalgunhas familias sobre a introdución deste tipo de contidos neste tramo escolar, por consideralo demasiado cedo para os rapaces e rapazas. A pesar do avance social, segue existindo unha concepción reduccionista da educación afectivo sexual, que se cree orientada soamente á prevención do embarazo e

das ITS, e tamén persiste a idea de que estes temas soamente é necesario tocálos cando “*chega o momento*”, que se considera que é cando xa está avanzada á adolescencia. Por último, o crecemento de correntes conservadoras a nivel social, pero tamén político, é unha **ameaza** para este tipo de contidos, porque poden dificultar a introdución dos mesmos nas escolas, facendo que a educación afectivo sexual quede soamente na man das familias sensibilizadas e informadas, e polo tanto, deixando ao marxe a moitos rapaces e rapazas que non teñan acceso á mesma, ben por pudor das súas familias para tratar este tema, como por descoñecemento ou por consideralo innecesario. A escola cumpre, neste senso, un importante factor nivelador e por ese motivo é importante que

11. Conclusións (que incorporen unha valoración das posibilidades de replicabilidade en termos de medios e custes).

Este proxecto foi unha aposta de cara a facilitar materiais de educación afectivo sexual para últimos cursos de Primaria, dado que non existía unha oferta integral e axeitada a este grupo de idade, baseándose a dispoñible en moitas ocasións en obradoiros durante o curso ou pinceladas introducidas por profesorado interesado e implicado nesta temática. Sen embargo, como se expuxo ao longo deste documento, é necesario abordar esta educación no desenvolvemento persoal de nenos e nenas, sendo o colexio un lugar nivelador no que todos e todas teñen acceso á mesma información, dado que non sempre ás familias contan cos recursos, interese e dispoñibilidade para abordala.

O proxecto contou todos os cursos cunha moi boa valoración nos cuestionarios, con respostas moi positivas sobre o proxecto en xeral e sobre os materiais en concreto. Todas as actividades propostas son usadas polos colexios, o que reflicte o interese dos temas elixidos. Por outra banda, tamén se observa nos cuestionarios de avaliación que os materiais se comparten noutras clases, levando a cabo actividades cursos que non estaban inscritos. Nestes casos, o propio profesorado interesado fai adaptacións para realizalas en cursos como 1º, 2º, 3º ou 4º.

Outro aspecto positivo é a súa continuidade ó longo de varios cursos, xa que consolida a oferta deste contido, que se mellora en base á experiencia de cursos pasados e as propostas recollidas nas conversas co profesorado e avaliación realizada no ano anterior. Así, cada curso se realizan melloras nas actividades, no material complementario e nos xogos iniciais, así como creación de novo contido, tendo en conta a retroalimentación ofrecida polos docentes, e aprendendo da súa experiencia na posta en práctica do proxecto.

O proxecto é facilmente replicable noutras comunidades cun custo relativamente baixo, xa que simplemente implicaría a tradución dos contidos ao castelán e o seu volcado de novo ás plataformas tecnolóxicas que se usan para o mesmo. A estrutura de persoal para levalo a cabo é moi pequena, xa que o persoal técnico se limita á persoa autora do contido, que fai todo o traballo de creación de materiais, difusión, seguimento cos



colexios, resolución de dúbidas, memorias... Cántase coa apoio de persoal de deseño para elaborar a parte gráfica do contido, así como o volcado do mesmo á plataforma educativa.



EN REDE



ULLOA VIVA

PLATAFORMA ULLOA VIVA:

QUEN SOMOS?

Plataforma Ulloa Viva é unha plataforma veciñal galega nacida coa finalidade de defender o territorio e os seus valores ambientais, patrimoniais, culturais e sociais fronte ás ameazas que pon en risco a calidade de vida das persoas e da contorna natural.

Os seus obxectivos principais inclúen a defensa do patrimonio natural e da biodiversidade da comarca da Ulloa, a protección da bacía do río Ulla como fonte de riqueza natural e inmaterial, e a difusión e salvagarda do patrimonio histórico-artístico e cultural, así como a preservación dos Camiños de Santiago e do seu valor social e paisaxístico.

A plataforma está constituída por numerosos grupos locais, grupos vivos, distribuídos por toda Galicia, fomentando a organización e participacións colectiva da veciñanza na loita por un futuro máis sostible e xusto no corazón do país



QUE FACEMOS?

Dende 2024 a Plataforma Ulloa Viva foi a oposición ao proxecto industrial da macrocelulosa promovida pola multinacional portuguesa Altri no concello de Palas de Rei. Este proxecto constituía unha ameaza grave para o medio ambiente, pola elevada captación de auga do encoro de Portodemouros, os vertidos previstos ao río Ulla, e o impacto sobre a biodiversidade, o camiño de Santiago e o estilo de vida rural.

Para frear este plan, Ulloa Viva impulsou mobilizacións sociais de gran tamaño, como manifestacións multitudinarias en toda a comunidade autónoma baixo o lema “*Altri non!*”, nas que participaron miles de persoas en demanda da protección ambiental e transparencia na tramitación administrativa.

Ademais das protestas na rúa, a Plataforma tamén está actuando no ámbito xudicial e administrativo para recorrer a aprobación da Declaración de Impacto Ambiental favorable ao proxecto, presentando alegacións ante a planificación eléctrica de 2025-2030 para evitar que se autorice a conexión de Altri á rede de alta tensión, elemento chave para a súa operatividade.

A Plataforma organiza estratexias de coordinación con outros colectivos ecoloxistas e sociais e mantivo reunións con diversas organizacións políticas.


CONTACTO

Páxina Web: www.plataformaulloaviva.com

Instagram: [@plataformaulloaviva](https://www.instagram.com/plataformaulloaviva)

Correo electrónico: presidenciaulloaviva@gmail.com

secretariaulloaviva@gmail.com tesoureriaulloaviva@gmail.com



ASOCIACIÓN ARRAIANAS:

QUEN SOMOS?

A Asociación Arraianas é unha entidade sen ánimo de lucro con sede en Santiago de Compostela que traballa pola xustiza social e o cumprimento dos dereitos humanos, con especial atención ás poboacións migrantes, mulleres e persoas en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social. O seu nome fai referencia á idea de fronteira como espazo de confluencia intercultural, como un punto de encontro, de intercambio e recoñecemento mutuo entre persoas e culturas.

O colectivo actúa como ponte de apoio entre aquelas persoas que carecen de recursos medios ou información a consecución dos seus dereitos, ofrecendo servizos profesionais especializados. Entre as áreas de intervención están a atención xurídica, social, psicolóxica, socioeducativa e socio laboral, facilitando así acompañamento integral e fortalecemento persoal.

QUE FACEMOS?

Arraianas desenvolve programas de inclusión e autonomía destinados a mellorar a calidade de vida e a participación activa na sociedade das persoas migrantes e en risco de exclusión. Por exemplo, proxectos como Ayni buscan favorecer a inclusión social e laboral, fortalecer capacidades e facilitar o acceso a dereitos básicos e recursos formativos e de emprego.

Outro programa destacado é Aloia, iniciado en marzo de 2024, centrado na atención integral a mulleres migrantes, promovendo o seu empoderamento, o coñecemento dos seus dereitos, e o acceso a servizos de orientación, apoio psicolóxico, asesoramento xurídico e acompañamento sociolaboral.

Ademais de iniciativas como NosOutras que están dirixidas a facilitar itinerarios personalizados de inserción socioalboral para persoas en risco de exclusión, combinando actividades grupais e individuais.

Arraianas fala de inclusión, de igualdade de oportunidades, interculturalidade e dereitos humanos, e actualmente traballa con proxectos concretos de apoio integra e empoderamento para persoas migrantes, mulleres e colectivos vulnerables, para promover a súa participación activa na sociedade galega.

CONTACTO

Páxina Web: www.arraianas.org

Correo electrónico: arraianas@arraianas.org


Teléfono: 981 936 034 - 623 004 843

Instagram: @arraianas_asoc

Facebook: Arraianas



RECENSIÓN DE PUBLICACIÓN



EL CONSENTIMIENTO

Autora do libro: Vanesa Springora

Editorial: Lumen

Data de publicación: 2020

Autora da recensión: Jennifer Santín
Vivero – Traballadora Social

santinvivero@gmail.com

«(...) Son demasiado nova e inexperta. Fronte a el, o escritor e o intelectual, carezo dramaticamente de vocabulario. Non coñezo a expresión "pervertido narcisista", nin "depredador sexual". Non sei o que é unha persoa para a que os demais non existen. Sigo crendo que a violencia é só física. E G. manexa as palabras como unha espada. Cunha soa frase pode darme unha estocada e acabar

comigo. Imposible librar unha batalla en igualdade de condicións».

Neste libro Vanessa Springora relata o abuso que padeceu desde os trece anos por parte de Gabriel Matzneff, un recoñecido escritor trinta e seis anos maior que ela. Sufriu acoso de forma continuada moitos anos despois a través dos textos do agresor nos que esa nena foi descrita. É unha historia de violencia a través da desposesión da nenez e a adolescencia, arrebatando o descubrimento san e seguro da sexualidade.

En 1977 redáctase en Europa unha carta aberta que clamaba pola despenalización das relacións sexuais entre menores e adultos. Esta carta asínana importantes figuras e intelectuais da época en nome da liberación sexual. « Unha deriva e unha cegueira pola que case todos os asinantes desas peticións pedirán desculpas tempo despois.»

A autora non só denuncia ao agresor, tamén sinala a todos os mecanismos que o fixeron posible, a indiferenza da sociedade, das institucións e da súa contorna que enxalzaba e eloxiaba a artistas que cometían abusos desde o poder e a impunidade (da necesidade de non separar obra e artista fala perfectamente a historiadora da arte Eugenia Tenenbaum).

Pero o tema central do libro será a posta en cuestión do consentimento. « A vulnerabilidade é precisamente esa ínfima fisgoa polo que perfís psicolóxicos como o de G. poden introducirse. É o elemento que converte en concepto de consentimento en tanxencial». A filósofa feminista Ayme Roman ten falado de como se fetichiza a vulnerabilidade e se erotizan as relacións de poder por parte de homes que superan a trintena con mulleres moito máis novas. Eses adultos que pretenden achegarse a nenas e adolescentes con consignas como as de "Es moi madura para a túa idade" ou "Ti non es como as demais".

Vanessa Springora tamén carga contra a figura da Nínfula/Lolita. A responsabilidade sempre e unicamente debe recaer no adulto; recorrer a estes arquetipos como modo de xustificación é unha forma de branquear abusos e agresións sexuais infantís. Este libro é tamén un acto de xustiza e reparación a través da escritura, tal e como ela expón: atrapando ao cazador na súa propia trampa, encerrándoo nun libro. A educación feminista, a facilitación de ferramentas e o acompañamento e empoderamento na adolescencia e na infancia son imprescindibles.

Non perdades a oportunidade de ler a Vanessa Springora e desmontemos a manida e patriarcal falacia de que o amor non ten idade.



FICHAS DE INVESTIGACIÓN

VALORES, DEREITOS HUMANOS E PRÁCTICA POLÍTICA EN PROFESIONAIS DO TRABALLO SOCIAL EN ESPAÑA

Autora: Murcia Álvarez, Evelia

Natureza do traballo: traballo de doutoramento

Ano de referencia: 2024

Directores: Francisco Xabier Aguiar Fernández; Yolanda Rodríguez Castro

Accesibilidade ao documento: Repositorio Institucional da Universidade de Vigo: Investigo. Ficha TESEO.

Palabras chave: Valores persoais, dereitos humanos, práctica política, participación política, Traballo Social

FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E OBXECTIVO

A actual definición global do Traballo Social aprobada pola Federación Internacional de Traballadores Sociais no ano 2014 reconece expresamente que a práctica profesional debe promover o cambio e o desenvolvemento social apoiándose nos principios da xustiza social, os dereitos humanos, a responsabilidade colectiva e o respecto á diversidade, involucrando ás persoas e ás estruturas. Nas clarificacións que complementan esta definición, déixase patente que a formulación e a análise das políticas, a advocacy ou defensa e as intervencións políticas son funcións propias do Traballo Social que forman parte do exercicio profesional, máis aló da intervención directa nos distintos niveis individual ou familiar, grupal e comunitario. A intervención desde o Traballo Social conleva, por tanto, a integración das perspectivas micro-macro ou persoal-política.

Do mesmo xeito, a Declaración Global dos Principios Éticos do Traballo Social (FITS & AIETS, 2018) dispón que a práctica profesional do Traballo Social debe realizarse atendendo aos máis altos estándares éticos, ocuparse da promoción dos dereitos humanos como dereitos inalienables e fundamentais de todas as persoas, e desafiar políticas e prácticas inxustas que vaian en detrimento do benestar individual e social, denunciando todas aquelas situacións inxustas que se deriven da aplicación de políticas opresivas. O Código Deontolóxico do Traballo Social en España tamén recolle a importancia dos dereitos humanos e da intervención na política social entre as principais funcións profesionais.

De acordo con estas formulacións, as/os profesionais do Traballo Social deben comprometerse coa promoción dos dereitos humanos e implicarse na práctica política entendida como a intervención profesional na política desde o seu posto de traballo e en horario laboral (Gal e Weiss-Gal, 2023), sendo esta unha actividade diferenciada da participación política a nivel cívico ou cidadán que comprende todas aquelas accións políticas que as/os profesionais realizan en calidade de cidadáns privados.

Ao mesmo tempo que o compromiso cos dereitos humanos e a implicación na práctica política son dous aspectos centrais do labor profesional, o Traballo Social é unha profesión baseada nunha serie de valores, que poderíamos entender en clave de conviccións profundas que moldean a forma de pensar sobre a profesión, os seus obxectivos e sobre as persoas coas que traballa, e que xeralmente se entenderon aliñados coa xustiza e a transformación social (Banks, 1997; Levy, 1973). Neste sentido, considérase necesaria a existencia dun forte compromiso por parte das/os profesionais do Traballo Social con estes valores, que deben interiorizar e guiar a súa práctica, de forma que as causas e funcións profesionais se vexan lexitimadas.

Así pois, o obxectivo principal da presente tese doutoral é analizar os valores persoais, o compromiso cos dereitos humanos, a implicación na práctica política e a participación política das/os profesionais do Traballo Social en España, identificando posibles factores que poidan estar relacionados ou promover estas dimensións na práctica profesional. Todo iso, amparándonos nunha serie de formulacións teóricas robustas como a Teoría dos Valores Humanos Básicos de Schwartz (1992) para comprender os valores persoais, o modelo conceptual de implicación política de Gal e Weiss-Gal (2023) como marco conceptual para a análise da práctica política, ou o Modelo de Voluntarismo Cívico de Verba et al. (1995) para entender os factores relacionados coa participación política a nivel cívico.

METODOLOXÍA

Para a consecución deste obxectivo, operacionalizado a través dunha serie de preguntas e hipóteses de investigación, levouse a cabo un estudo cuantitativo de corte transversal no que a través dun cuestionario en liña obtívose información de 481 profesionais do Traballo Social que exercen a súa actividade no Estado español. O cuestionario estivo formado por sete bloques que agruparon un total de 33 variables. Un primeiro bloque no que se inclúen cuestións sociodemográficas referentes tanto a características individuais como a aspectos relativos á situación familiar e laboral das/os profesionais. Un segundo bloque formado pola escala utilizada para medir os valores persoais (Portrait Values Questionnaire; PVQ-21; Schwartz, 2003). Un terceiro bloque que inclúe a versión española da Human Rights Engagement in Social Work (HRESW, McPherson & Abell, 2012), a escala de Compromiso cos Dereitos Humanos en Traballo Social (CDHTS,

Cubillos-Vega et al., 2019). Un cuarto bloque conformado pola escala de Implicación na Práctica Política (Level of Involvement in Policy Practice Scale; Weiss-Gal et al., 2018). Un quinto bloque formado por preguntas sobre actitudes e comportamentos políticos no que se inclúe a escala de Participación Política da ESS-10. Un sexto bloque sobre confianza social e actitudes prosociais. E, un sétimo e último bloque conformado por preguntas relacionadas coa actividade profesional.

RESULTADOS

Os resultados obtidos na nosa investigación mostraron, en primeiro lugar, que tanto a escala empregada para medir o compromiso cos dereitos humanos como a aplicada para medir a implicación na práctica política resultaron ser instrumentos válidos e fiables para ser utilizados en mostras de profesionais do Traballo Social. En segundo lugar, que as/os profesionais do Traballo Social en España priorizan uns valores persoais que están en sintonía cos valores que promove a profesión como son o universalismo e a benevolencia, presentan un elevado nivel de compromiso cos dereitos humanos e de participación política, á vez que se aprecia un nivel de implicación na práctica política máis baixo. Ademais, no que respecta a os factores que inflúen no compromiso cos dereitos humanos, a implicación na práctica política e a participación política das/os profesionais do Traballo social, os nosos achados revelaron que: i) maiores niveis de asociativismo e de interese na política son predictores positivos e significativos da participación política, ii) a maior priorización dos valores da autotranscendencia e as actitudes positivas cara á inmigración tamén se mostraran variables predictoras significativas e positivas do compromiso cos dereitos humanos; e, finalmente, iii) maiores niveis de participación política cidadá e de eficacia política interna amosaronse predictores positivos e significativos da implicación na práctica política, entendendo a eficacia política interna como a confianza nas propias habilidades para influír e participar en política.

PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

Este traballo de doutoramento ofrece unha panorámica actualizada sobre o modo de facer das/os profesionais no exercicio das súas funcións e sobre o cumprimento dos principios, a nivel ético e deontolóxico, remítennos a unha necesaria reflexión sobre a abordaxe dos desafíos actuais derivados do contexto neoliberal que pasa necesariamente pola incorporación da dimensión ético-política na profesión e por unha práctica baseada en dereitos humanos, que sexa capaz de visibilizar as vulneracións en materia de dereitos derivadas das políticas sociais inxustas e de implicarse na formulación e deseño dunhas políticas máis democráticas e igualitarias. Finalmente, débese a importancia de reforzar a formación e a educación en Traballo Social integrando contidos e competencias



relacionadas cos dereitos humanos e a incidencia política no currículo, contribuír ao desenvolvemento da investigación sobre estas cuestións desde a propia disciplina e concienciar ás/os profesionais do presente e do futuro para que aposten por modelos de práctica profesional críticos cos fallos do sistema, coas desigualdades e cunha forte vocación de denuncia social.

O TRABALLO SOCIAL COMO POSIBILITADOR DA VIDA INDEPENDENTE. ASISTENCIA PERSOAL EN ESPAÑA CUNHA MIRADA ÓS DEREITOS DA INFANCIA

EL TRABAJO SOCIAL COMO POSIBILITADOR DE LA VIDA INDEPENDIENTE. ASISTENCIA PERSONAL EN ESPAÑA CON UNA MIRADA A LOS DERECHOS DE LA INFANCIA

Autor: Riobóo-Lois, Breogán

Natureza do traballo: Tese de doutoramento

Ano de referencia: 2024

Directores: Rubén González-Rodríguez e Carmen Verde-Diego

Accesibilidade ao documento: Repositorio Institucional da Universidade de Vigo: Investigo. Ficha TESEO.

Palabras chave: Asistencia persoal; persoas con discapacidade; vida independente; autonomía persoal; políticas públicas; dereitos humanos; Traballo Social

RESUMO

A tese de doutoramento aborda o rol do Traballo Social como posibilitador da autonomía persoal e a vida independente das persoas con discapacidade en España atendendo á implementación da figura da asistencia persoal. Mediante o compendio de publicacións científicas realizadas, con análises cuantitativas e cualitativas, abórdouse o impacto que a asistencia persoal pode ter na vida independente das persoas con discapacidade, así como o seu potencial para garantir unha educación máis inclusiva. Os resultados, que foron recollidos en sete estudos distintos (catro artigos e tres capítulos de libro), amosan a importancia da asistencia persoal para a promoción da autonomía persoal e da vida independente das persoas con discapacidade, ó tempo que expoñen o pobre desenvolvemento que tivo a asistencia persoal ata o momento, así como as inxerencias a nivel ético e formativo-laboral que suscita esta figura. Dende a perspectiva do Traballo Social cómpre avanzar de xeito decidido no acompañamento e na promoción dos dereitos das persoas con discapacidade para garantir o seu acceso a desfrute a instrumentos que constitúen dereitos esenciais, como a asistencia persoal.

OBXECTIVO

A preocupación principal da presente tese de doutoramento foi a comprensión e o análise da implantación da figura da asistencia persoal en España. Neste sentido buscouse identificar a súa situación actual case dúas décadas despois da súa incorporación como recurso na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como identificar os principais debates existentes na actualidade sobre esta figura e o seu proceso de implantación e desenvolvemento. De xeito transversal ó conxunto da tese, este traballo busca xerar transformacións na realidade social na que nos desenvolvemos, polo que fai un chamamento á nosa profesión e disciplina por deixar de falar de “lei de dependencia” e enfatizar na promoción da autonomía, LEPA, pois a linguaxe constrúe realidades sociais.

METODOLOXÍA

Esta tese de doutoramento realizouse mediante un compendio de publicacións, o que en termos da Universidade de Vigo supón unha tese que inclúe artigos de investigación. Este formato de teses de doutoramento é cada vez máis frecuente, fronte ó método tradicional no que un 70% das teses realizadas non chegan a difundirse. Deste xeito, cunha tese por compendio de publicacións, esta faise visible e pode contribuír de maneira inmediata a xeración de novo coñecemento. Para confeccionármolos unha tese por compendio de publicacións requírense, alomenos, tres artigos de investigación publicados ou aceptados nun índice internacional como o Journal Citations Reports (JCR) ou que sexan verificados por criterios da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (coñecida como CNEAI en castelán). Nesta tese de doutoramento, os sete traballos realizados (Táboa 1) cumpriron con este requisito ó ter sido publicados todos eles.

Táboa 1

Estudos que compoñen a tese de doutoramento

Publicación	Tipo	Calidade
1 Riobóo-Lois et al. (2024). Personal assistance, independent living, and people with disabilities: An international systematic review (2013-2023). <i>Disability and Health Journal</i> , 17(4), 101630. https://doi.org/10.1016/j.dhjo.2024.101630	Artigo	JCR (Q1) e SJR (Q1)
2 Riobóo-Lois et al. (2022). Asistencia personal: el marco normativo de un nuevo derecho para el ejercicio de la vida independiente. En C. Verde-Diego et al.	Capítulo	SPI (2022): 2/99 ed.

- (Coords.), Intervención psicosocioeducativa en las distintas etapas del ciclo vital (pp. 63-84). Thomson Reuters Aranzadi. España; 9/76 estranxeiras.
- 3 Riobóo-Lois et al. (2023). Asistencia personal en el Sistema español de cuidados. Ehquidad. Revista Internacional de Políticas de Bienestar y Trabajo Social, (20), 61-98. <https://doi.org/10.15257/ehquidad.2023.0013> Artigo Selo calidade FECYT. ERIHPlus
 - 4 Riobóo-Lois et al. (2023). Aspectos éticos de la asistencia personal, una visión desde el Trabajo Social. Siglo Cero: Revista Española sobre Discapacidad Intelectual, 54(1), 65-88. <http://dx.doi.org/10.14201/scero202354128259> Artigo SJR (Q3)
 - 5 Riobóo-Lois et al. (2023). Aspectos formativos de la asistencia personal, una visión desde el Trabajo Social. Multidisciplinary Journal of Educational Research, 13(1), 29-63. <http://dx.doi.org/10.17583/remie.9486> Artigo JCR (Q3) e SJR (Q1)
 - 6 Riobóo-Lois et al. (2022). Promoción de la autonomía personal infantil en España, 15 años después de la aprobación de la Ley 39/2006, de 14 de diciembre, de promoción de la autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia. En S. Calaza e E. Pillado (Dirs.), Retos de la justicia civil indisponible: infancia, adolescencia y vulnerabilidad (pp. 777-810). Thomson Reuters Aranzadi. Capítulo SPI (2022): 2/99 ed. España; 9/76 estranxeiras.
 - 7 Riobóo-Lois e Fernández-Martínez (2024). Discapacidad y educación inclusiva: el potencial de la asistencia personal infantil. En N. Berasategi et al. (Coords.), Prácticas inclusivas, experiencias y políticas desde la infancia (pp. 195-206). Octaedro. <http://hdl.handle.net/11093/7451> Capítulo SPI (2022): 19/99 ed. España; 1/29 Educación

Esta investigación seguiu unha perspectiva mixta que combinou metodoloxías cualitativas e cuantitativas que se levaron a cabo en 4 fases diferenciadas nas que se levaron a cabo tarefas de forma simultánea ó longo do tempo. Na primeira fase realizáronse dúas revisións documentais: unha revisión sistemática da literatura científica

sobre asistencia persoal e vida independente que seguiu o protocolo PRISMA e identificou 23 artigos relevantes de entre os 976 que foron filtrados; e unha revisión normativa sobre o contexto español que examinou a influencia da normativa internacional sobre a lexislación española en materia de discapacidade e vida independente. Na segunda fase, desenvolvéronse tres estudos empíricos mixtos empregando cuestionarios abertos e pechados que se deseñaron ad hoc e que foron aplicados a traballadoras da asistencia persoal en activo e a antigas traballadoras da asistencia persoal que foron contactadas inicialmente a través de entidades do ámbito da discapacidade e, finalmente, mediante un filtrado de perfís profesionais na rede social LinkedIn. Estes tres estudos centráronse respectivamente no rol da asistencia persoal no sistema de coidados, nos aspectos éticos da súa práctica profesional e nas necesidades formativas que afirmaron ter. Na terceira fase, fixéronse dous estudos complementarios baseados en análises documentais e normativos sobre a asistencia persoal e a promoción da autonomía persoal infantil en España, incorporando datos estatísticos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD). Así mesmo, incluíuse a perspectiva da educación inclusiva e o potencial que a asistencia persoal pode ter neste eido. A cuarta e última fase, constituíu a extracción de conclusións, dende a perspectiva do Traballo Social, a partir dos resultados obtidos cos diferentes estudos realizados.

RESULTADOS

Cómpre indicar que, ademais dos propios resultados obtidos mediante os estudos realizados, os resultados da presente tese de doutoramento nutríronse: da ampla revisión bibliográfica feita; das reflexións e debates mantidos nas estadias de investigación realizadas no Instituto Politécnico de Leiria de Portugal (2022 e 2024) e na Norwegian University of Science and Technology de Noruega e na University of Essex do Reino Unido (ambas en 2023); e das reflexións e debates mantidos en múltiples congresos científicos internacionais en diferentes cidades de Europa.

Así mesmo, ó tratarse dunha tese por compendio de publicacións, os resultados presentaríanse respectando o formato de conxunto que se lle deu ós diferentes artigos científicos e capítulos de libro que a compoñen. Para isto, os resultados estruturáronse arredor de tres bloques diferenciados: 1) o bloque de resultados relativos ó contido sobre a asistencia persoal; 2) un bloque empírico de resultados sobre a asistencia persoal; e 3) un novo bloque empírico de resultados sobre a asistencia persoal na infancia.

O primeiro bloque de resultados, componse da revisión sistemática publicada na *Disability and Health Journal* e polo capítulo de libro que abordou unha revisión normativa e da situación da asistencia persoal en España. Os principais resultados amosaron que o fomento da vida independente dentro do SAAD é insignificante, sendo precisamente a figura da asistencia persoal a grande esquecida dentro dos recursos

recoñecidos pola Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia. Como mostra, ata 7 comunidades autónomas non tiñan resolto ningunha prestación económica de asistencia persoal no momento de publicar este traballo, unha situación que contrasta coa elevada prevalencia dos coidados familiares, algo que no ano 2011 se situaba no 47,82% de todas as resolucións feitas no conxunto do Estado. Así pois, permanece o enfoque médico-rehabilitador cunha notable redirección da atención e dos coidados ó mercado e ás familias, palidecendo a vontade política de mudar a situación e xerando importantes desigualdades territoriais. Fronte a esta situación a nivel español, a revisión sistemática contou con literatura científica a nivel internacional cunha relevante presenza de estudos cualitativos, do ámbito das Ciencias Sociais e maioritariamente sobre contextos europeos, amosando o crecente interese no vello continente sobre a asistencia persoal. Neste caso, os seus principais resultados dividíronse en dúas categorías. En primeiro lugar, unha serie de suxestións políticas: a integración da vida independente e do co-deseño de políticas de xeito transversal; a necesidade de asegurar o acceso e a financiación axeitada da asistencia persoal; habilitar ou posibilitar a súa presenza e exercicio dentro dos centros educativos cando sexa preciso a falta doutro tipo de figuras de apoio persoal ó estudantado diferentes ás que xa teñen para o seu desempeño educativo habitual; incorporar o deseño universal nas campañas informativas das políticas públicas; ou mellorar as condicións de traballo de quen exerce a asistencia persoal. En segundo lugar, unha serie de suxestións coas que se pretende favorecer futuras investigacións sobre a temática como: afondar no impacto real que ten a asistencia persoal sobre a vida independente das persoas con discapacidade mediante ensaios controlados aleatorios; iniciar a co-construción dun código ético da asistencia persoal; deseñar e testar formacións máis completas para exercer a asistencia persoal; ou explorar a posibilidade de novos usos da asistencia persoal, como no caso de procesos temporais que impliquen longos períodos de convalecencia e rehabilitación con situacións de inmovilismo, por exemplo. Cómpre sulñar que este traballo constituíu a primeira revisión sistemática internacional realizada ata o momento sobre a vida independente, a asistencia persoal e as persoas con discapacidade, polo que o feito de tela elaborado dende a perspectiva do Traballo Social constitúe por si mesmo un logro que contribúe a reafirmar o noso compromiso como disciplina coas persoas con discapacidade e as súas necesidades de apoio.

No segundo bloque de resultados incorporáronse tres artigos científicos, os números 3, 4 e 5 da Táboa 1 que se presentou con anterioridade. Os principais resultados amosan que a asistencia persoal é un traballo feminizado (entre un 74,2% e un 75,5% de mulleres) exercido maioritariamente por mulleres novas (entre un 67,7% e un 77,8% entre os 23 e os 34 anos) e que contan cunha ampla formación académica que sobrepasa, con moito, os mínimos esixidos para exercer como asistente persoal. Isto faise patente ó comprobar que entre un 55,1% e un 64,5% das participantes nestas tres investigacións contan con estudos universitarios. Os resultados derivados do estudo enfocado a analizar

a implementación da asistencia persoal dentro do que podemos chamar sistema de cuidados español amosan que existen amplas restricións de acceso á asistencia persoal (limitación en idades ou tipos de discapacidade) fronte ó acceso universal que proclaman os acordos internacionais, ratificados por España, como a Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Así mesmo, constatouse que a cobertura do servizo e os recursos destinados son escasos para as necesidades reais de quen debe optar pola asistencia persoal para desenvolver a súa vida en igualdade de condicións, un feito que afecta á súa calidade de vida tamén. Ademais, ata un 93% de todas as prestacións recoñecidas de asistencia persoal atópanse tan só en dúas comunidades autónomas: País Vasco e Castela e León, nesa orde. Os outros dous estudos analizaron respectivamente os aspectos éticos e os aspectos formativos vencellados coa asistencia persoal e o seu exercicio. Así a nivel ético xorden importante eivas sobre as que cumpriría actuar ó detectar: a presenza dun importante paternalismo profesional que pon en risco o respecto ós desexos, ás preferencias e a toma de decisións da propia persoa; unha grande incidencia das familias das persoas usuarias da asistencia persoal que interfíren no día e día e tampouco respectan a autonomía e autodeterminación da persoa; unha importante presenza de conflitos relativos á intimidade e á confidencialidade e á consecuente carga emocional existente nunha relación laboral moi particular; a controversia respecto á sexualidade das persoas con discapacidade e o rol que pode ou debe ter a asistencia persoal ou a incorporación da figura da asistencia sexual; e a aparición dunha alerta relevante como é o feito de que entre as traballadoras da asistencia persoal aparecen xuízos de valor sobre as persoas ás que atenden. Por outra banda, a nivel formativo constatouse a existencia de obstáculos no día a día para desenvolver as funcións asignadas, así como o sentimento de padecer unha elevada esixencia profesional pola súa parte, o que deriva na súa reflexión respecto á formación coa que conta ou que se esixe para exercer como asistente persoal. Neste sentido, os contidos desas formacións son insuficientes ou incompletos en aspectos como a xestión e autoxestión emocional, na xestión e resolución de conflitos, en primeiros auxilios, mobilizacións ou transferencias de posición, así como tamén no que ten que ver coa filosofía de vida independente. Todo isto leva a demandar unha formación máis específica e máis especializada, incorporando tamén as competencias dixitais e a adaptación a diferentes perfís de persoas usuarias, algo que se relaciona tamén coa posibilidade de recoñecer unha asistencia persoal para o apoio físico e unha asistencia persoal para a facilitación da toma de decisións. En resumo, a formación recibida esixida e recibida a día de hoxe polas traballadoras da asistencia persoal, baixo o seu propio criterio é totalmente insuficiente.

Finalmente, o terceiro e último bloque de resultados pon a mirada na infancia a través de dous capítulos de libro. Os principais resultados amosan que a promoción da autonomía persoal infantil no Estado non foi nin é unha prioridade e que perdura o familismo e a reprodución dos roles de xénero fronte ó recoñecemento dun novo dereito de cidadanía. Máis alá da existencia dun crecemento continuado en termos absolutos da

asistencia persoal, este é insignificante en relación co resto dos recursos contemplados no SAAD. A regulación existente interprétase de xeito diverxente segundo o territorio en cuestión, mentres que algunhas comunidades autónomas avanza no desenvolvemento normativo propio da asistencia persoal, como foi o caso da Comunidade Valenciana no ano 2018. Se no bloque anterior un 93% das asistencia persoais recoñecidas ó abeiro do SAAD estaban en País Vasco (con grande vantaxe) e Castela e León, o 67,2% da asistencia persoal para menores recoñécense en Castela e León, fronte a un 12% no País Vasco. Os resultados obtidos amosan que hai unha ausencia total de estratexia na promoción da vida independente da infancia e adolescencia a nivel xeral. Ante esta situación o último estudo centrouse en analizar o potencial que a asistencia persoal pode ter no ámbito educativo coa intención de contribuír a unha educación máis inclusiva. Os resultados amosaron que hai unha moi escasa implantación da asistencia persoal infantil no Estado. Só un 41,2% das comunidades autónomas teñen usuarios de asistencia persoal en idade escolar e unicamente un 1,57% do total de prestacións de asistencia persoal recoñecidas no SAAD correspóndense con usuarios en idade de escolarización obrigatoria. Así mesmo, existen amplas diverxencias territoriais que redunda nunha grande desigualdade, con comunidades autónomas que restrinxen a asistencia persoal a partir dos 16 anos e outras nas que se regula o seu acceso dende os tres anos á vez que permiten o seu acceso ós centros educativos na medida que a persoa a precise. A falta de figuras específicas para a prestación de apoios nos centros educativos, como no caso de Noruega, a asistencia persoal constitúe un axuste razoable para favorecer unha educación máis inclusiva. Por último, o perfil de usuario de asistencia persoal en idade de escolarización obrigatoria correspóndese co dun neno duns 13 anos cun grao III de dependencia recoñecida e que vive en Castela e León.

PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

Esta tese de doutoramento contribuíu ós 4 grandes debates identificados arredor da asistencia persoal como instrumento paradoxal para a vida independente das persoas con discapacidade: 1) a implantación e o desenvolvemento da asistencia persoal nos sistemas públicos de protección social; 2) os contexto laboral da asistencia persoal, como os seus aspectos éticos e formativos; 3) a asistencia persoal para a infancia e adolescencia; e 4) o impacto de xénero nas traballadoras da asistencia persoal.

En primeiro lugar, conclúese que existe unha falta de compromiso político, unha financiación insuficiente e unha presenza prevalente do enfoque médico-rehabilitador nas políticas públicas. Polo tanto, é urxente o seu redeseño para garantir a accesibilidade, a equidade e os apoios personalizados. En segundo lugar, as precarias condicións laborais ás que están sometidas as traballadoras da asistencia persoal repercuten na calidade do servizo, algo acentuado coa falta de recoñecemento específico dentro do Sistema Xeral da Seguridade Social, que as asimila a traballadoras do fogar. Igualmente, a formación é

insuficiente e inadecuada, especialmente en materia de ética e resolución de dilemas ou situacións que se dan acotío, así como en filosofía de vida independente. Todo isto incide na necesidade de contar con marcos éticos específicos e códigos de boas prácticas. En terceiro lugar, conclúese que hai unha alta prevalencia de mulleres novas con estudos superiores que están traballando cunha formación moito maior da esixida para o exercicio da asistencia persoal. Deste xeito, estase contribuíndo á reprodución dos roles de xénero e da pobreza feminina ó contar con salarios e cotizacións baixas para a formación académica coa que contan. Por este motivo, é esencial incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas relacionadas coa asistencia persoal e a atención ás persoas con discapacidade. En cuarto lugar, a infancia e adolescencia con discapacidade carece de verdadeira autonomía, xa que as decisións están controladas polas súas familias ó ser a asistencia persoal totalmente anecdótica ou estar limitado o seu acceso na maioría das comunidades autónomas. Fronte a esta situación emerxen boas prácticas en Castela e León e a Comunidade Valenciana.

Para rematar, cómpre salientar que esta tese de doutoramento ten diferentes implicacións para a nosa profesión e disciplina. Evidencia a necesidade dun maior desenvolvemento e cunha maior profundidade de investigacións vencelladas coa nosa intervención para coas persoas con discapacidade. Ó mesmo tempo, temos que ser conscientes do rol mediador que ocupamos entre estas persoas e as diferentes administracións públicas, o que esixe de nós unha contribución na presión política e familiar para a transformación das políticas públicas e a prestación de coidados e apoios cara unhas máis amigables, sostibles e profesionalizadas. Por outra banda, bótase en falta un maior liderado dende o Traballo Social de proxectos piloto interdisciplinarios, especialmente dende o Terceiro Sector Social, mais tamén dende as propias administracións públicas para explorar novos camiños para a asistencia persoal e outras políticas para a vida independente. Para facer todo isto posible, debemos formarnos de xeito permanente, actualizando os nosos coñecementos e as nosas prácticas de intervención para facelas cada vez máis respectuosas e inclusivas. Finalmente, debemos reafirmar e renovar periodicamente o noso compromiso ético-político como disciplina e como profesión, tanto co noso código deontolóxico, como cos principios e valores que son a nosa esencia e que están intrinsecamente relacionados cos dereitos humanos de todas as persoas.



ESPАЗO ABERTO



En Lugo nunca pasa nada?

Aquí nunca pasa nada

Compañía de Teatro Sin Papeles

Jennifer Santín Vivero –

Traballadora Social

Que consideración social, xudicial e mediática se lles deu aos delitos e ás violencias acontecidas no caso Carioca e cal foi a reparación? Que papel xogou o sistema xudicial e a Fiscalía como figura que debe salvagardar os dereitos das vítimas? Onde están as institucións e organismos públicos que deben acompañar e protexer ás vítimas?

As mulleres en contextos de prostitución son as outras das outras, pola clandestinidade, o estigma, as perspectivas moralizantes de tinte misóxino nas que está presente a noción da respectabilidade sexual e por fenómenos discriminatorios coma o racismo e o clasismo, que interseccionan coa desigualdade de xénero. Prostitución e trata con fins de explotación sexual, se ben son conceptos distintos, son realidades indisolubles xa que o Caso Carioca non tería lugar sen a necesidade de cubrir a demanda que se xera no sistema prostitucional. O último elo da cadea da trata é a posta en venda e explotación sexual dos corpos das mulleres (na súa desbordante maioría) para o uso e goce dos homes que buscan consumilos: os putañeiros.

É de todas sabido que a labor do Ministerio Fiscal debe ser a de promover a xustiza e salvagardar dereitos; porén, no Caso Carioca as conclusións da Fiscalía de Lugo parten de nocións extremadamente machistas, posibilitando que moitas das pezas e dos delitos

que nelas se contemplaban quedasen sen xulgar a través da petición de sobreseemento ou arquito, total ou parcial, das diferentes pezas nas que se dividiu a macrocausa (tamén a instancia da Fiscalía) ou que as condenas consistiran en indemnizacións económicas irrisorias.

Sáin da obra teatral “Aquí nunca pasa nada” sumamente emocionada, xa que a súa posta en escena axuda a diseccionar ese armazón de sistemas que viraron e viran ao redor do caso co fin de intentificar que procesos, actuacións e sistemas foron revitimizadores e/ou contribuidores da invisibilización ou normalización das violencias sucedidas; e, en contraste, tamén visibiliza a valentía e fortaleza das mulleres sobreviventes e da xuíza instrutora, Pilar de Lara, ao enfrontarse a graves ameazas e presións.

Foi unha das mulleres sobreviventes a que, coa súa denuncia contra un dos gardas civís, propiciou que hai dezaseis anos comezase a investigación por parte do Xulgado N°1 de Lugo. Outras centos prestaron declaración durante o proceso xudicial, moitas delas relatando verdadeiras historias de terror, o seu gran acto de valentía dotou dun maior significado aos relatos das demais testemuñas.

Parabén e grazas á Compañía Teatro sin papeles pola posta en valor das historias das mulleres que denunciaron e prestaron o seu testemuño, correndo o risco de que non se lles dese credibilidade ás súas declaracións e asumindo a carga emocional que isto conleva. Tamén estiveron presentes aquelas que non puideron chegar a facelo.

No escenario axuntáronse as denuncias de plataformas cidadás como a de Impunidade Carioca, resignificando o caso como o que foi: un armazón de trata con fins de explotación sexual que non podería ter lugar sen a convivencia de diferentes axentes que ostentaban o poder.

Desexo que a todas esas mulleres ás que lles fallou a xustiza lles chegue toda a calor e abrigo dos centos de persoas que, tras presenciar a obra, nos puxemos en pé para aplaudir. Queremos dicirlles que non as esquecemos, que seguiremos facendo preguntas e dando



espazo ao seu testemuño co propósito de que nunca máis volvan producirse escenarios de violencia e impunidade. Non descansaremos ata ver o fin da xustiza patriarcal.

Precisamos que os compromisos lexislativos e tratados internacionais que teñen que ver cos dereitos humanos e coa loita contra a Trata con fins de explotación sexual non queden en papel mollado. Precisamos leis abolicionistas e vontade política. Como di a activista feminista arxentina Sonia Sánchez: ningunha muller nace para puta.



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia